

BOLSAS DAS CÁMARAS DE COMERCIO

Neste boletín encontrarás bolsas que se convocan ao longo do ano.

Actualizado: 14 de maio de 2012



Bolsa da Cámara de Santiago para prácticas de Comercio Exterior en Italia

A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela convoca unha bolsa para a realización de prácticas de promoción de turismo internacional en Italia (Milán).

Requisitos:

Nacionalidade española

Idade non superior aos 30 anos no momento de presentación da solicitude.

Licenciado ou diplomado en turismo ou calquera Titulación universitaria superior: neste último caso os títulos deberán estar homologados a un Título Universitario Superior polo Ministerio de Educación ou deben permitir acceso a Terceiro Ciclo (Doutorado).

Non padecer enfermidade ou impedimento físico que imposibilite o cumprimento das obrigas como bolseiro.

Non ter gozado de bolsa ou bolsas de similares características cun período superior a 3 meses en total.

A duración da bolsas e a súa situación será:

Milán - Oficina española de turismo - 11 MESES: XANEIRO - NOVIEMBRE 2.011

Prazo de presentación de solicitudes: 19 de Novembro de 2.010.

Información

Camara De Comercio De Santiago De Compostela

S. Pedro de Mezonzo 44 baixo

15701 Santiago. A Coruña

Telf: 981596800 Fax: 981590322

<http://www.camaracompostela.com>



Bolsas de Comercio Exterior da Cámara de Lugo

A Cámara de Comercio de Lugo convoca 3 bolsas de comercio exterior dentro do Plan Foexga con destinos a : Colombia, India e Ghana

Prazo: 31 de outubro

Os candidatos deben reunir as seguintes condicións:

-Idade non superior ós 30 anos

-Ter nacionalidade española ou dalgún país membro da UE

-Titulación universitaria superior, dándose preferencia na adxudicación das becas ós licenciados en Economía, Administración de Empresas e Dereito. O título, no caso de haberse obtido en Universidades non españolas, deberá estar homologado polo Ministerio de Educación e Cultura.

- Dominio do INGLÉS falado e escrito.
- Coñecementos de comercio exterior. Poderanse acreditar presentando os diplomas de ter realizado cursos de comercio exterior de Cámaras de Comercio, ICEX ou outros organismos cunha duración mínima de 50 horas. Tamén serán válidos os cursos de formación ocupacional ou a formación de postgrado en comercio exterior. No caso de ter estudado comercio exterior durante a carreira será imprescindible presentar plan de estudos. En todo caso, farase unha proba específica de COMERCIO EXTERIOR para avaliar os devanditos coñecementos.
- Coñecementos da estrutura económica galega
- Coñecementos de informática a nivel usuario
- Non padecer enfermidade ou impedimento físico que imposibilite o cumprimento das obrigas como bolseiro
- Non ter sido anteriormente beneficiario dunha bolsa de comercio exterior no estranxeiro, outorgada por calquera organismo público, por un período superior a seis meses.

A duración das bolsas é de once meses.

A retribución mensual será a seguinte:

Colombia: 2.266,66 €

India: 2.316,66 €

Ghana: 2.833,33 €

Ademais da dotación básica o interesado percibirá os billetes de avión en crase turista (ou equivalente) necesarios para realiza-las viaxes de ida ó país de destino e de volta a España. Correrá a cargo da Cámara a contratación de seguros de accidentes e de enfermidade a favor de cada Bolseiro, polo período antes indicado.

Información

Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Lugo.

C/ Ramón Ferreiro, 18 Teléfono 982284300 / Fax 982244301

camara@camaralugo.com

<http://www.camaralugo.com>

BOLSAS DE CONCELLOS



Bolsas para realización prácticas nas Oficinas de Información Turística

O Concello de Vigo convoca 4 bolsas para a realización de prácticas en Oficinas de Información Turística e Servizos Turísticos, durante o período comprendido entre o 16 de novembro de 2010 ata o 15 de xullo de 2011.

A condición de bolseiro/a non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo ou calquera outra administración pública, polo que a concesión da bolsa non dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data. Só poderán concorrer a esta convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1978.

Prazo: 20 de novembro de 2010.

Máis información: BOP de Pontevedra núm. 219, luns 15 de novembro de 2010.



Concello de Lugo

Bolsas formativas para Monitores Deportivos

O Concello de Lugo fai unha convocatoria pública de catro bolsas formativas para Monitores Deportivos, especialistas en Educación Física dentro do Programa Educativo contra a obesidade infantil (PECOIDEL) para o ano 2010 – 2011.

As bolsas terán unha duración de dez meses (10) meses, que se contarán a partir da incorporación dos bolseiros/as.

Requisitos: Estar en posesión da seguinte titulación:

Licenciado/a en Educación Física. Diplomado/a en Maxisterio, especialidade educación física. Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas. Adestrador Federado.

Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento (nivel 2) mediante título oficial.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 14 de decembro de 2010.

Máis información no BOP de Lugo do 4 de decembro de 2010 e na Omix de Lugo, teléfono 982 297 496

Bolsas nas Oficinas de Información e Servizos Turísticos do Concello de Vigo

O convoca bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais.

O contido dos traballos a desenvolver como prácticas será o que segue:

1. Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.
2. Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outras información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.
3. Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, oficina móbil, etc.
4. Elaboración de estatísticas das oficinas de información e servizos turísticos, para recoller o perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxamento elixido, etc.
5. Actualización do inventario de recursos turísticos.
6. Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.

Concederáanse 4 bolsas para o periodo comprendido entre o 16 de novembro de 2011 e o 15 de novembro de 2012

Así mesmo, concederanse 6 bolsas para o periodo comprendido entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2012, coincidindo coa temporada alta turística

Requisitos: Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data.

Requisitos: ter nacido con posterioridade ó 31 de decembro de 1978.

O prazo para presentar as solicitudes: 31 de outubro de 2011

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 204, do luns 24 de outubro de 2011. www.depontevedra.es



Bolsas de información turística.

O Concello de Pontevedra convoca dúas bolsas de estudos ou becas para a realización de actividades de información, animación e promoción turística do Concello de Pontevedra.

Requisitos: estar en posesión da titulación de Técnicos/as Superiores en Información e Comercialización Turística e Diplomados en Turismo ou Diplomados/as en Turismo ou equivalente no momento da convocatoria de selección. A titulación debera ser, cando menos obtida no ano 2002 ou posterioridade a esta data.

O importe total da beca é de 5.400 €, que serán satisfeitas en seis mensualidades de 900 € cada unha.

O período de duración das actividades a realizar será de seis meses contados a partir do 15 de abril de 2011. A xornada será de 120 horas mensuais, distribuíndose estas en función das actividades nas que o Concello organice ou

participe.

As actividades que desenvolverán os becarios consistirá en tarefas de información, animación e promoción turística e se levarán a cabo tanto no propio municipio como en outros, en función do lugar en onde se celebren, e nas que o Concello decida participar.

Prazo: 26 de marzo de 2011.

Mais información: BOP de Pontevedra do luns 21 de marzo de 2011.

www.depontevedra.es



Concello de Teo

Bolsa para prácticas na Mediateca do Grilo no Concello de Teo

O Concello de Teo convoca unha bolsa para realizar prácticas na biblioteca municipal da Mediateca do Grilo dirixida a titulados universitarios. Concretamente poderán solicitala persoas licenciadas en Biblioteconomía e Documentación e en Historia que remataran os estudos despois do primeiro de xaneiro de 2007.

As tarefas que terá que realizar o/a bolseiro/a serán as que corresponden a un/unha técnico/a relacionado coa biblioteconomía, a animación á lectura e á dinamización dunha biblioteca.

A dedicación ás prácticas será de 30 horas semanais, que poderán ser distribuídas en xornada partida, sábados incluídos e a duración da bolsa será dun máximo de doce meses.

A bolsa ten unha duración de doce meses.

O prazo estará aberto ata o 29 de febreiro de 2012.

Máis información en www.concellodeteo.com



Bolsas de información turística no Grove

O Concello do Grove convoca dúas bolsas de colaboración para a Oficina de Información Turística destinadas a diplomados/as en Turismo, graduados/as en Turismo ou técnicos/as superiores en Información e Comercialización Turísticas. A duración da bolsa será de 9 meses durante o ano 2012.

O importe de cada bolsa será de 900 € mensuais.

O prazo para presentar solicitudes rematará o 24 de marzo ás 12.30 h.

Máis información na OMIX do Grove, teléfono 986 730 975 e en

www.concellodogrove.es



Concello de Marín

Bolsas de Información turística no Concello de Marín

O Concello de Marín fai unha convocatoria de 2 bolsas para as oficinas de información turística.

Requisitos: estar en posesión do título de diplomado/a en Turismo, graduado en Turismo ou técnico/a superior en Información e Comercialización Turística.

A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2003 ou con posterioridade a esta data.

O importe total das dúas Bolsas de estudos é de 6.600 €, que serán satisfeitas en mensualidades vencidas, a razón de 7,5 €/hora.

O período de duración das actividades a realizar será de 110 días (880 horas) distribuídos do seguinte xeito:

Do 31 de marzo ao 8 de abril de 2012(ambos inclusive) cun total de 72 horas.

Do 27 de maio a 2 de xuño de 2012 (ambos inclusive), cun total de 56 horas.

Do 15 de xuño ao 30 de xuño de 2012 (ambos inclusive) cun total de 128 horas.

Do 1 ao 31 de xullo de 2012 (ambos inclusive) cun total de 248 horas.

Do 1 ao 31 agosto de 2012 (ambos inclusive) cun total de 248 horas.

Do 1 ao 16 de setembro de 2012 (ambos inclusive) cun total de 128 horas

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 29 de marzo de 2012.

Máis información no BOP de Pontevedra do 28 de marzo de 2012 e na OMIX de Marín, teléfono 986 880 300



Bolsas Leonardo da Vinci do Concello de Ourense

O Concello de Ourense convoca 20 bolsas individuais de estadias durante 12 semanas e prácticas laborais

en empresas europeas no marco do Programa Europeo "Leonardo da Vinci" en Lisboa (Portugal), Florencia (Italia), Belfast (Reino Unido) e Derry (Irlanda).

Requisitos:

Mozos empadroados no Concello de Ourense con idades comprendidas entre 18 e 30 anos, que finalizasen o ciclo superior de formación profesional. No caso de non se cubrir todas as prazas entre os beneficiarios do parágrafo anterior, poderán optar a estas os/as licenciados/as, diplomados/as e graduados/as.

Obter a titulación nos cinco anos inmediatamente anteriores á data do ano desta convocatoria.

Ter coñecemento da lingua do país escollido para poder desenvolverse na práctica laboral.

A contía das bolsas dependerá do país de destino, sen que se garanta a cobertura do 100% dos gastos ocasionados pola estanza. Con carácter estimativo, a contía das bolsas

ascenderá por individuo e destino os seguintes importes:

Florencia (Italia): 2.874,30 €

Lisboa (Portugal): 2.894,30 €

Belfast (Reino Unido): 3.349,30 €

Derry (Irlanda): 3.134,30

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o 30 de abril de 2012.

O formulario de inscrición, pódese descargar nas páxinas web do concello www.ourense.es/educación ou en www.educacionourense.com

Máis información no BOP de Ourense do 9 de abril de 2012



Bolsas Oficinas de Información Turística. Concello de O Rosal

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de 2 bolsas de colaboración, para a realización de prácticas nas oficinas de turismo do concello do Rosal, entre o 1 de xullo e o 31 de agosto de 2012.

Requiistos:

Estar en posesión do título de Diplomado en Turismo ou equivalente, ou Técnico Superior de Información e comercialización Turística, no momento da convocatoria do proceso de selección.

A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2003 ou con posterioridade a esta data.

Prazo: 12 de maio de 2012.

Máis información: BOP de Pontevedra do 27 de abril de 2012 e na OMIX do Rosal, teléfono 986 625 000.

www.depontevedra.es



BOLSAS DE DEPUTACIONES



Bolsas formativa en materia de Xestión Cultural e en materia de Teatro Cultural.

A Deputación de Lugo convoca dúas bolsas formativas para colaborar no Programa Formativo de Xestión Cultural e Teatro Cultural:

1. Unha bolsa formativa en materia de Xestión Cultural, ao fin de apoiar o deseño, posta en marcha e mailo seguimento do programa de actividades culturais para o ano 2010-2011
2. Unha bolsa de formación en materia de Teatro Cultural, ao fin de apoiar o deseño, a xestión e o mantemento dos fondos de teatro da Deputación Provincial, a xestión dos cursos de arte dramática (coordinación co profesorado, apertura e peche de sala, seguimento das necesidades técnicas, seguimento da matrícula e alumnado, etc...), o seguimento cos medios de comunicación social, a xestión e seguimento dos traballos de impresión (dípticos, cartelaría relativa á actividade teatral que se despegue ao longo do ano), e en xeral a axuda na xestión do Proxecto Buxiganga e/ou calquera outra xestión, desta natureza, dentro do programa de actividades culturais para o ano 2010–2011.

Requisitos:

Ser licenciado/a en Humanidades.

Ser diplomado/a en Maxisterio, en calquera das súas especialidades.

Valorarase a experiencia laboral e mailos coñecementos en Xestión Cultural.

Coñecementos en lingua galega.

As bolsas terán unha duración de doce meses (12) meses, que se contarán a partir da incorporación dos bolseiros/as.

Prazo: 25 de novembro de 2010.

Máis información no BOP de Lugo do 10 de novembro de 2010 e na Deputación de Lugo, teléfono 982 260 262



Prácticas becasadas en Arquivo e Biblioteca provincial da Deputación de Coruña

A Deputación da Coruña fai unha convocatoria para formar unha lista de suplentes, licenciados no curso 2009/2010 ata 2006/2007 en Biblioteconomía e

Documentación, coa finalidade de fomentar a realización de prácticas que completen a formación dos licenciados en Documentación pola Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña (Campus de Ferrol) coa súa participación nos labores que se levan a cabo no Arquivo, Biblioteca Provincial e Servizo de Patrimonio e Contratación.

Requisitos dos solicitantes:

Ter obtido a Licenciatura en Biblioteconomía e Documentación pola Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña (Campus de Ferrol) nos cursos 2009/2010, 2008/2009, 2007/2008, 2006/2007.

Dotación: 1.000 €/mes

O prazo de presentación das solicitudes será ata o día 15 de xaneiro de 2011.

Máis información no BOP da Coruña do 19 de novembro de 2010.



Bolsas de Licenciado en Historia

A Deputación Provincial de Pontevedra convoca dúas Bolsas de Licenciados Universitarios en Historia, que teñen por obxecto a realización de tarefas de colaboración de inventariado e catalogación dos distintos arquivos da provincia.

Requisitos:

1. Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da Unión Europea.
2. Título de Licenciado/a en Historia ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
3. Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 1.200 €/mes por beneficiario.

O goce da bolsa será incompatible con calquera outra remuneración ou axuda por parte das Administracións Públicas ou entidades privadas a partir da súa concesión.

Prazo: 7 de marzo de 2011

Máis información: BOP de Pontevedra do 1 de marzo de 2011.

www.depontevedra.es



Dúas bolsas para Estación Fitopatolóxica do Areeiro

A Deputación Provincial de Pontevedra convoca dúas bolsas, por concurso de méritos, para a realización de tarefas na Área Fitopatolóxica da Estación Fitopatolóxica, destinada unha delas a Técnico/a Superior en Saúde ambiental ou Técnico Superior en Laboratorio en diagnóstico clínico, e a outra a Licenciado/a Universitario/a en ciencias Biolóxicas, Enxeñeiro de Montes ou Enxeñeiro agrónomo.

Estas tarefas consistirán na realización de mostraxes en campo, preparación de mostras para a súa análise no laboratorio, así coma detección e diagnóstico do xénero armillaria no chan e nas plantas, para os técnicos, e tarefas de investigación na Área de Fitopatoloxía.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 1.000 €/mes para o/a Técnico/a, e 1.200,00 €/mes para o/a Licenciado/a Univesitario/a cada unha.

Prazo: 17 de marzo de 2011.

Máis información: BOP de Pontevedra do luns 7 de marzo de 2011.

www.depontevedra.es



Unha bolsa para Licenciado en Bioloxía, enxeñeiro agrónomo ou forestal

A Deputación Provincial de Pontevedra convoca unha praza de biólogo ou enxeñeiro agrónomo ou forestal para a Estación Fitopatolóxica do Areeiro.

Requisitos: Licenciado/a en bioloxía, enxeñeiro agrónomo ou enxeñeiro de montes. Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Estas tarefas consistirán na realización de mostraxes en campo, realización de mostras de campo, preparación de mostras para a súa análises no laboratorio, ensaios de control, así como la detección e diagnóstico de axentes fitopatóxenos.

Prazo: 17 de marzo de 2011

Máis información: BOP de Pontevedra do luns 7 de marzo de 2011.

www.depontevedra.es



Bolsa para un/ha Enxeñeiro/a Técnico Agrícola/Forestal

A Deputación Provincial de Pontevedra convoca unha bolsa destinada a Enxeñeiro Técnico Agrícola/Forestal con destino a Estación Fitopatolóxica do Areeiro.

Estas tarefas consistirán na realización de mostraxes en campo, seguimento fenolóxico, detección de patóxenos, seguimento da colleita e adaptación de técnicas de extracción de diferentes xéneros de nematodos, coñecemento de morfoloxía xeral dos nematodos e identificación dos principais xéneros.

Requisitos:

Estar en posesión do título de Enxeñeiro técnico agrícola ou forestal,

Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Dotación económica de 1.200 €/mes.

Prazo: 14 de marzo de 2011.

Máis información: BOP de Pontevedra do venres 4 de marzo de 2011.
www.depontevedra.es



Bolsas do Servizo de Medio Ambiente Natural da Deputación de Pontevedra

A Deputación Provincial de Pontevedra convoca dúas bolsas para o Servizo de Medio Ambiente Natural.

De conformidade coa proposta do Servizo de Medio Natural, na que solicita a convocatoria de dúas Bolsas dirixidas a Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, para a realización de tarefas de investigación e colaboración, co fin de mellorar e prestar asistencia técnica reforzar o asesoramento en materia de viticultura e horta, das plantacións de viñedos e cultivos da provincia de Pontevedra.

Requisitos:

1. Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da Unión Europea.
2. Estar en posesión da titulación exixida, ou estar condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
3. Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.
4. Non haber sido beneficiario/a de bolsa na Deputación Provincial de Pontevedra.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 1.200,00 €.

O goce das bolsas será incompatible con calesquera outra remuneración ou axuda por parte das Administracións Públicas ou entidades privadas a partires da súa concesión.

Prazo: 1 de abril de 2011

Máis información: BOP do 22 de marzo de 2011. www.depontevedra.es



Bolsas da Deputación de Pontevedra na área de Comercio.

A Deputación de Pontevedra convoca 22 bolsas con destino á Área de Comercio. Os bolseiros levarán a cabo unha labor de asistencia ás asociacións de comerciantes da provincia co fin de mellorar e promocionar o asociacionismo e a representatividade das mesmas.

Estas bolsas queren contribuir á formación teórica e práctica de profesionais no campo da actividade comercial e o seu ámbito, a través do desenvolvemento de tarefas de xestión e representación dende o seo das asociacións de comerciantes. A Deputación de Pontevedra elaborará un programa formativo de carácter teórico – práctico que integrará principalmente aspectos relativos á actividade comercial, ó asociacionismo e ás estruturas comerciais.

Requisitos:

Estar en posesión dalgunhas das seguintes titulacións: Licenciatura en Dereito, Económicas, Administración de Empresas, Publicidade e Relacións Públicas e Ciencias Políticas.

Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 600 €.

O prazo de presentación das solicitudes será ata o 7 de maio de 2011.

Máis información: BOP de Pontevedra do 2 de maio de 2011.

www.depontevedra.es



Bolsas Leonardo da Vinci da Deputación de Ourense

A Deputación Provincial de Ourense convoca 25 bolsas individuais de estancias e prácticas laborais en empresas europeas.

Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios deste programa os titulados universitarios.

As prácticas poderanse desenvolver en empresas da Unión Europea, preferentemente en Alemaña, Austria, Francia, Italia, Reino Unido, República Checa e Portugal.

Requisitos dos beneficiarios:

Posuír titulación universitaria acreditada por universidades españolas ou recoñecidas polo Ministerio de Educación.

Posuír coñecemento dalgunha das seguintes linguas cun nivel suficiente para desenvolver unha práctica laboral axeitada ó seu grao de formación académica: italiano, francés, portugués, alemán e/ou inglés.

Posuír coñecementos de informática a nivel de usuario.

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 23 de xuño de 2011

Máis información no BOP de Ourense do 8 de xuño de 2011 e en

<http://becasinternacionais.depourense.es>.



Bolsas para licenciados en Historia

A Deputación de Pontevedra convoca catro bolsas, que teñen por obxecto a realización de tarefas relacionadas coa arquivística, inventariado e catalogación, especialmente de arquivos gráficos, fotografía, gravado-estampación e tarxeta postal.

Requisitos: estar en posesión do título de Licenciado/a en Historia. Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Estas bolsas teñen unha dotación económica de 1.200 €/mes.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 12 de setembro de 2011.

Máis información no BOP de Pontevedra de 2 de setembro de 2011.



Deputación
Pontevedra



Bolsa de Técnico superior en Saúde Ambiental

A Deputación de Pontevedra convoca unha bolsa de Técnico superior en Saúde Ambiental para a realización de tarefas de colaboración na área fitopatolóxica do Areeiro.

Requisitos: estar en posesión do título de técnico superior en saúde ambiental ou técnico superior de laboratorio en diagnóstico clínico.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 1.000 €/mes.

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 12 de setembro de 2011.

Máis información no BOP de Pontevedra de 2 de setembro de 2011 e en

<http://www.efa-dip.org/>



DEPUTACIÓN DE LUGO

Bolsas da Deputación de Lugo

A Deputación de Lugo convoca as seguintes bolsas:

1 bolsa formativa para colaborar no programa formativo de Cultura e Xornalismo para o ano 2011–2012: O bolseiro/a realizarán a súa actividade na Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico da Deputación de Lugo.

Requisitos:

- Ser licenciado/a en Xornalismo.
- Ser licenciado /a en Comunicación Audiovisual
- Ser licenciado/a en Publicidade e Relacións Públicas.
- Coñecementos en lingua galega.

3 bolsas formativas para colaborar nos programas formativos da Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico:

1 bolsa formativa en materia de Xestión Cultural.

Requisitos:

- Ser licenciado/a en Humanidades.
- Ser Diplomado/a en Xeografía e Historia
- Ser Diplomado/a en Maxisterio, en calquera das súas especialidades.
- Valorarase a experiencia laboral e mailos coñecementos en Xestión Cultural.
- Coñecementos en lingua galega

1 bolsa de formación en materia de Teatro Cultural.

Requisitos:

- Ser licenciado/a en Humanidades, Filoloxía, en calquera das súas especialidades: Antropoloxía Cultural ou Arte Dramático.
- Ser Diplomado/a en Maxisterio, especialidades de Primaria, Música ou Historia.
- Valorarase o curriculum teatral, a súa cointinuidade formativa, a continuidade na produción de espectáculos e mailo coñecemento das dinámicas do mundo teatral.

- Valorarase a experiencia teatral, a experiencia na dirección de agrupacións teatrais non profesionais, a experiencia na asistencia e produción de eventos teatrais, e maila experiencia na xestión de fondos teatrais.
- Coñecementos en lingua galega

1 bolsa de formación en materia de Xestión Cultural, Normalización Lingüística e Comunicación Audiovisual.

Requisitos:

- Ser licenciado/a en Filoloxía Galega.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 13 de decembro de 2011. Máis información no BOP de Lugo do 3 de decembro de 2011 e na Deputación de Lugo, teléfono Teléfono: 982 260 000



Bolsa para Estación Fitopatolóxica do Areeiro

A Deputación de Pontevedra [convoca](#) unha bolsa de investigación para a sección de bioloxía molecular da estación fitopatolóxica do Areeiro

Requisitos:

Estar en posesión do título de Licenciado/a en Ciencias Biolóxicas, Enxeñeiro Técnico Superior de Montes ou Enxeñeiro Técnico Superior Agrónomo ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias. Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Estas bolsas figuran cunha *dotación* económica de 1.200 €/mes.

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 29 de febreiro de 2012.

Máis información no BOP de Pontevedra de 17 de febreiro de 2012 e en

<http://www.efa-dip.org>



Bolsas para estudos Artísiticos.

A Deputación da Coruña convoca dezaeito bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia durante o período 2012-2013, distribuídas nas seguintes áreas:

Área de artes plásticas: 3 bolsas

Área de danza: 2 bolsas

Área de interpretación: 4 bolsas

Área de música: 6 bolsas

Área de imaxe: 3 bolsas

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas que residan na provincia da Coruña e que pretendan realizar estudos de perfeccionamento artístico fóra de Galicia, para o que deberán reunir os seguintes requisitos:

Ter nacido a partir do día 1 de xaneiro de 1982 (incluído éste)

Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña.
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o día 31 de marzo de 2012.
Máis información no BOP da Coruña do 8 de febreiro de 2012 e en www.dicoruna.es



Bolsas para deportistas da provincia da Coruña

A Deputación Provincial da Coruña convoca bolsas individuais para deportistas da provincia para o ano 2012.

Establécense dous grupos segundo a idade dos aspirantes a bolsa:

Grupo A: 14-17 anos cumpridos antes do 31 de decembro do 2012

Concederanse 10 bolsas de 2.000 € cada unha delas.

Grupo B: 18-21 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2012.

Concederanse 10 bolsas de 3.000 € cada unha delas.

de 2012. Concederanse 10 bolsas de 3.000 € cada unha delas.

Naquelas especialidades deportivas nas que o máximo rendemento se pode producir en idades temprás (ximnasia artística, natación...) poderase pasar un bolseiro do grupo A ao grupo B, a criterio do tribunal cualificador.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ate o día 31 de marzo de 2012.

Máis información no BOP da Coruña do 8 de febreiro de 2012 e en www.dicoruna.es



Bolsas de investigación da Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña convoca 18 bolsas de investigación:

Area de ciencias sociais e xurídicas: 3 bolsas

Area de ciencias: 4 bolsas

Area de ciencias da saúde: 4 bolsas

Area de enxeñería e arquitectura: 2 bolsas

Area de artes e humanidades: 5 bolsas

Requisitos:

persoas que tendo a súa residencia na provincia da Coruña, pretendan realizar un traballo de investigación e reúnan todos os requisitos que de seguido se relacionan:
Posuir titulación universitaria (licenciado, diplomado, grado o equivalente)
recoñecida oficialmente.

Acreditar como mínimo un ano de residencia en calquera concello da provincia da coruña, mediante a presentación dun certificado de empadramento.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 31 de marzo de 2012.

Máis información no BOP da Coruña do 8 de febreiro de 2012 e en www.dicoruna.es

Bolsas de estancias e prácticas laborais en empresas europeas

A Deputación de Ourense convoca 55 bolsas individuais de estancias e prácticas laborais en empresas europeas enmarcadas no programa europeo Leonardo da Vinci.

Poderán ser beneficiarios deste programa os titulados

As prácticas poderanse desenvolver en empresas da Unión Europea, preferentemente en Alemaña, Austria, Francia, Italia, Reino Unido, República Checa e Portugal.

Dúas prazas ofertadas resérvanse a persoas que acrediten unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Requisitos:

Posuír titulación universitaria acreditada por universidades españolas ou recoñecidas polo Ministerio de Educación, ou estar en condición de obter a titulación na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Que a dita titulación se obtivese nos cinco anos inmediatamente anteriores á data do ano da convocatoria deste concurso.

Posuír coñecemento dalgunha das seguintes linguas cun nivel suficiente para desenvolver unha práctica laboral axeitada ó seu grao de formación académica: italiano, francés, portugués, alemán e/ou inglés.

Posuír coñecementos de informática a nivel de usuario.

O formulario de solicitude de bolsas só se poderá obter, cubrir, validar e transmitir a través da aplicación informática <http://becasinternacionais.depourense.es>.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 16 de marzo de 2012.

Máis información no BOP de Ourense do 1 de marzo de 2012 e en

<http://becasinternacionais.depourense.es>

Estadías formativas de curta duración en Angoulême (Francia)

A Deputación de Ourense convoca 10 bolsas para profesionais do mundo da animación e da banda deseñada para estadías formativas de curta duración en Angoulême (Francia)

Poderán ser beneficiarios das bolsas obxecto desta convocatoria as persoas físicas que sexan profesionais (con ou sen titulación) con experiencia acreditada de actividade por conta propia ou allea no mundo da animación e/ou da banda deseñada, como, por exemplo, debuxantes, guionistas, ilustradores, deseñadores gráficos e outros.

O *prazo* de presentación de solicitudes estará aberto ata o 16 de marzo de 2012.

Máis información no BOP de Ourense do 2 de marzo de 2012 e en

www.depourense.es



Bolsas no arquivo da Deputación da Coruña

A Diputación Provincial da Coruña publica as bases para a selección de nove graduados en información e documentación ou licenciados en biblioteconomía e documentación pola UDC para a realización de prácticas subvencionadas no arquivo na Diputación Provincial da Coruña.

Lugar de realización:

- Seis graduados ou licenciados en Biblioteconomía e Documentación realizarán tarefas no Arquivo Provincial, e na Biblioteca Provincial.
- Tres graduados ou licenciados en Biblioteconomía e Documentación realizarán tarefas no Servizo de Patrimonio e Contratación.

Requisitos:

Ter obtido o grao en Información e Documentación ou licenciatura en Documentación en Biblioteconomía e Documentación pola Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña (Campus de Ferrol) no curso 2010-2011.

- En caso de vacante ou ampliación teranse en conta as licenciaturas nos cursos 2009/2010, 2008/2009 e 2007/2008.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 21 de maio de 2012.

A contía das bolsas é de 740,56 € cada mes.

Máis información no BOP da Coruña do 27 de abril de 2012 e en www.dicoruna.es



Bolsas de arquivo para a Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra convoca 2 bolsas de licenciados, que teñen por obxecto a realización de tarefas de formación e colaboración relacionadas coa organización dos arquivos municipais.

Requisitos:

Estar en posesión do título de Licenciado/a ou Grao en Historia, Licenciado/a en Documentación ou Grao en Información-Documentación.

Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Dotación: 1.200 €/mes.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 12 de maio de 2012.

Máis información no BOP de pontevedra do 2 de maio de 2012



Bolsas Ourense Exterior

A Deputación de Ourense convoca 10 bolsas individuais, para cidadáns residentes no exterior, para cursar estudos universitarios de primeiro curso de master oficial, en matrícula ordinaria, nas diferentes titulacións de posgrao presenciais que se imparten no Campus de Ourense da Universidade de Vigo e terceiro de grao para cursar estudos no Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

Para solicitar unha bolsa terán que ser:

Emigrantes ourensáns, galegos ou/e españois, ou os seus descendentes ata o segundo grao inclusive, residentes no exterior.

Cidadáns estranxeiros/as residentes no exterior.


Ter menos de 30 anos.

Cumprir os requisitos académicos necesarios para poder ser admitidos na Universidade de Vigo, Campus de Ourense, para realizar os estudos para os que se solicita bolsa.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 11 de xuño de 2012.

Máis información no BOP de Ourense do 11 de maio de 2012.

<http://ourenseexterior.depourense.es>



BOLSAS DO ESTADO



Bolsas de formación en aspectos relativos á pequena e mediana empresa

A Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa convoca catro bolsas de formación para titulados superiores. Os bolseiros formaranse sobre aspectos relativos á pequena e mediana empresa, o seu estudo e análise, o seu financiamento, a súa internacionalización, o seu acceso á innovación, as políticas públicas de apoio e promoción a este colectivo, a creación de empresas.

Requisitos: Titulacións en Ciencias Económicas e Empresariais, Dereito e Administración e Dirección de Empresas e asimiladas.

Os traballos de formación realizaranse entre o 1 de marzo de 2011 e o 30 de decembro de 2011.

Prazo: 1 de xaneiro de 2011

Máis información no BOE do 2 de decembro de 2010 e en www.ipyme.org



Becas da Dirección Xeral de Comercio Interior

A Dirección Xeral de Comercio Interior convoca catro bolsas de colaboración para titulados superiores de calquera carreira universitaria. Os bolseiros colaborarán no estudo, entre outros, do ámbito comercial, a análise da pequena e mediana empresa comercial, o sector da distribución e as estruturas comerciais, os procesos de formación de prezos, a proxección exterior da distribución comercial española e a análise comparada dos aspectos comerciais, fundamentalmente con países da UE. Os traballos de colaboración desenvolveranse ao longo do ano 2011 cunha duración máxima de 10 meses, entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro.

Requisitos:

- Nacionalidade española.
- Idade non superior a 28 anos na data da convocatoria.
- Estar en posesión de calquera titulación universitaria superior, tal como licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.

Máis información no BOE do 3 de decembro de 2010 e en <http://www.mityc.es>



Axuda de formación para persoal investigador do Instituto Español De Oceanografía

O Ministerio de Educación convoca unha axuda para a Formación do Persoal Investigador (FPI) daqueles titulados universitarios que desexen realizar unha tese doutoral no tema:

Influencia do tipo de hábitat no ciclo vital das especies ícticas litorais.

Requisitos dos solicitantes

- Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea ou estranxeiros con permiso de residencia en España ou con visado de estudos no momento de solicitar a bolsa.

- Estar en posesión do título ou ter finalizado os estudos para acceder a un Programa de Doutoramento

Título oficial que permita o acceso á realización dos estudos de doutoramento

Título de máster ou ter superados 300 créditos entre os estudos de grao e de posgrao oficiais

Así mesmo, os que fosen admitidos nun programa oficial de posgrao que inclúa un máster como parte da formación dos estudos de doutoramento

- A data de finalización dos devanditos estudos universitarios deberá ser posterior a xaneiro de 2006. Tamén poderán presentar a súa solicitude os titulados universitarios cuxa data de fin estudos sexa posterior a xaneiro de 2002 e que acrediten que, entre esta data e o 1 de xaneiro de 2006, se dedicasen á atención e ao coidado de fillos menores de seis anos.

Duración: 48 meses que se estruturan en dous períodos ben diferenciados:

a) No primeiro, cunha duración mínima de 24 meses, a axuda revestirá as características dunha bolsa e, durante este, o investigador en formación deberá alcanzar a suficiencia investigadora por obter o DEUSA, título de máster ou documento administrativo que o substitúa.

b) No segundo período, que comprenderá, como máximo, os dous anos seguintes dende a finalización do período de bolsa, o IEO formalizará co investigador en formación, sempre e cando cumpra cos requisitos esixidos, un contrato de traballo en prácticas.

O prazo de presentación de solicitudes: 16 novembro de 2010.

Información: BOE do 1 de novembro de 2010.



Bolsas de formación do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas

O Ministerio de defensa convoca 16 bolsas de formación destinadas a persoas que se encontren en posesión do título de Licenciado, Enxeñeiro ou Enxeñeiro Técnico, sempre que rematasen os seus estudos con posterioridade ao 31 de decembro de 2006.

Condições de desfrute

a) O desenvolvemento das bolsas terá lugar nas dependencias do INTA de Torrejón de Ardoz (Madrid) ou de Mazagón (Huelva), cunha dedicación a xornada completa.

b) O bolseiro deberá acudir ás instalacións do INTA conforme ao plan de formación programado polo Instituto.

c) Durante o mes de agosto o plan de formación será interrompido e os bolseiros non acudirán ao Instituto.

d) A cada bolseiro asignaráselle un titor que dirixirá e coordinará as actividades que compoñan o seu plan de formación.

e) O desfrute das bolsas esixe dedicación exclusiva do bolseiro ás actividades de formación, polo que será incompatible con calquera outro tipo de bolsa ou axuda, e coa percepción de toda clase de remuneración, prestación ou subsidio de desemprego.

Requisitos dos solicitantes:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou estranxeiro residente en España no momento de solicitar a bolsa.

b) Estar en posesión do título esixido según o tipo de bolsa: Enxeñeiro Aeronáutico Enxeñeiro Industrial Enxeñeiro Técnico Aeronáutico Enxeñeiro Técnico Industrial, Enxeñeiro Informático Enxeñeiro Electrónico Enxeñeiro Técnico Informático Enxeñeiro Técnico Electrónico, Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, Licenciado en Físicas Licenciado en Químicas Enxeñeiro Superior, Licenciado en CC. Ambientais, Bioloxía, Xeoloxía ou Físicas.

A contía das bolsas será a seguinte:

1) Bolsas de formación concedidas a Licenciados e Enxeñeiros Superiores: 1.030 euros mensuais brutos.

2) Bolsas de formación concedidas a Enxeñeiros Técnicos: 970 euros mensuais brutos.

Prazo: 23 de novembro de 2010

Información: BOE do 3 de novembro de 2010

www.inta.es



Bolsas Titulados Universitarios no Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial » no Proxecto "MEIGA"

O Ministerio de Defensa convoca 2 bolsas de formación destinadas a persoas que se encontren en posesión do título de Licenciado ou Enxeñeiro, sempre que rematasen os seus estudos con posterioridade ao 31 de decembro de 2006.

Requisitos dos solicitantes:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou estranxeiro residente en España no momento de solicitar a bolsa.

b) Estar en posesión do título esixido

Licenciado en Ciencias Físicas.

Enxeñeiro Electrónico.

Enxeñeiro Aeronáutico.

Enxeñeiro Informático.

Enxeñeiro de Telecomunicación.

Enxeñeiro Industrial

A duración da bolsa será ata o 31 de decembro de 2011, podendo ser prorrogada polo INTA anualmente ata a finalización do proxecto.

Prazo: 23 de novembro de 2010.

BOE do 3 de novembro de 2010.



Bolsas de formación de postgrao na Subdirección Xeral de Deporte e Saúde

O Consello Superior de Deportes convoca cinco bolsas para a formación teórica e práctica de postgrao nas actividades que se realizan no Centro de Medicina do Deporte (dúas bolsas para Licenciados en Medicina ou Medicina e Cirurxía e unha

bolsa para Licenciados en Psicología) e no Servizo de Documentación (2 bolsas), unidades adscritas á Subdirección Xeral de Deporte e Saúde.

Requisitos dos candidatos:

Licenciatura en Medicina.

Licenciatura en Medicina e Cirurxía.

Licenciatura en Psicología.

Pola súa banda, os candidatos das bolsas de formación de postgrao no Servizo de Documentación deberán estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.

Licenciatura en Documentación.

Grao en Información e Documentación.

Licenciatura ou Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

Licenciatura ou Grao en Sociología.

Grao en Sociología Aplicada.

A data de finalización dos estudos solicitados non poderá ser anterior ao curso académico 2006/2007. Tamén se poderán solicitar as bolsas destinadas ao Centro de Medicina do Deporte se, actualmente, se encontran matriculados na especialidade de Medicina da Educación Física e o Deporte ou finalizárona con posterioridade ao curso académico 2006/2007.

Prazo: 23 de novembro de 2010.

Información: BOE do 3 de novembro de 2010

<http://www.csd.gob.es/>



Bolsas para a formación práctica de arquivistas, bibliotecarios e documentalistas.

O Congreso dos Deputados convoca doce bolsas individuais para a realización de estudos e traballos de carácter arquivístico, bibliotecario e documental, relacionados co Parlamento.

Duración e contía.

1. Cada unha das doce bolsas terá unha duración de doce meses. O inicio destas comunicárase os beneficiarios simultaneamente á notificación da concesión. As bolsas rematarán o 31 de decembro de 2011.
2. A contía total da bolsa será de 12.600 € brutos por ano, que se percibirán finalizado cada mes a razón de 1.050 €.
3. O Congreso dos Deputados contratará un seguro de accidentes e enfermidade para cada un dos bolseiros polo tempo de duración da bolsa, no suposto de que non tivesen cubertas estas contingencias, e dentro das condicións propias deste tipo de contratos.

Condicións dos solicitantes.

1. Poden solicitar a concesión da bolsa os licenciados universitarios españois que reúnan as seguintes condicións:
 - a) Estar en posesión dun título universitario de segundo ciclo ou Licenciado expedido por Universidades españolas ou homologado polo Ministerio de Educación, en calquera das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas ou Humanidades.
 - b) Ter obtido o devandito título no ano académico 2005-2006 ou anos posteriores.
 - c) Acreditar unha preparación teórica en materias arquivísticas, bibliotecarias ou documentais, durante polo menos 200 horas lectivas.
 - d) Non ter gozado durante máis de seis meses doutra bolsa do Congreso dos

Deputados das mesmas características.
Prazo: 24 de novembro de 2010.
Información: BOE do 4 de novembro de 2010.
<http://www.senado.es/>



Bolsas de formación nos distintos campos educativos no Departamento de Educación

O Ministerio de Educación convoca 147 bolsas de formación para o ano 2011, das cales 20 serán de formación en observación e deseño de cualificaciónes profesionais, 9 en documentación e lexislación educativa, 26 en investigación e innovación educativa e 60 en tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á educación, 14 en documentación e área de arquivo, 18 en avaliación e estadísticas educativas.

O obxecto da bolsa é a formación nos diferentes ámbitos aplicados á educación, tanto na súa dimensión teórica coma a través da súa participación e colaboración nas tarefas que lle sexan encomendadas nas unidades administrativas onde se realice o seu proceso de formación.

As bolsas de formación terán unha duración de ata doce meses.

Requisitos dos candidatos:

a) Ostentar a nacionalidade española, ou dalgún outro Estado Membro da Unión Europea con perfecto dominio da lingua española e residencia en España no momento da súa incorporación ao desfrute da bolsa.

b) Estar en posesión da titulación requirida para cada tipo de bolsa e tela obtido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2006.

O prazo de presentación de solicitudes: 24 de novembro de 2010.

Información: BOE do 4 de novembro de 2010

www.educacion.es



Bolsas de especialización en control analítico de produtos obxecto de comercio exterior.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio convoca 8 bolsas para formar especialistas en análise de produtos obxecto de comercio exterior.

Requisitos dos solicitantes:

a) Estar en posesión da nacionalidade española.

b) Estar en posesión do título de Grao ou Licenciado en Ciencias Químicas, Biolóxicas, Farmacia, Veterinaria, Enxeñaría Superior ou calquera outra titulación universitaria superior relacionada coas Ciencias experimentais.

c) Acreditar experiencia práctica de laboratorio e en sistemas de calidade en laboratorios de ensaio.

Prazo: 16 de novembro de 2010

Información: BOE do 4 de novembro de 2010

<http://www.mityc.es>

Bolsas de Patrimonio Nacional.

O Consello Administrador do Patrimonio Nacional, dependente do Ministerio da presidencia convoca 6 bolsas para a preparación de novos investigadores do Patrimonio Histórico-Artístico do Patrimonio Nacional.

Bolsa nº 1: «Programas Didácticos en Institucións Culturais». Titulación esixida: Licenciatura en Historia ou Historia da Arte. Adscrición: Vocalía Asesora de Programas Culturales.

Bolsa nº 2: «Protocolo e Desenvolvemento de Actos Culturais». Titulación esixida: Licenciatura en Ciencias Políticas. Adscrición: Vocalía Asesora de Programas Culturales.

Bolsa nº 3: «Encadernación histórico-artística da Real Biblioteca: base de datos en linguaxe xml». Titulación: Licenciatura en Historia, Historia da Arte, en Biblioteconomía e Documentación, ou en Documentación. Adscrición: Dirección de Actuacións Histórico Artísticas sobre Bens Mobles e Museos.

Bolsa nº 4: «Caracterización das fibras dos tecidos medievais da colección de Patrimonio Nacional». Titulación: Licenciatura en Ciencias Químicas. Adscrición: Dirección de Actuacións Histórico Artísticas sobre Bens Mobles e Museos.

Bolsa nº 5: «Documentación e investigación histórica sobre arquitectura medieval española». Titulación: Licenciatura en Historia da Arte ou Arquitectura Superior. Adscrición: Dirección de Patrimonio Arquitectónico e Inmobles.

Bolsa nº 6: «Documentación e investigación histórica de Xardíns e Montes do Patrimonio Nacional». Titulación: Licenciatura en Historia ou Enxeñaría Superior de Montes. Adscrición: Dirección de Patrimonio Arquitectónico e Inmobles.

O período de desfrute da bolsa será de dez meses (do 1 de febreiro a 30 de novembro de 2011). O seu aboamento realizarase por mensualidades vencidas en dez entregas de 1.215 €, ás que se aplicarán as retencións que procedan, de acordo coas disposicións fiscais vixentes.

Beneficiarios: Ter finalizado os seus estudos no ano 2006 ou en data posterior.

Prazo: 10 de novembro de 2010.

Información: BOE do 26 de outubro de 2010.

<http://www.patrimonionacional.es>

Bolsas de formación para Postgraduados en Ciencias Políticas e Socioloxía.

O Centro de Investigacións Sociolóxicas convoca sete bolsas destinadas a titulados superiores universitarios, para a formación de postgraduados nos métodos e técnicas utilizados na investigación social aplicada.

A contía individual da bolsa será de 12.190 € anuais.

Requisitos dos beneficiarios.

Título de graduado ou licenciado ou título estranxeiro homologado, obtido dentro dos 4 anos anteriores á data de publicación da convocatoria.

Os aspirantes á obtención desta bolsa deberán acreditar unha cualificación media final igual ou superior a un 1,8 (segundo o baremo de 1 a 4)

Prazo de presentación de solicitudes: 3 de novembro de 2010

Información: BOE do 19 de outubro de 2010 e www.cis.es



Bolsa de Licenciado en Socioloxía.

O Consello Económico e Social convoca unha bolsa de formación e especialización para realización de estudos e traballos.

Titulación: poderán optar a esta bolsa os Titulados superiores universitarios que obtivesen a licenciatura en Socioloxía con posterioridade a 1 de xaneiro de 2006.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 24 de decembro de 2010.

Máis información no BOE do 9 de decembro de 2010 e en www.ces.es



Mobilidade postdoutoral en centros estranxeiros

O Ministerio de Educación convoca o Subprograma estanzas de mobilidade postdoutoral en centros estranxeiros do Programa Nacional de Mobilidade de Recursos Humanos de Investigación.

Para o presente subprograma convócanse 250 estanzas, das que ata 35 poderán corresponder a estanzas Fulbright, e ata 7 asociadas ás Cátedras Príncipe de Asturias, nas universidades de Georgetown (en áreas de Ciencias Sociais e Humanidades), New México (en áreas relacionadas coas Ciencias e Tecnoloxías Informáticas) e Tufts (en Historia).

As subvencións comprenderán:

- a) Unha dotación económica mensual de 1.800 € brutos mensuais.
- b) Unha subvención mensual complementaria por estanza no estranxeiro, cun importe en función do país de destino.
- c) Unha subvención de traslado e instalación de ata 3.450 € de acordo co lugar de destino.

A data de inicio da axuda deberá estar comprendida entre o 1 de setembro de 2011 y o 31 de xaneiro de 2012.

O período da estanza non poderá ser inferior a 12 meses nin superior a 24 meses.

Para participar neste programa, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título oficial de Doutor ou en condicións de solicitalo con posterioridade ao 31 de xaneiro de 2006. O devandito período entenderase ampliado en catro anos, ata o 31 de xaneiro do ano 2002, para os que acrediten que entre esa data e a de finalización do prazo de presentación de solicitudes se dedicasen á atención de fillos menores de tres anos.

O prazo de presentación de solicitudes será do 17 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2011

Máis información no BOE do 11 de xaneiro de 2010.

<http://www.educacion.es/educacion/universidades/convocatorias.html>

Formación e investigación para titulados superiores en Dereito

O Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) convoca 2 bolsas destinadas a titulados superiores universitarios, para levar a cabo tarefas de apoio ás investigacións que realicen os grupos de traballo que se constitúan no seo do INAP. A contía individual da bolsa será de 18.000 € anuais.

Requisitos: título de Doutor, Licenciado ou Grao en Dereito, expedido, dentro dos cinco anos anteriores.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2011.

Maís inforamción no BOE do 10 de xaneiro de 2011 e en www.inap.es



Becas Culturex

O Ministerio de Educación convoca 23 bolsas «Culturex» de formación práctica en xestión cultural para mozos españois no exterior, en institucións culturais e en embaixadas e consulados de España para o ano 2011, en dúas modalidades:

Modalidade A: 14 Bolsas Culturex de formación práctica en xestión cultural para mozos españois en institucións culturais no exterior. Institucións culturais:

1. BOZAR, Palais des Beaux-Arts (Bruxelas).
2. Centre Pompidou (París).
3. Arquivo da Congregación para a Doutrina da Fe (Cidade do Vaticano).
4. Festival Internazionale del Film (Locarno).
5. Festival de Jazz (Montreux).
6. Fiera del Libro Per Ragazzi (Bolonía).
7. Frankfurter Buchmesse (Frankfurt).
8. Fundação de Serralves (Oporto).
9. Haus Der Kunst (Munich).
10. Hay Festival of Literature & The Arts (Londres).
11. Jeu De Paume (Paris).
12. National Gallery of Art (Washington).
13. Tate Modern (Londres).
14. The London Book Fair (Londres).

Modalidade B: 9 Bolsas Culturex de formación práctica en xestión cultural para mozos españois en embaixadas e consulados de España no exterior.

Representacións diplomáticas-Oficinas Culturais.

1. Consulado Xeral de España en Montreal.
2. Consulado Xeral de España en Nova York.
3. Consulado Xeral de España en Sidney.
4. Consulado Honorario de España en Bombay.
5. Embaixada de España en Berlín.
6. Embaixada de España en Copenhaguen.
7. Embaixada de España en Londres.
8. Embaixada de España en Seúl.
9. Representación Permanente de España ante a U.E. (Bruxelas).

O período de desfrute das bolsas será de nove meses, de abril a decembro de 2011.

Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

Posuír a nacionalidade española.

Estar en posesión do título de licenciado ou ben de títulos estranxeiros equivalentes homologados polo Ministerio de Educación na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Non ter superado os 35 anos de idade, na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Dominio do idioma oficial do destino solicitado (nivel equivalente ao B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas) e amplo coñecemento -falado e escrito- do idioma inglés nos destinos de fala non inglesa.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 27 de xaneiro de 2011.

Máis información no BOE do 10 de xaneiro de 2011 e en www.mcu.es



Bolsas FormARTE de formación e especialización en actividades culturais

O Ministerio de Cultura convoca as bolsas FormARTE de formación e especialización en actividades e materias da competencia das institucións culturais dependentes do Ministerio de Cultura, e do Colexio de España en París, correspondentes ao ano 2011.

Tipos de bolsas:

20 Bolsas de Conservación e Restauración:

Investigación de fondos filmicos, 2 bolsas.

Laboratorios, 3 bolsas.

Restauración e conservación de arqueoloxía, 2 bolsas.

Restauración e conservación de arquitectura, 1 bolsa.

Restauración e conservación de documento gráfico, 4 bolsas.

Restauración e conservación de escultura, 3 bolsas.

Restauración e conservación de pintura, 4 bolsas.

Restauración e conservación de soporte celulósico, 1 bolsa.

Requisitos:

Investigación de fondos filmicos. Licenciado en Comunicación Audiovisual, Belas Artes ou Historia da Arte.

Laboratorios. Licenciado en Ciencias (Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía) e Titulados en Enxeñaría ou Arquitectura.

Restauración e conservación de arqueoloxía. Diplomado en Conservación e Restauración de Bens Culturais, especialidade Arqueoloxía.

Restauración e conservación de arquitectura. Título de Arquitecto Superior.

Restauración e conservación de documento gráfico. Diplomado en Conservación e Restauración de Bens Culturais, especialidade Documento Gráfico.

Restauración e conservación de escultura. Diplomado en Conservación e Restauración de Bens Culturais, ou Licenciado en Belas Artes, en ambos os dous casos especialidade Escultura.

Restauración e conservación de pintura. Diplomado en Conservación e Restauración de Bens Culturais, ou Licenciado en Belas Artes, en ambos os dous casos especialidade Pintura.

Restauración e conservación de soporte celulósico. Diplomado en Conservación e Restauración de Bens Culturais, ou Licenciado en Belas Artes, especializado en Soporte Celulósico.

23 Bolsas de Museoloxía:

Biblioteca Nacional (Madrid), 1 bolsa.
Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid), 2 bolsas.
Museo Cerralbo (Madrid), 1 bolsa.
Museo de América (Madrid), 1 bolsa.
Museo do Greco (Toledo), 1 bolsa.
Museo do Traxe (Madrid), 1 bolsa.
Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía (Madrid), 1 bolsa.
Museo Nacional Colexio de San Gregorio (Valladolid), 1 bolsa.
Museo Nacional de Cerámica e Artes Suntuarias «González Martí» (Valencia), 1 bolsa.
Museo Nacional de Antropoloxía (Madrid), 1 bolsa.
Museo Nacional de Arqueoloxía Subacuática. ARQUA (Cartagena), 2 bolsas.
Museo Nacional de Arte Romana (Mérida), 2 bolsas
Museo Nacional de Artes Decorativas (Madrid), 1 bolsa.
Museo Nacional do Prado (Madrid), 2 bolsas.
Museo Nacional do Romanticismo (Madrid), 1 bolsa.
Museo Nacional e Centro de Investigación de Altamira (Santillana del Mar), 1 bolsa.
Museo Sefardí (Toledo), 1 bolsa.
Museo Sorolla (Madrid), 1 bolsa.
Subdirección Xeral dos Museos Estatais (Madrid), 1 bolsa.
Requisitos: titulación académica oficial de licenciatura ou diplomatura

26 Bolsas de Biblioteconomía e Documentación:

19 bolsas na especialidade de Fondo Moderno e sete 7 bolsas na especialidade de Fondo Antigo (Área do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico), segundo a seguinte distribución:
Biblioteca Nacional, 3 bolsas.
Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas, 16 bolsas.
Fondo Moderno, 9 bolsas.
Fondo Antigo, 7 bolsas
Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM), 3 bolsas.
Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA), 2 bolsas.
Secretaría Xeral Técnica, 2 bolsas.
Requisitos: Diplomado ou Licenciado en Biblioteconomía e Documentación, ou de calquera outro título universitario

30 Bolsas de Arquivística:

1. Arquivo Central do Ministerio de Cultura (Madrid), 1 bolsa.
2. Arquivo da Real Chancillería de Valladolid, 2 bolsas
3. Arquivo Xeral de India (Sevilla), 2 bolsas.
4. Arquivo Xeral da Administración (Alcalá de Henares), 3 bolsas.
5. Arquivo Xeral de Simancas (Valladolid), 2 bolsas.
6. Arquivo Histórico Nacional (Madrid), 3 bolsas.
7. Arquivo Histórico Provincial de Álava (Vitoria-Gasteiz), 1 bolsa.
8. Arquivo Histórico Provincial de Guipúscoa (Oñate), 1 bolsa.
9. Arquivo Histórico Provincial de Biscaia (Bilbao), 1 bolsa.
10. Biblioteca Nacional. Arquivo (Madrid), 2 bolsas.
11. Centro Documental da Memoria Histórica (Salamanca), 3 bolsas.
12. Ministerio de Cultura. Subdirección Xeral do Instituto do Patrimonio Cultural de España, (Madrid), 1 bolsa.
13. Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais. Filmoteca (Madrid), 2 bolsas.
14. Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música. Centro de Documentación Teatral, 1 bolsa.
15. Xerencia de Infraestruturas e Equipamentos de Cultura, 1 bolsa.
16. Ministerio de Cultura. Subdirección Xeral da Propiedade Intelectual, 1 bolsa.

17. Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía. Arquivo, 1 bolsa.
18. Museo Nacional do Prado. Arquivo, 1 bolsa.
19. Sección Nobreza do Arquivo Histórico Nacional (Toledo), 1 beca. Archivo da Real Chancillería de Valladolid, 2 bolsas.
Requisitos: titulación académica oficial de licenciatura

28 Bolsas de Xestión Cultural:

- Biblioteca Nacional, 2 bolsas.
Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais, 2 bolsas.
Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música, 3 bolsas.
Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais, 4 bolsas.
Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas, 1 bolsa.
Dirección Xeral de Políticas e Industrias Culturais, 10 bolsas.
Gabinete da Ministra, 1 bolsa.
Secretaría Xeral Técnica, 3 bolsas.
Museo Nacional do Prado, 1 bolsa.
Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, 1 bolsa
Requisitos: titulación académica oficial de licenciatura ou diplomatura.

4 Bolsas de Artes Plásticas e Fotografía:

- a) Artes Plásticas, 2 bolsas.
b) Fotografía, 2 bolsas.
Requisitos específicos:
a) Ter menos de 35 anos na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
b) Acreditar iniciación, experiencia, realización, ou títulos e certificados académicos relacionados coa creación plástica e a fotografía.
c) Á solicitude deberá achegarse fotografías da obra recente.
d) Posuír coñecementos da lingua Francesa.
Estas bolsas desenvolveranse no Colexio de España en París

Solicitudes: www.mcu.es, "Servizos de atención ao cidadán. Bolsas, axudas e subvencións. Bolsas"

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2011.
Máis información no BOE do 7 de xaneiro de 2011 e en www.mcu.es



Bolsas do Congreso de Deputados sobre a Unión Europea

O Congreso dos Deputados convoca 3 bolsas individuais para realizar as tarefas ou estudos aplicados de carácter documental, estatístico, informativo, analítico e institucional relacionados cos órganos e a actividade da Unión Europea en xeral ou calquera outra colaboración práctica relacionada coa Unión Europea.

Cada unha das tres bolsas terá unha duración de doce meses e a súa contía total será de 12.900 € brutos por ano.

Requisitos:

- a) Ter obtido a licenciatura ou título equivalente nos tres anos anteriores á data da publicación oficial desta convocatoria.

b) Acreditar preparación teórica específica en materias relacionadas cos órganos ou actividades da Unión Europea e, no seu caso, experiencia práctica sobre tales materias.

c) Non ter gozado doutra bolsa do Congreso dos Deputados ou do Senado.

d) Posuír unha competencia suficiente en lingua castelá e en lingua inglesa, como mínimo, e noutras linguas de países membros da Unión Europea.

e) Ter nacido despois do 1 de xaneiro de 1979.

O prazo para presentar solicitudes estará abaerto ata o 27 de xaneiro de 2011.

Máis información no BOE do 6 de xaneiro de 2011 e en www.congreso.es



Formación de especialistas en Metroloxía no Centro Español de Metroloxía

O Centro Español de Metroloxía convoca unha bolsa que ten por obxecto a especialización en Metroloxía e actividades complementarias no campo do termometría, dun Técnico Superior en Formación Profesional de Segundo Grao, ou de Módulos Profesionais de Nivel 3 ou de Ciclos Formativos de Grao Superior ou con titulación equivalente, das familias profesionais de «Química» ou «Electricidade e Electrónica».

Requisitos que debe reunir o solicitante

Poderán ser beneficiarios da bolsa de formación de especialistas en Metroloxía convocada pola presente Resolución, aquelas persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para a obtención de axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou estranxeiro, con residencia legal en España no momento de solicitar a bolsa.

b) O solicitante deberá encontrarse en posesión do título académico axeitado, ou acreditar o aboamento dos dereitos para a súa expedición, ao termo do prazo de presentación de solicitudes, despois de ter que finalizar os estudos correspondentes ao devandito título no ano 2002 ou posterior.

c) Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais deberán estar validados ou recoñecidos no momento de presentar a solicitude.

d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desenvolvemento da actividade formativa que constitúa o obxecto da bolsa.

Prazo: 7 de febreiro de 2011.

Información: BOE do 18 de xaneiro de 2011.

<http://www.cem.es/>



Bolsas de Introducción á Investigación do CSIC

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca 150 bolsas de Introducción á Investigación para estudantes universitarios, no marco do Programa Xunta para a Ampliación de Estudos.

Requisitos:

a) Ter aprobados igual ou máis do 40% e menos do 75% dos créditos correspondentes á súa titulación.

b) Estar matriculado durante o curso 2010-2011 nunha Facultade ou Escola Técnica Superior Universitaria en materias que somen un número total de créditos igual ou superior a 50.

c) Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Licenciado, Enxeñeiro Superior ou Arquitecto.

d) Ter obtido unha nota media igual ou superior a 1,50 para alumnos de Escolas Técnicas Superiores e a 2 para alumnos do resto de ensinanzas.

A contía total das bolsas será de 1.500 € cando a distancia entre a súa localidade de residencia e a localidade de situación do Centro onde vaia cumprir o seu plan de traballo, sexa inferior a 60 km e de 2.000 € para distancias iguais ou superiores.

As solicitudes efectuaranse utilizando os medios telemáticos que estarán dispoñibles nos servidores de información do Consello Superior de Investigacións Científicas, www.csic.es.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberta ata o 23 de febreiro de 2011.

A duración das bolsas será de 2 meses e gozaranse entre os meses de xuño a setembro de 2011.

Máis información no BOE do 24 de xaneiro de 2011 e en www.csic.es



O Instituto Nacional de Estadística convoca 12 bolsas coa finalidade de fomentar e promover a investigación estatística, así como o desenvolvemento e implantación de procesos estatísticos, mediante a formación de postgraduados.

O período de disfrute de cada unha das bolsas será de doce meses, iniciándose o primeiro día do mes seguinte á comunicación da concesión da bolsa.

Requisitos dos solicitantes: título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou de Grao, que deberá terse obtido durante os últimos tres anos anteriores á data da publicación da Resolución de convocatoria do BOE das bolsas.

Prazo: 18 de febreiro de 2011

Información: BOE do 1 de febreiro de 2011



Axudas para teses doutorais do programa «Xunta para a Ampliación de Estudos» do CSIC

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca a concesión de 152 axudas para a realización de teses doutorais en Centros ou Institutos do CSIC, baixo a dirección dos seus investigadores, das cales:

150 distribuiranse entre os distintos Centros e Institutos do CSIC.

2 para realizar estudos de Doutoramento, dentro do Programa Oficial de Posgrao do CSIC e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo, que comprende os seguintes másters: Enerxías Renovables, Pilas de Combustible e Hidróxeno; Alta Especialización en Plásticos e Caucho; Cambio Global; Biodiversidade en Áreas Tropicais e Xestión da súa conservación; Fonética e Fonoloxía; Cristalografía e Cristalización.

Requisitos:

Poderán solicitar estas axudas os candidatos que cumpran os seguintes requisitos á data do peche do prazo de presentación de solicitudes:

Estar en posesión do título ou ter finalizado os estudos para acceder a un Programa de Doutoramento.

Título oficial que permitirá o acceso á realización dos estudos de Doutoramento de acordo co previsto no Real Decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de Doutor e outros estudos de posgrao.

Título de Máster ou ter superados 300 créditos entre os estudos de grao e posgrao oficiais.

A data de finalización de estudos de grao deberá ser posterior ao 1 de xaneiro de 2008.

Os titulados que acrediten que entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 1 de xaneiro de 2008 dedicánselle a atención e coidado de fillos menores de 6 anos, a data de fin de estudos poderá ser posterior a 1 de xaneiro de 2004.

Ter obtido unha cualificación media de todos os créditos da carreira igual ou superior a 1,60 aplicando o seguinte baremo: Aprobado= 1, Notable= 2, Sobresaliente= 3 e Matrícula de Honor= 4.

Prazo: 5 de marzo de 2011

Información: BOE do 3 de febreiro de 2011.



MUSEO NACIONAL
DEL PRADO

O Ministerio de Cultura convoca bolsas que terán como fin completar a formación de futuros especialistas e fomentar a investigación nas seguintes Áreas do Museo do Prado:

- A) Área de Conservación de Pintura española ata 1700.
- B) Área de Conservación de Escultura e Artes Decorativas.
- C) Área de Restauración, especialidade en Pintura.
- D) Área de Rexistro de Obras de Arte, Servizo de Depósitos.

Requisitos:

A) Área de Conservación de Pintura española ata 1700.

Licenciatura en Historia da Arte finalizada con posterioridade a 2006.

Coñecementos de informática e inglés.

B) Área de Conservación de Escultura e Artes Decorativas.

Licenciatura en Historia da Arte finalizada con posterioridade a 2006.

Coñecementos de informática e inglés.

C) Área de Restauración, especialidade Pintura.

Diplomatura ou licenciatura en Restauración en Centros oficiais, con especialidade en pintura, finalizada con posterioridade a 2006.

Coñecementos de informática e inglés.

D) Área de Rexistro de Obras de Arte, Servizo de Depósitos.

Licenciatura en Historia da Arte finalizada a partir de 2006.

Coñecementos de informática e inglés.

Prazo: 22 de marzo de 2011.

Información: BOE do 2 de marzo de 2011 e www.mcu.es www.museodelprado.es



Axudas ao doutoramento en Biotecnoloxía

O Ministerio de Ciencia e Innovación convoca 10 axudas destinadas á obtención do título de Doutor nun período máximo de catro anos a desenvolver no Centro Nacional de Biotecnoloxía do CSIC.

Requisitos

A convocatoria está dirixida a estudantes españois e estranxeiros que finalizen, con posterioridade ao 31 de outubro de 2007, os estudos universitarios que cualifican, segundo a lexislación española, para o acceso ás ensinanzas de terceiro ciclo ou aos estudos Oficiais de Postgrao.

Os candidatos serán seleccionados exclusivamente en virtude dos seus méritos curriculares, ademais de superar favorablemente unha entrevista co Comité de Graduados e Investigadores do centro sen que caiba ningunha discriminación

Prazo: 24 de marzo de 2011

Información: BOE do 4 de marzo de 2011



Bolsas Argo de mobilidade para prácticas en empresas en Europa, Asia, EE.UU. e Canadá

A convocatoria do programa [ARGO GLOBAL](#) ten unha duración de tres anos, iniciándose en decembro de 2009 e sendo a data límite para a finalización e o retorno dos bolseiros o 30 de xuño de 2012.

Ao longo da convocatoria 2009-2012 vaise conceder un total de 1100 bolsas para realizar 840 prácticas en empresas europeas, 100 en EUA, 60 en Canadá e 100 en empresas españolas con sede en Asia.

Duración

A duración media das bolsas é de

- 6 meses para Europa
- 10 meses para EE.UU.
- 7 meses para Canadá
- 10 meses para Asia

Requisitos

Ser titulado universiario de calquera universidade española.

Prazo

O prazo estará aberto ata marzo de 2012 no caso de Europa e ata novembro de 2011 no caso de EE.UU, Canadá e Asia.

Para solicitatalas hai que registrarse na páxina web de bolsas

Argo: <http://becasargo.es/portal/web/guest/graduates-registration>

Información

<http://becasargo.es/portal/web/guest/graduates-registration>



Bolsas FARO para prácticas en empresas de estudiantes universitarios en Europa, EE.UU., Canadá e Asía

O programa de bolsas [FARO Global](#) promove a mobilidade de estudantes de últimos cursos de todas as universidades españolas mediante a realización de prácticas formativas de calidade en empresas radicadas en Europa, Asia, Estados Unidos e Canadá. O obxectivo último do programa é facilitar a súa inserción profesional mediante a mellora das súas competencias, aptitudes e actitudes.

Este programa está financiado polo Ministerio de Educación, sendo a Fundación Xeral da Universidade de Valladolid a entidade que o promove e xestiona a nivel nacional.

Requisitos:

- Ser estudante de últimos cursos de calquera titulación impartida en Universidades españolas públicas ou privadas recoñecidas polo Ministerio de Educación ou estar a realizar o PFC. Sexa diplomatura, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou grao será necesario que a carga lectiva superada sexa polo menos do 70% do total dos créditos ou materias necesarios para finalizar a titulación.
- Non ter gozado previamente dunha bolsa Leonardo en calquera das súas formas.
- Non ter gozado dunha bolsa de prácticas de mobilidade internacional subvencionada con fondos públicos.

Prazo

As bolsas concédense de forma continua durante a vixencia do programa, sendo o 31 de Decembro de 2013 a data límite de finalización e regreso do último bolseiro. A duración media da bolsa é de sete meses no caso de levarse a cabo en EE.UU, Canadá e Asia e de seis meses no caso de Europa.

Información

Na páxina web de bolsas FARO, <http://www.becasfaro.es/home.php>



Bolsas de Informática no estranxeiro do Instituto de Comercio Exterior 2011/2012

O Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), convoca as bolsas para a formación de expertos en informática, en materia de internacionalización, nas Oficinas Económicas e Comerciais das Embaixadas de España (OFECOMES) ou ben nos Servizos Centrais do Instituto. A finalidade destas bolsas é a de proporcionar ao bolseiro unha preparación na implantación, o mantemento e o desenvolvemento dos sistemas informáticos de información e documentación do ICEX nas OFECOMES.

A bolsa de informática terá unha duración de 12 meses, dende outubro de 2011 ata setembro de 2012. Previamente terase impartido un curso de formación en Madrid.

Requisitos:

- a. Posesión con anterioridade á data de peche da Convocatoria (25 de marzo de 2011) dunha Titulación universitaria de grao superior (licenciatura) ou medio (diplomatura), Grao ou Máster. Admitiranse tamén as seguintes titulacións dos

Ciclos Formativos de Grao Superior:

- Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos
 - Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas
 - Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicación e Informática
- b. Ter a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea3
- c. Ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1982.
- d. Dominio da lingua castelá e nivel de inglés intermedio

Valorarase:

Experiencia en soporte, mantemento, administración e/ou deseño de sistemas informáticos.

Coñecemento doutros idiomas.

Outros estudos de postgrao.

Currículo do candidato.

Prazo de solicitudes: 25 de marzo de 2011.

Información

Na páxina web do Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX),

http://www.icex.es/icex/cda/controller/pageICEX/0,6558,5518394_5518974_5536731_0_0_-1,00.html



marm.es

Bolsas na área de organización do mercado de produtos da pesca e cultivos mariños

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Medio Marino convoca dúas bolsas de perfeccionamento técnico-profesional na área de organización do mercado de produtos da pesca e cultivos mariños (medio mariño).

Requisitos:

Estar en posesión do título de licenciado ou enxeñeiro, obtido nos catro anos anteriores á publicación da convocatoria, ou en condicións de obtelo antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

Non ter cumprido trinta anos o día de publicación da convocatoria.

Prazo: 13 de abril de 2011

Información: BOE do 12 de marzo de 2011.

<http://www.boe.es/boe/dias/2011/03/12/pdfs/BOE-A-2011-4611.pdf>



Bolsas de formación da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición

O Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade convoca 12 bolsas de formación superior, 10 delas a desenvolver no Centro Nacional de Alimentación

(CNA), e 2 no Laboratorio de Referencia da Unión Europea de Biotóxicas Marinas de Vigo.

Requisitos: Licenciado Ciencias Biolóxicas, Farmacia, Químicas, Veterinaria, ou outra relacionada coa análise de alimentos.

Prazo: 4 de abril de 2011.

Información: BOE do 15 de marzo de 2011.

<http://www.boe.es/boe/dias/2011/03/15/>



Bolsas na Axencia Estatal de Meteoroloxía

A Axencia Estatal de Meteoroloxía convoca 21 bolsas para axudas de formación en proxectos relacionados coas actividades do organismo.

Cada unha das bolsas estará dotada con 1.150 € mensuais.

A duración das bolsas será desde o comezo das tarefas segundo especifíquese para cada proxecto ata, como máximo, o 31 de decembro de 2012.

Requisitos: Licenciatura en ciencias, enxeñería superior ou equivalente.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata 5 de maio de 2011

Máis información no BOE do 20 de abril de 2011.

www.aemet.es



O Ministerio de Educación convoca un máximo de 30 prazas de profesores de ensino secundario para impartir clases de Lingua e Cultura españolas por un curso académico en centros de Ensino Secundario e de Formación Profesional da República Federal de Alemaña.

Os Estados participantes nesta convocatoria e o número de prazas que se ofrecen son:

a) Estado de Baden-Württemberg: ata 15 prazas.

b) Estado de Renania do Norte-Westfalia: ata 15 prazas.

c) Estado de Baviera: ata 5 prazas.

Requisitos:

Estar en posesión do título de licenciado nas diferentes especialidades de Filoloxía.

Ter coñecementos de alemán polo menos do nivel correspondente ao Nivel Albor (B1) que establece o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas.

Estar en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica, Máster en Formación de Profesorado ou equivalente.

O prazo para cumprir e presentar a solicitude estará aberto ata o día 16 de maio de 2011.

Máis información no BOE do 25 de abril de 2011 e en

<http://www.educacion.gob.es/educacion/actividad-internacional.htm>



Bolsas para a mobilidade de estudantes universitarios Séneca

O Ministerio de Educación convoca 2.224 bolsas dentro do programa de subvencións para a mobilidade de estudantes universitarios Séneca para o curso académico 2011-2012.

Poderán acollerse a este programa os estudantes matriculados en universidades españolas ou en centros de educación superior, que se achen cursando os estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais de Grado, Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto ou os de Diplomado, Enxeñeiro ou Arquitecto Técnico, e obtivesen unha praza na convocatoria SICUE para o curso académico 2011-2012.

A duración da bolsa será dun máximo de nove meses e mínimo de cinco e estará comprendida entre o 1 de outubro de 2011 e o 30 de xuño de 2012.

As bolsas terán unha contía de 500 € mensuais.

Concederase unha subvención de viaxe única de 120 € a cada beneficiario. Para os estudantes que se despracen dende ou a universidades situadas en Comunidades Autónomas insulares, así como dende ou ás Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, esta subvención de viaxe será de 200 €.

O formulario para solicitar as bolsas está dispoñible en <https://sede.educacion.gob.es>

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **12 de maio de 2011**.

Máis información no BOE do 27 de abril e en www.educacion.es



Prazas de profesores de español en centros educativos no estranxeiro

O Ministerio de Educación convoca prazas de profesores en seccións bilingües de español en centros educativos de Bulgaria, China, Eslovaquia, Hungría, Polonia, República Checa, Romanía, Rusia e Turquía para o curso 2011-2012.

Prazas:

Bulgaria: 15 prazas en Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia. Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado en Xeografía/Historia ou Humanidades.

China: 2 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Estudos de Asia Oriental.

Eslovaquia: 30 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Matemáticas, Física, Química, Bioloxía. Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado en Matemáticas, Física, Química ou Bioloxía.

Hungría: 18 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia, Matemáticas, Física. Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica. Título de Licenciado en Xeografía/Historia, Humanidades, Matemáticas ou Física.

Polonia: 31 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia. Titulación: Título de Licenciado en

Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado en Xeografía/Historia ou Humanidades.

República Checa: 20 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia, Matemáticas, Física, Química. Titulación: a) Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado en Xeografía /Historia, Humanidades, Matemáticas, Física ou Química.

Romanía: 10 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia. Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Románica. Título de Licenciado en Xeografía/Historia ou Humanidades.

Rusia: 9 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia. Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado en Xeografía /Historia ou Humanidades.

Turquía: 1 praza. Ensino primario ou secundaria: Español como lingua estranxeira. Titulación: Título de mestre con especialidade de Lingua Estranxeira ou Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 14 de maio de 2011

Máis información no BOE do 28 de abril de 2011 e en www.educacion.es/educacion/actividad-internacional.html.



Bolsas para Másters do Programa Oficial de Posgrao do CSIC-UIMP

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca 30 bolsas para axudar aos estudos e favorecer a mobilidade dos postgraduados que se matriculen nos estudos oficiais de Máster do programa de posgrao do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP).

As bolsas para sufragar gastos de matrícula do Máster terán unha dotación de 1.300 € cada unha.

A contía das bolsas destinadas a gastos de matrícula do Máster será aboada ao beneficiario no mes de outubro de 2011.

Bolsas:

Máster en Enerxías Renovables, Pilas de Combustible e Hidróxeno. Cinco bolsas de matrícula (1.300 euros).

Máster de Alta Especialización en Plásticos e Caucho. Cinco bolsas de matrícula (1.300 euros).

Máster en Cambio Global. Cinco bolsas de matrícula (1.300 euros).

Máster en Biodiversidade en Áreas Tropicais e Xestión da súa Conservación. Cinco bolsas de matrícula (1.300 euros).

Máster en Estudos Fónicos (Fonética e Fonoloxía). Cinco bolsas de matrícula (1.300 euros).

Máster en Cristalografía e Cristalización. Cinco bolsas de matrícula (1.300 euros).

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 24 de xuño de 2011.

Máis información no BOE do 19 de maio de 2011 e en www.csic.es



Axudas para a formación de persoal investigador

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas (INTA), convoca 7 axudas para a formación de persoal investigador daqueles titulados universitarios que desexen realizar unha tese doutoral nos seguintes temas:

1. Propiedades termofísicas do vapor de auga para a metroloxía.
2. Química de moléculas orgánicas en rexións de formación de estrelas masivas.
3. Estudo de estrelas con discos circunestelares a través de observacións ópticas e no infravermello.
4. Modelos experimentais sobre a evolución prebiótica cara á orixe da bioquímica.
5. Deseño e implementación de sistemas de radiofrecuencia (RF) e técnicas de procesado dixital de sinal para aplicacións radar e sistemas globais de navegación por satélite.
6. Síntese, caracterización e propiedades de novos metalopolímeros para aplicacións avanzadas en sistemas de propulsión.
7. Dispersión de gases e material en suspensión na atmosfera baixo situacións de risco para a aviación: erupcións volcánicas, intrusionés saharianas, incendios forestais e fugas radiactivas.

Os solicitantes deberán acreditar estar en posesión do título ou superado os requisitos para acceder ás ensinanzas de terceiro ciclo ou aos estudos oficiais de Posgrao.

A duración das axudas será dun máximo de 48 meses.

O desenvolvemento das axudas terá lugar nas dependencias do INTA cunha dedicación a xornada completa. As 6 primeiras nas instalacións do INTA en Torrejón de Ardoz (Madrid) e a última nas instalacións Arenosillo en Mazagón (Huelva).

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 11 de xuño de 2011.

Máis información no BOE do 21 de maio de 2011 e en www.inta.es



Bolsas do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas convoca 9 bolsas de formación destinadas a persoas que se encontren en posesión do título de Licenciado, Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico ou equivalente, sempre que rematasen os seus estudos con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007.

O desenvolvemento das bolsas terá lugar nas dependencias do INTA de Torrejón de Ardoz (Madrid) cunha dedicación a xornada completa.

A *contía das bolsas* será a seguinte:

1. Bolsas de formación concedidas a Licenciados e Enxeñeiros Superiores: 1.030 € mensuais brutos.
2. Bolsas de formación concedidas a Enxeñeiros Técnicos: 970 € mensuais brutos.

A duración das bolsas será de dous anos, podendo ser prorrogadas polo INTA por un ano máis sempre que o plan formativo contépleo e logo de solicitude do beneficiario.

Bolsas:

1. Técnicas de espectroscopía de masas para medición de isótopos estables de

- mostras geobiolóxicas: Licenciado en Xeoloxía, en Químicas.
2. Aplicación de técnicas bioinformáticas para a análise xenómico e metaxenómico de microorganismos extremófilos: Licenciado en Bioloxía, en Biotecnoloxía ou Enxeñeiro Informático.
 3. Caracterización de materiais e mecanismos a temperaturas crioxénicas: Licenciado en Físicas.
 4. Enxeñaría de Sistemas Espaciais: equipos electrónicos e desenvolvemento SW: Enxeñeiro de Telecomunicación, Industrial ou Electrónico.
 5. Enxeñaría de sistemas espaciais: Enxeñeiro Telecomunicación, Aeronáutico ou Industrial.
 6. Deseño e fabricación de compoñentes de microondas sobre microstrip: Enxeñeiro Telecomunicación, Aeronáutico, Industrial, Electrónico e Licenciado Físicas.
 7. Modificación da aviónica de plataformas: Enxeñeiro Aeronáutico.
 8. Estudo de técnicas de xeración, análise de calidade, fusión e explotación de Modelos Dixitais de Elevación para a súa integración en segmentos terrea: Enxeñeiro en Xeodesia e Cartografía, Enxeñeiro Técnico en Topografía.
 9. Introducción aos sistemas de medida para Celas de Ensaio de Turborreactores: Enxeñeiro Informático, Electrónico, Telecomunicación ou Industrial.
- O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de xuño de 2011. Máis información non BOE do 21 de maio de 2011 e en www.inta.es



Campus de Afondamento Científico para estudantes de 4º de ESO

O Ministerio de Educación convoca 72 axudas para participar no ano 2011, no Programa Campus de afondamento científico para estudantes de secundaria en Jaca (Huesca), durante o mes de xullo de 2011.

O Campus científico realizarase no IES «Domingo Miral» de Jaca (Huesca), sendo aloxados os alumnos na Residencia da Universidade de Zaragoza en Jaca.

O Campus desenvolverase en dúas quendas, de 36 alumnos cada unha que terán lugar nas seguintes datas:

Primeira quenda: do 29 de xuño ao 8 de xullo de 2011.

Segunda quenda: do 10 ao 19 de xullo de 2011.

Requisitos: poderán participar no Campus alumnos/as que no curso escolar 2010/2011 estean a cursar 4º curso de ESO en centros educativos sostidos con fondos públicos e que obtivesen unha nota media nos tres primeiros cursos de Educación Secundaria Obrigatoria de sobresaínte.

A Real Sociedade Española de Física será a encargada da organización e coordinación das actividades que se desenvolvan.

A proposta dos alumnos participantes será efectuada polos órganos competentes das Consellarías de Educación da súa respectiva Comunidade Autónoma.

Máis información no BOE do 23 de maio de 2011.



Programa Mozos Cooperantes

O Instituto da Xuventude (INJUVE), coa colaboración do Servizo Público de Emprego Estatal (SPEE) e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), pon en marcha a XXII edición do programa Mozos cooperantes para 2011-2012.

O programa "[Mozos cooperantes](#)" ten como obxectivo a incorporación de mozos españois de ata 30 anos á cooperación oficial ao desenvolvemento.

Con este fin, o Instituto da Xuventude formalizará cos mozos seleccionados un contrato laboral de 9 meses de duración (do 1 de outubro de 2011 ao 30 de xuño de 2012).

O obxecto do devandito contrato será o desempeño de tarefas no marco dun proxecto de cooperación para o desenvolvemento nalgún dos países nos que España, realiza este tipo de actuacións a través da AECID.

Os ámbitos de actuación dos proxectos cobren varios sectores: educación, marxinación, microempresas, medioambiente, mellora do hábitat, gobernabilidade e estabilidade institucional, protección dos dereitos humanos, desenvolvemento rural integral, restauración do patrimonio histórico, sector agropecuario, etc.

Requisitos para participar

Posuír a nacionalidade española ou estar a residir legalmente en España.

Non ter cumprido os 30 anos de idade antes do 1 de outubro de 2011.

Estar inscrito como demandante de emprego nas oficinas dos servizos públicos de emprego estatal ou das comunidades autónomas.

Estar en posesión dalgunha das seguintes *titulacións* (expedida por unha universidade española ou título homologado):

Licenciaturas: Antropoloxía, Arquitectura, Bioloxía, CC. Ambientais, CC. da Educación, CC. Políticas, Dereito, Económicas, Xeografía, Historia, Historia da Arte, Ing. Agrónomo, Periodismo, Psicoloxía, Psicopedagogía, Publicidade e Relacións Públicas e Socioloxía.

Diplomaturas: Arquitecto Técnico, CC. Empresariais, Educación Social, Traballo Social, Turismo, Enxeñaría Técnica Agrícola, Enxeñaría Técnica de OO. PP.

O número de proxectos nesta XXII edición é de 75 e distribúense en 33 países.

Os destinos das e os mozos cooperantes, segundo o proxecto que se lles asigne, son os seguintes: Arxentina, Bolivia, Brasil, Colombia, Costa Rica, Cuba, Ecuador, El Salvador, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú, Republica Dominicana, Uruguai, Venezuela, Angola, Alxeria, Bangla Desh, Cabo Verde, Cambodja, Filipinas, Guinea Ecuatorial, Marrocos, Mozambique, Namibia, Níxer, Senegal, Timor Oriental, Túnez e Vietnam.

Procedemento de selección

A mediados de maio o INJUVE remitirá aos servizos públicos de emprego a oferta de prazas, que se poñerá a disposición das oficinas de emprego para que os e as solicitantes poidan encher a ficha de inscrición.

Aquelas persoas interesadas en participar, sempre que cumpran os requisitos, deberán acudir á oficina de emprego que lles corresponda e cumprir o formulario de inscrición.

Os servizos públicos de emprego (estatal e autonómicos) realizarán a preselección de candidatas e candidatos sobre a base da súa formación e experiencia profesional, tanto a relativa á súa titulación, como ao ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

Posteriormente, o INJUVE baremará os perfís que mellor se adecúen ao esixido nos proxectos, convocando as persoas seleccionadas a unha entrevista en Madrid, na sede do Instituto da Xuventude (C/ Ortega e Gasset, 71). A esta entrevista haberán de achegar copia da documentación acreditativa dos méritos que figuren na súa solicitude. Tras esta fase, que terá lugar a mediados de xullo, realizarase a selección definitiva dos e as 75 mozas cooperantes para esta edición.

En setembro convocarase aos e as 75 mozas a un curso selectivo en Madrid, dunha semana de duración e cuxa superación é obrigatoria para a formalización do contrato. Este curso ten por obxecto achegarlles os coñecementos e instrumentos

necesarios para o desenvolvemento do seu labor.

Tras a superación do curso e unha vez achegada a documentación orixinal requirida, asinarase o contrato do traballo co INJUVE e á posterior incorporación nos respectivos destinos.

Para máis información:

Instituto da Xuventude

José Ortega e Gasset, 71.

28006 Madrid

Teléfono: 91 363 76 50 / 47

Fax: 91 363 76 10

alatina@injuve.es

www.injuve.es



Inmersión lingüística en inglés para alumnos de 1º de bacharelato.

O Ministerio de Educación convoca bolsas para a estanza e participación nun programa intensivo de inmersión lingüística en España dunha semana de duración cada unha delas, en réxime de internado e pensión completa, en grupos de 15 alumnos, durante o mes de xullo de 2011.

Serán requisitos necesarios para optar a estas bolsas:

a) Estar matriculado no primeiro curso de Bacharelato no curso 2010-2011

b) Ter obtido no curso 2010-2011 a condición de bolseiro do Ministerio de Educación.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 4 de xuño de 2011.

Máis información no BOE do 24 de maio de 2011 e en www.educacion.es

marm.es

Bolsas en desenvolvemento rural e medio ambiente cooperativismo agrario e en agricultura ecolóxica.

O Ministerio de medio ambiente convoca bolsas de formación de postgrao en desenvolvemento rural e medio, en cooperativismo agrario e en agricultura ecolóxica.

Requisitos:

Estar en posesión do título de enxeñeiro, arquitecto, licenciado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado ou graduado universitario.

Finalizar o curso de formación de postgrao no ano da convocatoria das axudas. O curso deberá ter unha duración mínima de 200 horas lectivas.

Os interesados podrán solicitar todas oU algunHa das seguintes modalidades de bolsas:

Gastos de matrícula: ata o 100 por cen destes gastos.

Gastos de bolsa de estudos: ata un máximo de 10 € por hora lectiva.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 8 de xullo de 2011.

Máis información no BOE do 7 de xuño de 2011 e en www.marm.es



Bolsas de formación no Instituto de Avaliación

O Ministerio de Educación convoca 4 bolsas de formación no Instituto de Avaliación. As bolsas de formación terán unha duración de seis meses, dende o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2011.

Requisitos:

Estar en posesión de título universitario superior, obtido con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2006.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 4 de xullo de 2011.

Máis información no BOE do 13 de xuño de 2011 e en

<http://www.educacion.gob.es/ievaluacion.html>



Bolsas do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas

O Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas convoca 5 bolsas de formación de persoal investigador.

Requisitos:

Estar en posesión do título de Licenciado ou Enxeñeiro Superior. A data de finalización dos estudos correspondentes deberá ser posterior a xuño de 2006.

Estar inscrito, ou reunir os requisitos para ser admitido, nun programa de doutorado dunha Universidade española en materias afíns ás relacionadas no apartado primeiro para a bolsa ou bolsas polas que se opta.

A *duración* das axudas será de 48 meses.

A contía das axudas será de 1.148 € mensuais brutos.

O *prazo* de presentación de solicitudes estará aberto ata o 18 de xullo de 2011.

Máis información no BOE do 13 de xuño de 2011 e en www.cedex.es



Bolsas no Consello Superior de Deportes

O Consello Superior de Deportes convoca catro bolsas para a formación teórica e práctica de postgrao nas actividades que se realizan no Centro de Medicina do Deporte:

2 bolsas para Licenciados/Graduados en Medicina ou Licenciados en Medicina e Cirurxía:

Licenciatura ou Grao en Medicina.

Licenciatura en Medicina e Cirurxía.

1 bolsa para Diplomados/Graduados en Fisioterapia:

Grao ou Diplomatura en Fisioterapia

1 bolsa no Servizo de Documentación:

Licenciatura en Documentación.
Grao en Información e Documentación.

A contía de cada bolsa será de 14.400 € anuais íntegros, divididos en doce mensualidades.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 30 de xuño de 2011.
Máis información no BOE do 10 de xuño de 2011 e en www.csd.gob.es



Bolsas no Centro de Investigacións Enerxéticas, Ambientais e Tecnolóxicas

O Centro de Investigacións Enerxéticas, Ambientais e Tecnolóxicas convoca catorce axudas para persoal investigador en formación (PIF).

Requisitos dos solicitantes:

- a) Título oficial español de Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto.
- b) Título oficial español de Diplomado, Enxeñeiro Técnico e Arquitecto Técnico e ter superados polo menos 60 créditos de postgrao.
- c) Ter superados 300 créditos entre grao e postgrao, dos cales polo menos 60 correspondan a postgrao, aínda que non se finalizasen os estudos conducentes ao título oficial español de Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto.

Ter finalizado os estudos con posterioridade a xaneiro de 2007.

Posuír unha nota media ponderada do expediente académico igual ou superior a 1,50.

Características e duración das axudas.

A duración destas axudas será dun máximo de 48 meses, computados dende a data de incorporación do beneficiario ao CIEMAT.

Estes 48 meses estrutúranse en dous períodos ben diferenciados:

- a) No primeiro, cunha duración mínima de 24 meses, a axuda revestirá as características dunha bolsa e, durante este, o persoal investigador en formación deberá obter o Diploma de Estudos Avanzados (DEUSA)
- b) No segundo período, que comprenderá, como máximo, os dous anos seguintes dende a finalización do período de bolsa, o CIEMAT formalizará co persoal investigador en formación, un contrato de traballo en prácticas en virtude do cal o investigador quedará vinculado ao CIEMAT.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberta ata o 9 de xullo de 2011

Máis inforamción no BOE do 9 de xuño de 2011 e en www.ciemat.es



Bolsas de formación de postgraduados no BOE

A Axencia Estatal Boletín Oficial do Estado convoca seis bolsas para a realización de actividades de formación en tratamento e difusión da documentación xurídica e os fondos documentais.

Requisitos:

Estar en posesión dun título universitario de segundo ciclo ou Licenciado en calquera das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas ou Humanidades.

Ter obtido o devandito título no ano académico 2006 ou anos posteriores.

Formación específica en materias bibliotecarias ou de xestión documental.
A dotación das bolsas será de 965,70 € mensuais.
O prazo de presentación de instancias estará aberta ata o 27 de xuño de 2011.
Máis información no BOE do 6 de xuño de 2011



Bolsas de colaboración de estudantes en departamentos universitarios

O Ministerio de Educación [convoca](#) 3.304 bolsas para promover a mellora da formación dos estudantes universitarios que vaian finalizar os estudos de segundo ciclo ou último curso de Grado, mediante a asignación dunha bolsa que lles permita iniciarse en tarefas de investigación ou de prácticas vinculadas cos estudos que están a cursar e facilitar a continuación de estudos de postgrao con orientación profesional ou investigadora.

A dotación total e única da bolsa para todos os beneficiarios será de 2.700 €.

Requisitos:

Seguir durante o curso 2011-2012, por ensino oficial, os estudos nos que se encontran matriculados.

Prestar a súa colaboración en tarefas académicas durante tres horas diarias e ata o 30 de xuño do 2012 no destino correspondente, nos termos recollidos no proxecto de colaboración na universidade na que está matriculado no curso 2011-2012.

Requisitos académicos:

Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Graduado ou Máster oficial.

Ter superado todo o primeiro ciclo e, polo menos, o 45 por cento dos créditos que integran o segundo ciclo, con excepción dos estudantes de Medicina que deberán ter superado o 60 por cento destes. No caso dos estudantes de Grado encontrarse cursando os últimos 60 créditos para completar os requisitos para a obtención do título, e superar 180 créditos.

Estar matriculado en 2011-2012 en ensino oficial da totalidade das materias ou créditos que lle resten para finalizar os seus estudos.

Ter como nota media dos créditos superados a que se sinala a continuación para cada unha das ramas de titulacións universitarias oficiais:

- 5,50 puntos para a rama de Enxeñaría e Arquitectura ou Ensinanzas Técnicas
- 6,50 puntos para Ciencias e Ciencias da Saúde ou Ciencias Experimentais e Ciencias da Saúde.
- 7,00 puntos para Ciencias Xurídicas e Sociais e Artes e Humanidades ou Humanidades.

A solicitude deberase cumprir mediante o formulario accesible por vía telemática a través da sede electrónica do Departamento na dirección

<https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a «Trámites e Servizos» e enviala antes do 14 de outubro de 2011.

Máis información no BOE do 6 de xullo de 2011 e en www.educacion.es



Bolsas Raiña Sofía para cidadáns españois no exterior

A Dirección Xeral da Cidadanía Española no Exterior convoca para o ano 2011 as bolsas Raiña Sofía do Programa de Educación.

As Bolsas Raiña Sofía teñen por obxecto axudar aos españois residentes no exterior, que carezan de medios económicos abondo, a cursar estudos universitarios ou de posgrao en España.

Poderán acceder á condición de beneficiarios das Bolsas Raiña Sofía os españois que acrediten polo menos cinco anos de residencia no exterior e insuficiencia de recursos económicos.

As bolsas Raiña Sofía concederanse para realizar os seguintes estudos universitarios:

a) Bolsas para realizar estudos universitarios de grao, primeiro ciclo ou segundo ciclo, en España.

Para gozar deste tipo de bolsa por primeira vez, os aspirantes deberán estar en posesión da correspondente validación de estudos ou ter superado o proceso de acceso á universidade española.

b) Bolsas para realizar estudos universitarios de máster, doutorado ou terceiro ciclo universitario en España.

Para gozar desta bolsa é necesario ter obtido o título de grao ou de segundo ciclo nunha universidade española ou titulación equivalente nunha universidade estranxeira. Os estudos deberán durar polo menos todo un curso académico e constar de un mínimo de 200 horas lectivas presenciais.

En cada unha das modalidades de máster, doutorado ou terceiro ciclo, a bolsa poderá gozarse como máximo durante dous cursos académicos, con independencia dos cursos de que consten os estudos.

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 10 de agosto de 2011.

Máis información no BOE do 9 de xullo de 2011 e en

<http://www.ciudadaniaexterior.mtin.es>



Bolsas para estudos postobrigatorios e superiores non universitarios.

O Ministerio de Educación convoca bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral e de mobilidade, para o curso académico 2011-2012, para alumnado que curse estudos postobrigatorios e superiores non universitarios.

Bolsas:

Bolsas de carácter xeral para o alumnado que, no curso académico 2011-2012, curse algún dos estudos seguintes con validez en todo o territorio nacional:

- 1) Primeiro e segundo cursos de bacharelato.
- 2) Formación Profesional de grao medio e de grao superior.
- 3) Ensinanzas artísticas profesionais.
- 4) Ensinanzas deportivas.
- 5) Estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas, incluídos a modalidade de distancia.
- 6) Ensinanzas artísticas superiores.
- 7) Estudos relixiosos superiores.
- 8) Estudos militares superiores.

Bolsas de mobilidade para o alumnado que, no curso académico 2011-2012, curse algún dos estudos a que se refiren os números 6) e 7) anteriores en modalidade presencial e en centros situados en comunidade autónoma distinta á do seu domicilio familiar.

Axudas:

Convócanse axudas ao estudo para o alumnado que, no curso académico 2011-2012, curse algún dos estudos seguintes con validez en todo o territorio nacional:

1) Cursos de preparación para as probas de acceso á Formación Profesional impartidas por centros públicos e en centros privados concertados que, ademais, teñan autorizadas as ensinanzas de formación profesional.

2) Programas de cualificación profesional inicial.

A solicitude deberase cumprir mediante o formulario accesible por vía telemática a través da sede electrónica do Departamento na dirección <https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a «Trámites e Servizos».

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o día 30 de setembro de 2011 inclusive.

Poderán presentarse solicitudes de bolsa despois do 30 de setembro nos seguintes casos:

- Primeiro. -En caso de que se concedese un prazo de matrícula con posterioridade ao 30 de setembro, sempre que a bolsa se presente coa solicitude de matrícula.

- Segundo. -En caso de falecemento do sustentador principal da familia, ou por xubilación forzosa que non se produza por cumprir a idade regulamentaria acontecidos despois de transcorrido o devandito prazo.

- Terceiro. -En caso de estudantes cuxa situación económica familiar se vise gravemente afectada por causa extraordinaria sobrevida e debidamente xustifica

Máis información no BOE do 27 de xullo de 2011 e en www.educacion.es



Axudas para proxectos culturais e de formación non regulada

O Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais convoca para o ano 2011 axudas para proxectos culturais e de formación non regulada.

Poderán optar a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas que actúen como promotores e organizadores de proxectos culturais pertencentes ao campo teórico ou de edición de publicacións e proxectos que apoiem programas específicos de formación non regulada.

modalidades:

a) Proxectos culturais pertencentes ao campo teórico (tales como congresos, seminarios, encontros ou exposicións), ou de edición de publicacións, que poidan enriquecer o panorama audiovisual español dende unha perspectiva cultural.

b) Proxectos que apoiem programas específicos de formación non regulada:

1. Para profesionais, incluíndo persoal creativo e técnico.

2. De formación do público.

Nas actividades de carácter docente-formativo, a actividade obxecto do proxecto non poderá ter unha execución no tempo por un período superior a seis meses nin inferior a unha semana.

As actividades poderán realizarse durante o segundo semestre de 2011 e o primeiro semestre de 2012.

Prazo de presentación de solicitudes: 17 DE SETEMBRO DE 2011

Máis información: BOE do 18 de agosto de 2011



Bolsas de formación no Observatorio Estatal de Violencia sobre a muller

O Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, establécense convoca catro bolsas individuais de formación no Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller, en materia de violencia de xénero.

Requisitos:

Bolsa 1: Licenciatura ou grao correspondente en Estatística, Socioloxía ou Economía.

Bolsa 2: Licenciatura ou Grao correspondente en Socioloxía

Bolsa 3: Licenciatura ou Grao correspondente en Dereito

Bolsa 4: Licenciatura ou Grao correspondente en Socioloxía, Ciencias Políticas ou en Antropoloxía Social e Cultural.

A dotación económica de cada unha das bolsas que se convocan comprenderá unha asignación de 1.085 € brutos mensuais e unha única asignación para gastos asociados á bolsa por un importe de 780 €

O prazo de presentación de solicitudes: 21 de setembro de 2011.

Máis información: BOE 1 de setembro de 2011 e na seguinte dirección de correo electrónico: violencia-genero@igualdad.mspsi.es



Bolsas Turismo de España 2011

O Instituto de Turismo de España convoca bolsas «Turismo de España» 2011 para realizar prácticas profesionais e de investigación turística nas Oficinas Españolas de Turismo no estranxeiro.

Bolsas: 31.

20 prazas para Europa (excluído Moscú)

11 prazas para o resto de destinos (incluído Moscú).

Europa: Berlín, Bruxelas, Copenhague, Dublín, Düsseldorf, Estocolmo, Fráncfort, Helsinki, A Haia, Lisboa, Londres, Milán, Moscú, Múnic, Oslo, París, Roma, Varsovia, Viena, Zúrich,

Rexión Asia-Pacífico: Singapur, Cantón.

Norteamérica: Chicago, Los Ángeles, Miami, México, Nova York, Toronto.

Sudamérica: Bos Aires, Sao Paulo.

Requisitos:

1. Estar en posesión da nacionalidade española.
 2. Dispoñer dunha licenciatura universitaria (calquera licenciatura), ou ben dispoñer dunha diplomatura en Turismo, Ciencias Económicas e Empresariais, Mercadotecnia, Socioloxía e Xestión e Administración Pública. As devanditas titulacións deberon superarse con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2008.
 3. Ter unha nota media mínima de 1,6 sobre 4, nas cualificacións finais dos estudos que se aleguen para concorrer á bolsa.
 4. Non ter gozado con anterioridade de ningunha bolsa «Turismo de España»
- Idiomas: posuír un elevado coñecemento de inglés e dominio do idioma do país en que estea situada a oficina de turismo no estranxeiro.

Dotación:

Europa occidental e Varsovia 48.000 €

Resto de rexións: 62.000 €.

Duración: de abril de 2012 a abril de 2014.

No importe da bolsa están incluídos os gastos de desprazamento.

Prazo: 29 de setembro de 2011.

Máis información no BOE do 9 de setembro de 2011 e en www.tourspain.es



Bolsas no Instituto Xeográfico Nacional.

O Instituto Xeográfico Nacional convoca 20 bolsas destinadas a titulados superiores para a formación nos campos da astronomía, a xeodesia, a xeofísica, a xeomática e a cartografía.

A contía individual da bolsa será de 12.000 € anuais.

Bolsas:

Astronomía: 3 bolsas. Titulación preferente: Ciencias Físicas. Observatorio de Yebes (Guadalaxara).

Instrumentación: 4 bolsas. Titulación preferente: Ciencias Físicas. Enx.

Telecomunicación. Enx. Electrónico. Observatorio de Yebes (Guadalaxara).

Xeodesia: 2 bolsas. Titulación preferente: Ciencias Físicas. Enx. Telecomunicación. Enx. Geodesia y Cartografía. Sede Central do IGN en Madrid e Observatorio de Yebes (Guadalaxara).

Xeofísica: 3 bolsas. Titulación preferente: Ciencias Físicas. Real Observatorio de Madrid

Xeomática: 3 bolsas. Titulación preferente: Enx. Geodesia y Cartografía. Enx. Telecomunicación. Enx. en Informática.

Licenciado en Informática. Sede Central do CNIG en Madrid

Cartografía: 5 bolsas. Titulación preferente: Enxeñerías Técnicas Superiores. Matemáticas. Ciencias Físicas.

Requisitos:

Ter finalizado os estudos, e estar en condicións de obter o correspondente Título nos tres anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Non superar os 35 anos de idade ao final do prazo de presentación das solicitudes.

Prazo: 1 de outubro de 2011.

Máis información no BOE do 12 de setembro de 2011 e en www.ign.es



Bolsas do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP)

O Instituto Nacional de Administración Pública convoca bolsas de formación práctica.

2 bolsas destinadas a titulados superiores universitarios en Biblioteconomía e Documentación.

2 bolsas destinadas a titulados superiores universitarios en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.

3 bolsas destinadas a titulados superiores universitarios en Dereito, Ciencias Políticas ou Administración Pública.

A contía individual das bolsas será de 1.300 € mensuais.

O período máximo de desfrute da bolsa será dun ano, prorrogable por outro ano máis.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 1 de outubro de 2011.
Máis información no BOE do 14 de setembro de 2011 e en <http://sede.inap.gob.es>



SENADO

Formación archivística, documental e bibliotecaria no Senado

O Senado convoca 15 bolsas de formación archivística, documental e bibliotecaria, dirixidas a mozos titulados que desexen especializarse nestes campos.

As bolsas outórganse cunha duración dun ano (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012) e consistirán en doce pagamentos de 800 € brutos.

Requisitos:

Título oficial universitario en Biblioteconomía e Documentación.

Licenciados universitarios españois e doutros países membros da Unión Europea que reúnan as tres condicións seguintes:

- a) ter nacido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1983.
- b) acreditar ter cursado estudos en materias archivísticas, bibliotecarias ou documentalistas durante polo menos 200 horas lectivas, e
- c) non ter gozado en anos anteriores da mesma bolsa do Senado.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de outubro de 2011**.

Máis información no BOE do 16 de setembro de 2011 e en www.senado.es



SENADO

Bolsas de comunicación institucional no Senado

O Senado convoca tres bolsas de formación sobre comunicación institucional, interna e externa, dirixidas a mozos licenciados que desexen especializarse neste campo.

As bolsas outórganse cunha duración dun ano (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012) e consistirán en doce pagamentos de 900 €.

Requisitos:

licenciados universitarios en Periodismo españois ou ben os posuidores dun título de Grao Oficial equivalente, que reúnan as dúas condicións seguintes:

- a) ter nacido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1984.
- b) non ter gozado en anos anteriores da mesma bolsa do Senado.

O prazo para a presentación de instancias estará aberto ata o día 7 de outubro de 2011, ás 13:30 horas.

Máis información no BOE do 20 de setembro de 2011 e en www.senado.es



Bolsas de especialización e formación no Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía convoca bolsas de especialización e formación en materias e actividades competencia deste organismo para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

As bolsas serán das seguintes clases:

1. Bolsas de especialización no Departamento de Coleccións: licenciatura.
2. Bolsas de especialización no Departamento de Exposicións: licenciatura.
3. Bolsa de coordinación no Departamento de Actividades Públicas: licenciatura.
4. Bolsa de coordinación no Departamento de Exposicións: licenciatura.
5. Bolsa de prácticas museísticas no Departamento de Exposicións: licenciatura en Historia da Arte.
6. Bolsa de restauración, especialidade pintura, no Departamento de Conservación e Restauración: licenciatura en Belas Artes, especialidade de conservación-restauración, ou ben dunha diplomatura pola Escola Superior de Conservación-Restauración, en ambos casos especialidade pintura.
7. Bolsa de biblioteconomía e documentación na Biblioteca e Centro de Documentación: licenciatura en Biblioteconomía e Documentación o dunha licenciatura cun título técnico de capacitación de alomenos un ano en Biblioteconomía e Documentación.

Todas as bolsas se desenvolverán nos referidos departamentos do organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

Os beneficiarios contarán co asesoramento, orientación e seguimento dun titor.

Prazo: 5 de outubro de 2011.

Información: BOE do 20 de setembro de 2011.

www.museoreinasofia.es



Bolsas en investigación social aplicada

O Centro de Investigacións Sociolóxicas convoca 7 bolsas destinadas a titulados superiores universitarios, para a formación de postgraduados nos métodos e técnicas utilizados na investigación social aplicada.

Requisitos: título graduado ou licenciado.

Os aspirantes á obtención desta bolsa deberán acreditar unha cualificación media final igual ou superior a un 1,8 (segundo o baremo de 1 a 4).

O disfrute das bolsas comezará en xaneiro de 2012 e concluirá en decembro de 2012.

A contía individual da bolsa será de 12.190 € anuais.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 13 de outubro de 2011.

Máis información no BOE do 29 de setembro de 2011 e en www.cis.es



Bolsa no Centro Nacional de Transplantes e Medicina Rexenerativa

O Centro Nacional de Transplantes e Medicina Rexenerativa convoca unha bolsa orientada á optimización da doazón e o transplante de órganos, tecidos e células e ao fomento do coñecemento e a investigación en transplantes.

Requisitos:

Estar en posesión do título de licenciado, ou de grao no seu caso, en Medicina, Farmacia ou Bioloxía.

A contía será de 1.354,81 € mensuais.

O prazo para solicitar a beca estará aberto ata o 18 de outubro de 2011.

Máis información no BOE do 1 de outubro de 2011 e en www.ont.es



Bolsas para a formación e investigación no Ministerio de Educación.

O Ministerio de Educación convoca 148 bolsas de formación e investigación en réxime de concorrencia competitiva, das cales 20 serán de formación en observación e deseño de cualificacións profesionais, 9 en documentación e lexislación educativa, 26 en investigación e innovación educativa, 60 en tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á educación, 14 en área de documentación, biblioteca e arquivo e 19 en avaliación e estatísticas educativas. As bolsas de formación terán unha duración de ata doce meses.

A dotación integral anual máxima de cada bolsa de formación será de 12.324 € e distribuirase en doce meses por importe de 1.027 € por cada mes de duración.

Requisitos:

Estar en posesión da titulación requirida para cada tipo de bolsa ([consultar BOE](#)) e tela obtido con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2008.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 24 de novembro de 2011.

Máis información no BOE do 4 de novembro de 2011 e en www.educacion.es



Bolsas de colaboración coa Dirección Xeral de Comercio Interior

A Dirección Xeral de Comercio Interior convoca catro bolsas de colaboración para titulados superiores de calquera grao ou carreira universitaria.

Os bolseiros colaborarán no estudo, entre outros, do ámbito comercial, a análise da pequena e mediana empresa comercial, o sector da distribución e as estruturas comerciais, os procesos de formación de prezos, a proxección exterior da distribución comercial española e a análise comparada dos aspectos comerciais, fundamentalmente con países da UE.

Requisitos:

a) Nacionalidade española.

b) Idade non superior a 28 anos na data da convocatoria.

c) Estar en posesión de calquera titulación universitaria superior, tal como Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou equivalente.

Cada bolsa estará dotada con 10.375 €

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 20 de decembro de 2011.

Máis información no BOE do 4 de novembro de 2011 e en www.mityc.es

Bolsas do Consello Económico e Social

O Consello Económico e Social convoca 5 bolsas de estudos e traballo:

Dirección da Área de Estudos e Análise: tres bolsas.

Bolsa E1: para titulados superiores universitarios en Economía, para a realización de estudos e traballos en materias propias da titulación en Economía.

Bolsa E2: para titulados superiores universitarios en Dereito, para a realización de estudos e traballos propios da titulación en Dereito.

Bolsa E3: para titulados superiores universitarios con preparación teórica específica en Xestión Editorial en ámbitos e contidos dixitais, para a realización de estudos e traballos de planificación e xestión de proxectos editoriais, multimedia e interactivos.

Dirección de Documentación: dúas bolsas.

Bolsa D1: para titulados superiores universitarios nas áreas de Ciencias da Información ou de Documentación, para a realización de estudos e traballos de desenvolvemento e mantemento de contidos nos «sitios» web do CES e confección de resumos de informes e noticias de prensa sobre o CES ou materias nas que é competente.

Bolsa D2: para titulados superiores universitarios en Documentación, para a realización de estudos e traballos de catalogación, clasificación e indexación de documentos, e mantemento de bases documentais e desenvolvemento de contidos nos «sitios» web do Consello.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 7 de decembro de 2011. Máis información no BOE do 22 de novembro de 2011 e en www.ces.es

Axudas para o desenvolvemento de teses doutorais no CSIC

A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e a Fundación «a Caixa» convocan 10 axudas para cursar un doutorado no Centro Nacional de Biotecnoloxía (CNB) do CSIC.

Requisitos: estudantes españois e estranxeiros que finalizasen, con posterioridade ao 31 de outubro de 2008, os estudos universitarios que cualifican, segundo a lexislación española, para o acceso ás ensinanzas de terceiro ciclo ou aos estudos Oficiais de Postgrao.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 17 de febreiro de 2012. Máis información no BOE do 22 de novembro de 2011 e en www.cnb.csic.es.

Profesores visitantes en centros escolares dos Estados Unidos de América e Canadá

O Ministerio de Educación convoca 175 prazas para profesores visitantes en centros escolares dos Estados Unidos de América e Canadá, para o curso académico 2012-2013.

Requisitos:

Ter nacionalidade española.

Dominar o idioma inglés oral e escrito.

Non padecer enfermidade que imposibilite o exercicio da docencia.

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Título de Licenciado ou Grao

Título de Mestre.

Prazo: 20 de decembro de 2011.

Máis información no BOE do 30 de novembro de 2011 e en

www.educacion.es/educacion/actividad-internacional



Formación práctica para doutores no CSIC

A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) convoca concurso para a incorporación de persoal con grao doutor para a súa formación como técnico de transferencia de coñecemento, mediante contrato en prácticas, no marco do programa «Xunta para a Ampliación de Estudos».

A dotación destes contratos será de 27.540,24 euros brutos anuais para o ano 2012.

Requisitos:

a) Estar en posesión do título de Doutor.

b) Non ter transcorrido máis de dez anos dende a data de obtención do doutorado (data de lectura e aprobación da Tese doutoral).

Os doutores contratados incorporaranse e traballarán na Vicepresidencia Adxunta de Transferencia do Coñecemento do CSIC (3), o Instituto de Física de Cantabria (1), o Centro de Ciencias Humanas e Sociais de Madrid (1) e na Delegación do CSIC en Cataluña (1),

O prazo de presentación de solicitudes estará aberta ata o 31 de decembro de 2011.

Máis información no BOE do 8 de decembro de 2011 e en www.csic.es



Bolsa do Real Instituto e Observatorio da Armada

O Real Instituto e Observatorio da Armada convoca unha bolsa de axuda á investigación a desenvolver utilizando os medios instrumentais, histórico-artísticos e bibliográficos da Institución, sobre os seguintes temas de actividade científica e cultural do Real Instituto e Observatorio da Armada:

Astronomía, Xeodesia, Xeofísica, Metroloxía e Historia

Poderán optar a esta bolsa todos os españois sen límite de idade que acrediten experiencia, traballos ou certificados académicos relacionados coa presente convocatoria.

Terá unha dotación de 4.000 €, en dous prazos de 2.000 €, o primeiro á concesión da bolsa e o segundo á entrega do traballo polo bolseiro.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 6 de febreiro de 2011.

Máis información no BOE do 6 de decembro de 2011



Bolsas de Introducción á Investigación no CSIC

A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, convoca 100 bolsas destinadas a alumnos matriculados nos cursos intermedios de carreira, en Facultades e Escolas Técnicas Superiores Universitarias. As bolsas convócanse no marco do Programa «Xunta para a Ampliación de Estudos»

Requisitos:

Ter aprobados máis do 40% e menos do 70% dos créditos correspondentes á súa titulación.

Estar matriculado durante o curso 2011-2012 nunha Facultade ou Escola Técnica Superior Universitaria en materias que somen un número total de créditos igual ou superior a 50.

Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Licenciado, Enxeñeiro Superior ou Arquitecto.

Ter obtido unha nota media igual ou superior a 1,50 para alumnos de Escolas Técnicas Superiores e a 2 para alumnos do resto de ensinanzas.

A contía total das bolsas será de 1.500 € cando a distancia entre a súa localidade de residencia e a localidade de situación do Centro onde vaia cumprir o seu plan de traballo, sexa inferior a 60 km e de 2.000 € para distancias iguais ou superiores

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 9 de xaneiro de 2012.

As solicitudes están dispoñibles en <https://sede.csic.gob.es>

Máis información no BOE do 10 de decembro de 2011 e en www.csic.es



Auxiliares de conversación de lingua española no estranxeiro.

O Ministerio de Educación [convoca](#) prazas para auxiliares de conversación de lingua española en centros docentes de Alemaña, Australia, Austria, Bélxica, Canadá, Estados Unidos, Francia, Irlanda, Italia, Malta, Nova Zelandia, Portugal e Reino Unido, para o curso académico 2012-2013.

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 10 de xaneiro de 2012.

Alemaña: 125 prazas

Austria: 25 prazas

a) Estudante do último curso ou Licenciado en Filoloxía Alemá ou Tradución e Interpretación con alemán como primeira lingua estranxeira.

- b) Estudante do último curso de Maxisterio ou Mestre con especialidade en lingua estranxeira, se se ten incluída a lingua alemá no plan de estudos.
- c) Estudante do último curso ou Licenciado en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, se se ten incluída a lingua alemá no plan de estudos.

Bélxica: 15 prazas

Canadá: 1 praza

Francia: 490 prazas

- a) Estudante do último curso ou Licenciado en Filoloxía Francesa ou Tradución e Interpretación, con francés como primeira lingua estranxeira.
- b) Estudante do último curso de Maxisterio ou Mestre con especialidade en francés como primeira lingua estranxeira.
- c) Estudante do último curso de maxisterio ou dunha licenciatura, ou Licenciado ou Mestre con calquera especialidade, se se acreditan coñecementos de francés.

Australia: 2 prazas

Estados Unidos: 27 prazas

Canadá: 2 prazas

Irlanda: 12 prazas

Malta: 4 prazas

Nova Zelandia: 3 prazas

Reino Unido: 350 prazas

- a) Estudante do último curso ou Licenciado en Filoloxía Inglesa ou Tradución e Interpretación, con inglés como primeira lingua estranxeira.
- b) Estudante de último curso de Maxisterio ou Mestre con especialidade en inglés como primeira lingua estranxeira.
- c) Estudante do último curso ou Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Románica, se se ten incluída a lingua inglesa no seu plan de estudos.

Italia: 25 prazas

- a) Estudante do último curso ou licenciado en Filoloxía Italiana ou Tradución e Interpretación, con italiano como primeira lingua estranxeira.
- b) Estudante do último curso ou licenciado en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, se se ten incluída a lingua italiana no seu plan de estudos.

Portugal: 10 prazas

- c) Estudante do último curso ou licenciado en Filoloxía Portuguesa ou Tradución e Interpretación, con portugués como primeira lingua estranxeira.
- d) Estudante do último curso ou licenciado en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, se se ten incluída a lingua portuguesa no seu plan de estudos.

Máis información no BOE do 21 de decembro de 2011 e en:

www.educacion.gob.es/educacion/actividad-internacional



Bolsas en investigación e control de calidade dos produtos de consumo

O Instituto Nacional do Consumo convoca 3 bolsas de formación en materia de investigación e control de calidade dos produtos de consumo, no Centro de Investigación e Control da Calidade, para o exercicio 2012.

Requisitos: título de licenciado en Ciencias Físicas, Químicas, Bioloxía, Biotecnoloxía, Enxeñaría Industrial e en calquera outra ciencia experimental ou ensino técnico relacionado coas tecnoloxías dos alimentos e dos produtos ou servizos de uso e consumo.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 11 de xaneiro de 2012

Máis información no BOE do 22 de decembro de 2011 e en www.consumo-inc.es



Bolsas do Programa Salvador de Madariaga en Florencia

O Ministerio de Educación convoca 16 bolsas e contratos do Programa Salvador de Madariaga no Instituto Universitario Europeo de Florencia (IUE).

As áreas científicas que poderán ser obxecto dos proxectos a realizar no IUE son:

a) Historia e civilización. Reconsiderando a historia de Europa. Historia da expansión europea. Historia da cultura (séculos XV a XX). A Historia das ideas e a Historia da ciencia. Estado, Economía e Réximes políticos (séculos XV a XX).

Historia internacional e Historia da integración europea. Xénero, muller e familia.

b) Economía. Estatística e econometría. Macroeconomía. Microeconomía.

c) Dereito. Europeización do dereito privado. Impacto da constitucionalización e a ampliación sobre o dereito da Unión Europea. Impacto da globalización no dereito internacional e os dereitos humanos: Perspectiva europea.

d) Ciencias políticas e sociais. Transformación de goberno e democracia. Cambio social. Estudo comparativo de políticas públicas. Estruturas políticas e sociais e comportamento. Relacións internacionais e seguridade. Teoría social e política.

A duración máxima das axudas será de corenta e oito meses. As axudas estrutúranse en dous períodos diferenciados, o primeiro en réxime de bolsa e o segundo de contrato en prácticas.

As axudas comprenderán:

Unha dotación económica mensual de 1.400 € durante a fase de bolsa dos dous primeiros anos e de 1.500 € durante a fase de contrato durante o terceiro e cuarto ano.

Unha axuda de viaxe de incorporación para o primeiro e outra para o terceiro ano por un importe total de 700 € cada unha.

Os beneficiarios das axudas serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social e terán a cobertura da asistencia sanitaria do sistema de Seguridade Social. Requisitos: título de licenciado ou equivalente, en materias xurídicas, económico-empresariais, político-sociolóxicas, ou de humanidades, para a realización do doutorado nos devanditos campos.

Ter finalizado os estudos despois do 1 de xaneiro de 2003 e ser menor de 35 anos no momento de incorporarse ao Instituto.

Ter dominio de dúas linguas oficiais da Unión Europea, con preferencia do inglés e/ou francés.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do 10 ao 31 de xaneiro de 2012.

Máis información no BOE do 3 de xaneiro de 2012 e en www.educacion.es



Bolsas para cursos de inmersión en lingua inglesa da UIMP

O Ministerio de Educación convoca axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Poderán solicitar estas axudas os mozos que non cumprisen 30 anos a 31 de decembro de 2012 e que obtivesen a condición de bolseiro para Ensinanzas Universitarias, Ensinanzas Artísticas Superiores, Outros estudos Superiores ou Formación Profesional de Grao Superior nalgunha das seguintes convocatorias do

MEC:

Bolsas de carácter xeral para alumnado que curse estudos postobrigatorios e superiores non universitarios nos cursos:

2009-2010 y 2010-2011

Bolsas de carácter xeral e mobilidade para alumnado universitario nos cursos:

2009-2010 y 2010-2011

Os cursos, tanto na modalidade de Axilidade Oral como de Inglés especializado, terán unha duración de cinco días e desenvolveranse en réxime de internado de domingo pola tarde a sábado a mediodía

Os cursos terán lugar en Santander, Madrid, A Coruña, Cuenca, Valencia, Sevilla, Granada, Tenerife, La Línea de la Concepción, Barcelona e Pireneos no período comprendido entre o 5 de marzo e o 10 de decembro de 2012.

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012.

Máis información no BOE do 24 de decembro de 2011 e en www.uimp.es



Bolsas en Seguridade Nuclear e Protección Radiolóxica

O Consello de Seguridade Nuclear convoca bolsas de formación para a especialización en materia de Seguridade Nuclear e Protección Radiolóxica.

O número de bolsas convocadas son oito:

Catro bolsas en materias específicas de seguridade nuclear.

Catro bolsas en materias específicas de protección radiolóxica

Requisitos:

A data de obtención do título que dá acceso á bolsa deberá ser posterior ao ano 2006.

Titulación universitaria superior técnica ou científica. Preferiblemente, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría química, Físicas, excepto na bolsa destinada a área de formación en Deseño, Construción e Comportamento de Estruturas en Instalacións Nucleares con vida de deseño de ata 100 anos: Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

O *prazo* de presentación das solicitudes estará aberto ata o 22 de febreiro de 2012

Máis información no BOE do 23 de xaneiro de 2012 e en <http://www.csn.es>

MUSEO NACIONAL
DEL PRADO



Bolsas do Museo do Prado

O Ministerio de Educación convoca bolsas para participar durante doce meses (12) na formación de especialistas e fomentar a investigación nas seguintes Áreas do Museo Nacional do Prado:

A) Documentación. Unha bolsa para documentalista na Área de Biblioteca, Documentación e Arquivo. Participación no proxecto «Actualización da base de

datos de obras de arte do Museo Nacional do Prado e difusión da información a través da web».

B) Área de Conservación de Pintura do século XIX. Unha bolsa para investigador-documentalista. Participación no proxecto de documentación do Museo Nacional de Arte Moderna (MAM).

Requisitos:

A) Servizo de Documentación e Arquivo:

- a. Licenciatura en Historia da Arte. Os expedientes académicos cuxa nota media sexa inferior a notable (7 sobre 10) serán desestimados.
- b. Coñecementos sobre Historia da Arte, especialmente das coleccións e edificios do Museo Nacional do Prado.
- c. Coñecementos sobre metodoloxía na investigación en Historia da Arte (arquivos, biblioteca, hemerotecas, etc.).
- d. Coñecementos sobre catalogación e documentación de obras de arte.
- e. Coñecemento sobre sistemas informatizados de xestión documental en museos.
- f. Coñecementos de documentación, redacción e actualización de contidos xerais e artísticos en websites institucionais.
- g. Dominio do inglés.

B) Área de Conservación de Pintura do século XIX:

- a. Licenciatura en Historia da Arte. Os expedientes académicos cuxa nota media sexa inferior a notable (7 sobre 10) serán desestimados.
- b. Coñecementos xerais sobre Museoloxía.
- c. Coñecemento sobre o Museo Nacional do Prado e as súas coleccións, especialmente das coleccións do século XIX.
- d. Coñecementos de técnicas pictóricas e artísticas no século XIX.
- e. Coñecementos sobre metodoloxía da investigación da historia da arte (arquivos, bibliotecas, hemerotecas, etc.).
- f. Coñecementos de programas informáticos e bases de datos.
- g. Coñecementos de inglés.

Dotación: 18.000 € anuais

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de febreiro de 2012
Máis información no BOE do 2 de febreiro de 2012 e en www.museodelprado.es



PATRIMONIO NACIONAL

Bolsas para postgraduados en Patrimonio Nacional

Patrimonio Nacional convoca 6 bolsas para postgraduados para o ano 2012.

Bolsa n.º 1: Tecnoloxías da Información e Comunicións.

Titulación esixida: Titulación universitaria oficial no ámbito de novas tecnoloxías TIC.

Bolsa n.º 2: Recursos Humanos e Relacións Laborais.

Titulación esixida: Titulación universitaria oficial no ámbito de Recursos Humanos e Relacións Laborais.

Bolsa n.º 3: Relacións e Comunicación Institucional.

Titulación: Formación universitaria oficial en Dereito. Nivel avanzado de inglés. Niveis B2, C1 ou C2, do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL).

Bolsa n.º 4: Documentación Histórico Artística. Revisión e ampliación do Catálogo histórico dos edificios, xardíns e Padroados Reais do Patrimonio Nacional.

Titulación: Licenciado en Historia da Arte ou título de Graduado ou Graduada no devandito ámbito.

Bolsa n.º 5: Inventario de Elementos, Maquinaria e Instrumentos Técnico-Científicos.

Titulación: Título de Licenciado ou de Grao. Preferentemente con posgrao sobre museoloxía, bens mobles, patrimonio histórico e/ou artístico e/ou xestión do patrimonio.

Bolsa n.º 6: Desenvolvemento e Seguimento de Exposicións Temporais.

Titulación: Formación universitaria oficial en Historia da Arte.

O período de desfrute da bolsa será dende a súa concesión ata o 30 de decembro de 2012. O seu aboamento realizarase por mensualidades vencidas de 1.215 €

Requisitos: ter finalizado os seus estudos no ano 2007 ou en data posterior.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 27 de febreiro de 2012.

Máis información no BOE do 11 de febreiro de 2012 e en www.patrimonionacional.es



Bolsas MAEC-AECID para cidadáns españois

A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento convoca bolsas MAEC-AECID para cidadáns españois para o curso académico 2012-2013.

Requisitos:

Ter a nacionalidade española. Os solicitantes procedentes doutro país da Unión Europea deben posuír perfecto dominio do español e residencia oficial e cotiá demostrable en España, no momento de solicitar a bolsa.

Estar en posesión de pasaporte nacional con validez mínima de seis meses no momento de incorporarse ao centro estudos de destino.

Posuír a titulación necesaria que se requira legalmente para cursar os estudos elixidos no momento de solicitar a bolsa.

Coñecer a lingua estranxeira correspondente para a realización dos estudos proxectados.

As solicitudes de bolsa terán que ser cumpridas debida e enteiramente en español no formulario correspondente por vía telemática, en www.aecid.gob.es

Bolsas para españois para estudos europeos especializados

Programa II.A: Bolsas para Españois no Colexio de Europa, Campus de Bruxes (Bélxica) e Natolin (Polonia)

Prazo de presentación de solicitudes: Dende o 1 ao 15 de marzo de 2012.

Duración: 9 meses e medio, a partir do 16 de setembro de 2012.

Requisitos específicos:

Posuír título de licenciado ou grao, ou ser estudante de último ano de grao.

Dominio de inglés e francés.

Cumprir cos requisitos do Colexio de Europa, remitíndolle directamente o seu propio impreso de solicitude de praza e a documentación específica que solicita (descargar en: www.coleurope.eu), nos prazos estipulados polo Colexio.

Cumprir cos requisitos da convocatoria de Bolsas MAEC-AECID, enviando a solicitude de bolsa por vía telemática (descargar en: www.aecid.gob.es).

Dotación: 1.875 € mensuais.

Axuda de viaxe e seguro de asistencia médica

Bolsas para españois de cooperación cultural en España e o Exterior

Programa III-A: Bolsas para cidadáns españois para prácticas de Xestión Cultural para o Desenvolvemento

Prazo: Dende o 1 ata o 15 de marzo de 2012.

Duración: 1 de xullo de 2012 ao 30 de xuño de 2013.

Dotación:

- . Xapón, Emiratos Árabes Unidos e Kuwayt: 2.200 € mensuais.
- . República Democrática do Congo e Rusia: 2.000 € mensuais.
- . Iberoamérica: 1.500 € mensuais.
- . U.E. e resto países Europa (incluída Turquía): 1.800 € mensuais.
- . Occidentais: (EUA Canadá, Australia, Nova Zelandia): 1.800 € mensuais.
- . Asia Central: 1.800 € mensuais.
- . Países do Golfo Pérsico (agás Emiratos Árabes Unidos e Kuwayt): 1.800 €
- . Oriente Próximo: 1.500 € mensuais.
- . Asia Pacífico: 1.800 € mensuais.
- . África Subsahariana (agás República Democrática do Congo): 1.800 € mensuais.
- . Magreb: 1.500 € mensuais.

Máis información no BOE do 21 de febreiro de 2012 e en www.aecid.gob.es



Bolsas MAEC-AECID para estudos artísticos na Academia de España en Roma

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación convoca bolsas que teñen por obxecto a estanza para a ampliación de estudos artísticos na Academia de España en Roma de creadores, investigadores, restauradores españois e iberoamericanos para a realización de estudos, ou desenvolvemento de proxectos nesta durante o curso académico 2012-2013.

A duración das bolsas será do 1 de outubro de 2012 ao 30 de xuño de 2013, por trimestres naturais acumulables. Poderanse solicitar, polo tanto, bolsas para períodos de tres, seis ou nove meses, de acordo co tempo que se requira para a realización do proxecto.

Por parte da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) concederanse bolsas para as seguintes especialidades:

Artes visuais:

Escultura.

Pintura.

Videocreación.

Gravado.

Outros.

Arquitectura.

Fotografía.

Música e musicoloxía.

Artes escénicas.

Cine.

Literatura (Bolsa Valle Inclán).

Estética e museoloxía.

Teoría, análise, e crítica das Belas Artes.

En colaboración coa Fundación Rafael del Pino, concederanse bolsas na especialidade de Arquitectura en Restauración do Patrimonio Artístico e Cultural.

Requisitos:

Ser cidadán español ou iberoamericano titulado universitario superior ou artista e creador de demostrable traxectoria, sen límite de idade, en áreas afíns a cada unha das especialidades mencionadas anteriormente.

Os solicitantes iberoamericanos, deberán ter a nacionalidade do seu país de orixe e non posuír a residencia en España.

En caso dos solicitantes procedentes dun país membro da Unión Europea deben posuír perfecto dominio do español e residencia oficial e cotiá demostrable en España, no momento de solicitar a bolsa.

A Academia de España en Roma é unha institución da Administración Xeral do Estado que ten por obxecto primordial contribuír á formación artística e humanística de creadores, restauradores e investigadores, coa finalidade derivada de lograr unha maior presenza cultural española en Italia, un mellor entendemento das culturas de ambos os dous países e unha maior vinculación cultural entre Europa e Iberoamérica.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do 1 ao 22 de marzo de 2012. Máis información no BOE do 22 de febreiro de 2012, en www.aecid.gob.es e www.raer.it



Lectorados MAEC-AECID en universidades estranxeiras para o curso 2012/2013.

A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento convoca lectorados MAEC-AECID en universidades estranxeiras para o curso 2012/2013.

Requisitos:

1. Nacionalidade española.
2. Licenciado ou doutor por unha universidade española en: Filoloxía, Lingüística, Teoría da Literatura, Tradución e Interpretación ou Humanidades.
3. Formación específica na didáctica do español.
4. Experiencia docente do idioma español, e/ou de literatura en español.
5. Coñecementos do idioma oficial do país solicitado, ou doutro habitualmente aceptado nel como de comunicación universitaria
6. Idade, non superior aos 35 anos á data de incorporación ao lectorado.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberta ata o 13 de marzo de 2012. Máis información no BOE do 24 de febreiro de 2012 e en www.aecid.gob.es



Préstamos universitarios para estudos de posgraao de Máster e de Doutorado

O Ministerio de Educación convoca préstamos universitarios para realizar estudos de posgrao de Máster e de Doutoramento

Requisitos: estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, grao, ou título equivalente estranxeiro e ter superado a última materia ou requisito para a súa obtención con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2000.

Para estudos de máster oficial: ter formalizada a matrícula ou ter sido aceptado con carácter definitivo en estudos de máster universitario, en polo menos 30 ECTS no curso académico 2011-2012.

Para estudos de doutoramento: ter formalizada a matrícula ou ter sido aceptado con carácter definitivo no doutoramento nun curso completo.

Para estudos de máster e doutoramento: nos casos de máster que constituía a parte formativa dun doutoramento e o prestamista vaia continuar o doutoramento, deberá estar matriculado en polo menos 30 créditos de máster no curso académico 2011-2012 e acreditar que no seguinte curso será admitido na fase de investigación do doutoramento.

As contías dos préstamos que poderán solicitarse serán:

a) Unha disposición inicial co límite de 6.000 €. No caso de másteres dunha duración superior a un ano académico e nos doutoramentos, poderá financiarse unha segunda disposición inicial para o comezo do segundo ano académico, cun límite doutros 6.000 €, sempre e cando se acredite a matrícula para o seguinte curso académico.

b) Unha renda mensual de ata 800 € por cada mes de duración do máster ou doutoramento, cun límite máximo de 21 meses.

c) No caso dos estudos de máster ou doutoramento que vaia realizarse no estranxeiro poderá solicitarse un suplemento de ata un máximo de 6.000 €.

A contía máxima que poderá solicitarse por préstamo será de 240 € por crédito matriculado.

O prazo para solicitar os préstamos será dende o 1 de abril ao 29 de xuño de 2012 ou ata o esgotamento da cantidade destinada a este programa.

Máis información no BOE do 3 de decembro de 2011 e no BOE do 14 de febreiro de 2012 (modificación) e en www.educacion.es



Bolsas no Instituto de Astrofísica de Canarias

O Instituto de Astrofísica de Canarias convoca 6 bolsas para a formación no ámbito científico e técnico, mediante o fomento e promoción de actividades vinculadas á investigación científica, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, daqueles titulados superiores que desexen realizar unha tese doutoral asociada ao programa de «Astrofísicos Residentes do IAC»

Requisitos:

Ter finalizado os estudos en data posterior ao 31 de agosto de 2009, ou 31 de agosto de 2007 en caso de minusvalidez.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 2 de abril de 2012

Máis información no BOE do 1 de marzo de 2012

<http://www.iac.es>



Programa intensivo de inmersión lingüística en inglés en España

O Ministerio de Educación [convoca](#) 2.000 bolsas para a estanza e participación nun programa intensivo de inmersión lingüística en inglés en España dunha semana de duración cada unha delas, en réxime de internado e pensión completa, durante o mes de xullo de 2012.

Requisitos:

a) Ter nacido entre o 1 de xaneiro de 1992 e o 31 de decembro de 1995 e estar matriculado no curso 2011-2012 en calquera curso dalgún dos seguintes estudos:

Bacharelato,

Ensinanzas profesionais de música e danza,

Grao medio de Formación Profesional,

Grao medio de artes plásticas e deseño,

Grao medio de ensinanzas deportivas e

Ensinanzas de idiomas de nivel intermedio ou avanzado.

b) Ter obtido no curso 2011-2012 a condición de bolseiro do Ministerio de Educación

c) Todos os solicitantes deberán acreditar ter totalmente aprobado o curso inmediato anterior, cunha nota final mínima de 7 puntos na materia de inglés.

A solicitude deberase cumprimentar mediante o formulario accesible por internet a través da sede electrónica do Ministerio de Educación na dirección <https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a Trámites e servizos.

O prazo para a presentación de solicitudes é ata o día 4 de abril de 2012.

Máis información no BOE do 12 de marzo de 2012 e en www.educacion.es



Inglés, alemán ou francés no estranxeiro no verán de 2012 para universitarios

O Ministerio de Educación [convoca](#) bolsas para a estanza e realización dun curso de lingua inglesa ou alemá ou francesa no estranxeiro de, polo menos, tres semanas de duración entre o 1 de xullo e o 30 de novembro de 2012. O curso deberá comprender como mínimo 20 horas lectivas á semana.

Soamente se poderá obter bolsa para un dos idiomas convocados.

Requisitos:

a) Estar matriculado neste curso 2011-2012 en estudos universitarios.

b) Ter obtido neste curso 2011-2012 a condición de bolseiro do Ministerio de Educación.

c) Ter obtido as cualificacións mínimas seguintes:

Os estudantes de primeiro curso de Grao, 7,00 puntos na nota de acceso á universidade calculada en base 10.

Os estudantes de primeiro curso de Máster, 5,60 puntos de nota media calculada

en base 10, no expediente académico da titulación que lle dá acceso ao Máster se se trata de estudos de ensinanzas técnicas e 7,00 puntos nos demais casos. Os estudantes de segundo e posteriores cursos, 5,60 puntos de nota media calculada en base 10 no expediente académico dos estudos que están a realizar se se trata de estudos de ensinanzas técnicas e 7,00 puntos nos demais casos.

Contía da bolsa:

Cursos de lingua inglesa:

Australia: 2.645 euros.

Canadá: 2.145 euros.

Estados Unidos de Norteamérica: 2.145 euros.

Malta: 1.245 euros.

Nova Zelandia: 2.445 euros.

Reino Unido: 1.745 euros.

República de Irlanda: 1.745 euros.

Cursos de lingua alemá:

Calquera país da Unión Europea cuxa lingua oficial sexa o alemá: 1.745 euros.

Cursos de lingua francesa:

Calquera país da Unión Europea cuxa lingua oficial sexa o francés: 1.745 euros.

Canadá: 2.145 euros.

A solicitude deberase cumprimentar mediante o formulario accesible por internet a través da sede electrónica do Ministerio de Educación na dirección <https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a Trámites e servizos.

O prazo para a presentación de solicitudes é ata o día 4 de abril de 2012.

Máis información no BOE do 12 de marzo de 2012 e en www.educacion.es



Cursos de inglés, alemán ou francés no estranxeiro durante o verán de 2012

O Ministerio de Educación [convoca](#) bolsas para cursos de inglés, alemán ou francés no estranxeiro durante o verán de 2012, de, polo menos, tres semanas de duración entre o 1 de xullo e o 30 de novembro de 2012. Este curso deberá comprender como mínimo 20 horas lectivas semanais.

Soamente se poderá obter bolsa para un dos idiomas convocados.

Requisitos:

Estar matriculado neste curso académico 2011-2012 en *Ensinanzas Artísticas Superiores* ou en *ensinanzas de Grao Superior de Formación Profesional, de Artes Plásticas e Deseño* ou *Ensinanzas Deportivas*.

b) Ter obtido neste curso 2011-2012 a condición de bolseiro do Ministerio de Educación

c) Ter obtido as cualificacións mínimas seguintes:

Os estudantes dos primeiros cursos, 7,00 puntos de nota media en Bacharelato, na proba de acceso ou curso de acceso, respectivamente.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos, 7,00 puntos de nota media no expediente académico dos estudos que estean a cursar.

Cursos de lingua inglesa:

Australia: 2.645 euros.

Canadá: 2.145 euros.

Estados Unidos de Norteamérica: 2.145 euros.

Malta: 1.245 euros.

Nova Zelandia: 2.445 euros.

Reino Unido: 1.745 euros.

República de Irlanda: 1.745 euros.

Cursos de lingua alemá:

Calquera país da Unión Europea cuxa lingua oficial sexa o alemán: 1.745 euros.

Cursos de lingua francesa:

Calquera país da Unión Europea cuxa lingua oficial sexa o francés: 1.745 euros.

Canadá: 2.145 euros.

A solicitude deberase cumprimentar mediante o formulario accesible por internet a través da sede electrónica do Ministerio de Educación na dirección

<https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a Trámites e servizos.

O prazo para a presentación de solicitudes é ata o día 4 de abril de 2012.

Máis información no BOE do 12 de marzo de 2012 e en www.educacion.es



Cursos de lingua francesa en Francia para xuventude

O Ministerio de Educación convoca 500 axudas para a estancia e realización dun curso de lingua francesa en distintos centros de Francia de tres semanas de duración no mes de xullo de 2012, cun mínimo de 20 horas lectivas semanais. Poderán optar a estas axudas os alumnos nados entre o 1 de xaneiro de 1992 e o 31 de decembro de 1995 e que no presente curso 2011-2012 estean matriculados nalgún dos seguintes cursos:

Primeiro ou Segundo de Bacharelato.

Ensinos Profesionais de Música e Danza.

Grao Medio de Formación Profesional.

Grao Medio de Artes Plásticas e Deseño.

Grao Medio de Ensinos Deportivos.

Ensinos de Idiomas de nivel intermedio ou avanzado.

Será requisito indispensable para obter esta axuda ser bolseiro do Ministerio de Educación no curso 2011-2012.

A contía das axudas ascenderá a un máximo de 1.255 €.

A solicitude deberase cumprimentar mediante o formulario accesible por internet a través da sede electrónica do Ministerio de Educación na dirección

<https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a Trámites e servizos.

O prazo para a presentación de solicitudes é ata o día 4 de abril de 2012.

Máis información no BOE do 12 de marzo de 2012 e en www.educacion.es



Bolsas de verán para formación na investigación astrofísica

O Instituto de Astrofísica de Canarias [convoca](#) 8 axudas para a formación de estudantes dos últimos cursos universitarios. A súa finalidade é a de formar os devanditos estudantes na investigación astrofísica.

Duración: do 1 de xullo a 15 de setembro de 2012.

Están destinadas a estudantes universitarios de titulacións superiores ou de ciclo

longo e de grao (preferentemente de Física ou Matemáticas con orientación Astrofísica) que no momento da presentación de instancias estean a cursar algún dos dous últimos cursos da súa titulación e superasen, polo menos, un 50% dos créditos necesarios para obter o título. Para os efectos desta convocatoria exclúense os estudos de Máster.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 14 de abril de 2012
Máis información no BOE do 13 de marzo de 2012 e en www.iac.es



Bolsas no Instituto de Astrofísica de Canarias

O Instituto de Astrofísica de Canarias [convoca](#) 6 bolsas para a formación no ámbito científico e técnico, mediante o fomento e promoción de actividades vinculadas á investigación científica, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, daqueles titulados superiores que desexen realizar unha tese doutoral asociada ao programa de «Astrofísicos Residentes do IAC»

Requisitos:

Ter finalizado os estudos en data posterior ao 31 de agosto de 2009, ou 31 de agosto de 2007 en caso de minusvalidez.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 2 de abril de 2012
Máis información no BOE do 1 de marzo de 2012



Bolsas no Instituto de Estudios Fiscales

O Ministerio de Facenda convoca 10 bolsas de formación para titulados universitarios ao obxecto de contribuir á formación no exercicio da actividade investigadora en materias relativas á actividade presupostaria e fiscal da Facenda Pública.

Requisitos:

Título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto e diplomado universitario, expedido polas Institucións académicas españolas ou debidamente homologado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Bolsas:

Na Dirección de Estudos, cinco bolsas para licenciados en Dereito, Ciencias Económicas, Administración e Dirección de Empresas e Socioloxía.

Na Unidade de Apoio á Dirección Xeral do IEF, catro bolsas coa seguinte distribución:

- Dous para licenciados en Dereito.
- Dous para licenciados universitarios ou titulación equivalente en materias relacionadas con Economía, Estatística e Informática.

Na Secretaría Xeral unha bolsa para licenciados e/ou diplomados en Biblioteconomía e Documentación.

- Dous para licenciados universitarios ou titulación equivalente en materias relacionadas con Economía, Estatística e Informática.
A contía individual da bolsa será de 14.400 € anuais e o seu importe aboarase por mensualidades vencidas, a razón de 1.200 € mensuais.
As bolsas concédense por un período de 12 meses, que se iniciará o día 9 de xullo de 2012 e finalizará o día 8 de xullo de 2013.
O prazo para a presentación das solicitudes estará aberto ata o 20 de abril de 2012.
Máis información no BOE do 28 de marzo de 2012 e en www.ief.es



Bolsas de verán no Instituto de Astrofísica de Canarias

O Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC) [convoca](#) 5 axudas para a formación de recién licenciados (curso 2010-2011 ou posterior) e estudantes dos últimos cursos universitarios de titulacións superiores de ciclo longo e de grao. A súa finalidade é a de formar os devanditos estudantes ou recém licenciados no desenvolvemento tecnolóxico asociado á investigación astrofísica.

Duración: do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2012.

Destinatarios: están destinadas a recém licenciados (curso 2010-2011 ou posterior) e estudantes universitarios de titulacións superiores ou de ciclo longo e de grao, preferentemente de Enxeñaría (Industrial, Informática, Aeronáutica, Telecomunicacións) ou Licenciatura en Ciencias Físicas ou afín. Para os efectos desta convocatoria exclúense os estudos de Máster.

Dotación das bolsas:

A dotación das Bolsas de Verán é de 700 € brutos mensuais máis unha cantidade fixa de axuda para gastos de viaxe cuxas contías ascenden a:

60 € para residentes canarios, non residentes na illa de Tenerife.

200 € para residentes na Península.

300 € para nacionais de países membros da Unión Europea, de Noruega, Islandia, Liechtenstein ou Suíza.

500 € para residentes no resto do Mundo.

O IAC proporcionará aos bolseiros seleccionados un seguro privado de enfermidade e accidente.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 23 de abril de 2012.

Máis información no BOE do 22 de marzo de 2012 e no Instituto de Astrofísica de Canarias, www.iac.es.



Inmersión lingüística en colonias de vacacións para o verán de 2012

O Ministerio de Educación convoca 2.200 axudas para a participación nunha das colonias de dúas semanas de duración, organizadas durante o mes de agosto de 2012.

Estas axudas distribúense á súa vez en dous grupos: primeiro e segundo, de acordo cos requisitos que para cada un deles se establecen no apartado seguinte:

- 1.320 axudas de ata 476 € para o grupo primeiro.

- 880 axudas de ata 326 € para o grupo segundo.

Os grupos se constituen dependendo das circunstancias personais dos participanates.

Requisitos xerais que deberán cumprir todos os solicitantes:

a) Poderá optar a estas axudas o alumnado que no presente curso 2011/2012 estea matriculado en centros sostidos con fondos públicos, nalgún dos cursos mencionados a continuación:

Quinto curso de Ensino Primario.

Sexto curso de Ensino Primario.

Primeiro curso de Ensino Secundario Obrigatorio.

b) A idade dos participantes non poderá superar os 13 anos a data 31 de decembro de 2012.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de abril de 2012

Máis información no BOE do 30 de marzo de 2012 e en www.educacion.es



Cursos de lingua inglesa para mestres e profesores

O Ministerio de Educaíón convoca axudas para a estancia e realización dun curso para perfeccionar a lingua inglesa de, polo menos, 4 semanas de duración, cun mínimo de 20 horas lectivas semanais entre o 1 de xullo e o 30 de novembro de 2012 en países cuxa lingua oficial sexa o inglés.

Poderán optar a estas axudas:

a) Os que finalizasen a diplomatura ou grao de Mestre en calquera das especialidades nalgún dos seguintes cursos académicos: 2010-2011, 2009-2010, ou 2008-2009, cunha nota media do expediente académico de, polo menos, 7,00 puntos.

b) Os que finalizasen os estudos de Máster en Profesorado de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, cunha nota media no máster de, polo menos, 7,00 puntos.

Contías das axudas:

Australia: 2.815 €.

Canadá: 2.280 €.

Estados Unidos de Norteamérica: 2.280 €.

Malta: 1.330 €.

Nova Zelandia: 2.570 €.

Reino Unido: 1.865 €.

República de Irlanda: 1.865 €.

A solicitude deberase cumprimentar mediante o formulario accesible por internet a través da sede electrónica do Ministerio de Educación na dirección

<https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a Trámites e servizos.

O prazo para a presentación de solicitudes é ata o día 27 de abril de 2012 inclusive.

Máis información no BOE do 2 de abril de 2012 e en www.educacion.es



Bolsas no Tribunal Constitucional

O Tribunal Constitucional convoca 1 bolsa de formación en biblioteconomía e documentación relacionada cos fondos bibliográficos do Tribunal Constitucional:

Requisitos dos beneficiarios.

- a) Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos: Licenciado universitario, Enxeñeiro, Arquitecto ou equivalente; Diplomado en Biblioteconomía e Documentación.
- b) Non ter transcorrido máis de cinco anos dende a data de finalización dos estudos para obter o título universitario.

A dotación de cada bolsa será de 1.200 € brutos mensuais.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 3 de maio de 2012.

Máis información no BOE do 3 de abril de 2012 e en www.tribunalconstitucional.es



Bolsas para prácticas de comercio exterior en asociaciones españolas de exportadores

A Secretaría Xeral de Comercio convoca 9 bolsas para realizar prácticas de comercio exterior na sede das Asociacións españolas de Exportadores.

Os bolseiros colaborarán nas actividades de comercio exterior a realizar polas Asociacións como promoción comercial, elaboración de estudos de mercado, organización de estatísticas de comercio exterior e bases de datos, mellora do boletín informativo, así como a realización de estudos ou informes relacionados co comercio exterior.

Requisitos dos solicitantes:

- a) Estar en posesión da nacionalidade española.
- b) Idade non superior aos trinta e cinco anos.
- c) Estar en posesión, antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes polo menos, do título de Diplomado Universitario, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou equivalente; valoraranse especialmente as licenciaturas en Economía, Dirección e Administración de Empresas, Dereito e Enxeñaría.

Os títulos conseguidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais deberán estar validados ou recoñecidos.

- d) Dominio do idioma inglés
- e) Non padecer enfermidade ou impedimento físico ou psíquico que imposibilite o cumprimento das obrigas como bolseiro.
- f) Acreditar unha experiencia práctica de polo menos un ano en actividades relacionadas coa promoción comercial en mercados estranxeiros ou coa internacionalización da empresa española.

Duración: o período de duración será do 1 de xuño de 2012 ata o 31 de decembro do mesmo ano. A bolsa poderá ser prorrogada unha soa vez e, como máximo, por un período doutros once meses.

Prazo: ata o 11 de maio de 2012.

Información: BOE do 25 de abril de 2012 e en <http://www.mineco.gob.es>



Bolsas para mobilidade de estudantes SICUE

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte convoca 2.224 bolsas para a mobilidade de estudantes universitarios para o curso académico 2012-2013. Poderán acollerse a este programa os estudantes matriculados en universidades españolas ou en centros de educación superior, que se achen cursando os estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais de Grao, Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto ou os de Diplomado, Enxeñeiro ou Arquitecto Técnico, e obtivesen unha praza na convocatoria SICUE para o curso académico 2012-2013. A duración da bolsa será dun máximo de nove meses e mínimo de cinco e estará comprendida entre o 1 de outubro de 2012 e o 30 de xuño de 2013, con independencia do período lectivo das universidades. As prazas con duración de 5 meses deberán iniciarse o 1 de outubro de 2012 ou o 1 de febreiro de 2013. As bolsas terán unha contía de 500 € mensuais. Concederáse unha subvención de viaxe única de 120 € a cada beneficiario. O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 12 de maio de 2012. Máis información no BOE do 27 de abril de 2012 e en <https://sede.educacion.gob.es>.



Bolsa no Instituto Nacional de Administración Pública

O Instituto Nacional de Administración Pública convoca unha bolsa de formación para titulados superiores universitarios en Ciencias Políticas ou Administración Pública. A contía individual da bolsa será de 1.300 € mensuais. Poderán ser beneficiarios das bolsas todas aquelas persoas de nacionalidade española ou nacionais dalgún país membro da Unión Europea que finalizasen os seus estudos universitarios de Doutor, Licenciado ou Grao en Ciencias Políticas ou Administración Pública no curso académico 2006-2007 ou posterior. O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 21 de maio de 2012. Máis información no BOE do 3 de maio de 2012 e en www.inap.es e no teléfono 91 273 9162.



Bolsas no Consello de consumidores e usuarios

O Instituto Nacional do Consumo convoca tres bolsas para a formación teórica e práctica de postgrao en materia de consumo, no Consello de Consumidores e Usuarios para titulados superiores nas seguintes áreas de coñecemento:
Un Licenciado en Dereito.
Un Licenciado en Ciencias Económicas ou Empresariais.

Un Licenciado en Periodismo.

Requisitos:

Estar en posesión das titulacións académicas de Licenciado en Dereito, Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais ou Licenciado en Periodismo.

c) Idade non superior a 30 anos.


d) Coñecementos de inglés e outros idiomas de países membros da Unión Europea.

e) Manexo a nivel usuario de bases de datos, Windows, correo electrónico e Internet.

A data de finalización dos estudos realizados non poderá ser anterior ao curso académico 2007-2008.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 27 de maio de 2012.

Máis información no BOE do 7 de maio de 2012 e en www.consumo-inc.es



BOLSAS FUNDACIÓNS E ORGANISMOS



Bolsas para Prácticas da Fundación SEPI - AIRBUS OPERATIONS

A Fundación SEPI en Colaboración con AIRBUS OPERATIONS, convoca as bolsas da edición 2010 do Programa Fundación SEPI - AIRBUS OPERATIONS, S.L.

Requisitos dos candidatos.

Os requisitos que deben cumprir os solicitantes das bolsas desta Convocatoria son:

- Ser cidadán da Unión Europea.
- Ser estudante pendente de aprobar, no momento de presentar solicitude de bolsa, un máximo de tres materias e o proxecto de fin de carreira; ou ter finalizado a carreira nalguna convocatoria do curso académico actual ou inmediatamente anterior ao momento de presentar a devandita solicitude, das seguintes carreiras:

Enxeñeiro Aeronáutico

Enxeñeiro de Organización Industrial

Enxeñeiro de Telecomunicación

Enxeñeiro en Electrónica ou en Automático e Electrónico Industrial

Enxeñeiro en Informática

Enxeñeiro Industrial

Enxeñeiro Técnico Aeronáutico

Enxeñeiro Técnico Industrial

Terán preferencia no proceso de selección as enxeñarías Aeronáutica, de Telecomunicación e Industrial.

- Alto nivel de inglés.

- Ter nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 1983.

Forma e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes formularanse exclusivamente cumplimentando o formulario establecido para o efecto na páxina Web da Fundación SEPI (www.funep.es).

O prazo de recepción das solicitudes: 15 de decembro de 2010.

Información: <http://www.funep.es/>

Dirección: Quintana, nº 2 – 3ª planta - 28008 Madrid

Tlf.: 91 548 83 55

becas@funep.es



Bolsas de Formación Práctica da Fundación SEPI-EADS CASA

La Fundación SEPI (Sociedad Estatal de Participaciones Industriales) convoca bolsas da edición 2010 do Programa Fundación SEPI-EADS CASA, "BOLSAS EADS FIN DE CARREIRA".

Requisitos:

1. Ser cidadán da Unión Europea.
2. Ser estudante pendente de aprobar, no momento de presentar solicitude de

bolsa, un máximo de tres materias e o proxecto de fin de carreira; ou ter finalizado a carreira nalgunha convocatoria do curso académico actual ou inmediatamente anterior ao momento de presentar a devandita solicitude, das seguintes carreiras:

Enxeñeiro Aeronáutico

Enxeñeiro de Organización Industrial

Enxeñeiro de Telecomunicación

Enxeñeiro en Electrónica ou en Automático e Electrónico Industrial

Enxeñeiro en Informática

Enxeñeiro Industrial

Enxeñeiro Técnico Aeronáutico

Enxeñeiro Técnico Industrial

Terán preferencia no proceso de selección as enxeñarías Aeronáutica, de Telecomunicación e Industrial.

3. Alto nivel de inglés.

4. Ter nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 1982.

As solicitudes formularanse exclusivamente cumplimentar o formulario establecido para o efecto na páxina Web da Fundación SEPI (www.funep.es) ata o día 15 de decembro de 2010.

Información: <http://www.funep.es/becas/universitarios.asp>



Bolsas para Prácticas de Universitarios da Fundación SEPI-IBERIA

A Fundación SEPI (Sociedad Estatal de Participaciones Industriales) convoca as bolsas correspondentes á edición 2010 do Programa Fundación SEPI-IBERIA

Requisitos:

- Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos
 - . Enxeñeiro Superior Aeronáutico, Informático, de Telecomunicacións e Industrial.
 - . Licenciado en Matemáticas, Ciencias e Técnicas Estatísticas e Economía (especialidade Análise e Economía Cuantitativa)
 - . Enxeñeiro Técnico Aeronáutico.

Poderán tamén presentar a súa candidatura os estudantes de Enxeñaría Aeronáutica (Técnica e Superior) que aprobasen todas as materias necesarias para a obtención do título de que se trate antes do inicio do proceso de selección correspondente, con excepción do Proxecto Fin de Carreira.

-Idiomas:

Alto nivel de inglés (Advanced ou equivalente). Valorarase así mesmo un nivel medio/alto doutros idiomas.

-Informática a nivel de usuario.

As solicitudes formularanse, exclusivamente, cumprindo o formulario establecido para o efecto na páxina Web da Fundación SEPI (www.funep.es) ata o 15 de decembro de 2010.

Información: <http://www.funep.es/becas/iberia-fsepi.asp>



Bolsas de Prácticas para Titulados Universitarios SEPI-DELOITTE

A Fundación SEPI (Sociedad Estatal de Participaciones Industriales), convoca as bolsas do Programa DELOITTE 2010.

Duración: duración mínima de cinco meses e máxima dun ano. Cando a duración sexa inferior a un ano poderá prorrogarse a bolsa, a solicitude de DELOITTE, ata o período máximo anteriormente establecido.

Distribución xeográfica: o labor de formación do bolseiro levarase a cabo nalgún dos centros ou oficinas que DELOITTE ten establecido en España, podendo facerse desprazamentos fóra destes.

Beneficios do Programa.

A consideración de bolseiro deste Programa inclúe os seguintes beneficios:

a) Un período de formación práctica nos centros ou oficinas de DELOITTE

b) Unha dotación por todo o período formativo integrada por:

- Unha asignación mensual entre 600 e 900 €, en función do centro onde se leve a cabo o período formativo e a titulación acreditada polo beneficiario.

Físicas.

- Un seguro de accidentes, que se subscribirá pola Fundación.

- Un seguro de asistencia sanitaria básica, polo período de vixencia da bolsa, que deberá ser subscrito polo bolseiro e que a Fundación SEPI reintegraralle ao termo do devandito período, na forma que se indicará os interesados.

Requisitos:

1. Ser cidadán da Unión Europea.

2. Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións, Industrial, Informático ou, alternativamente, outras enxeñarías superiores.

- Licenciado en Economía, Administración e Dirección de Empresas, Investigación e Técnicas de Mercado, Ciencias Actuariais e Financeiras, Ciencias Físicas, Matemáticas ou Informática, Ciencias e Técnicas Estatísticas, Dereito, Psicoloxía, Psicopedagogía, Socioloxía e Ciencias Ambientais ou outros títulos propios cuxo carácter se asemelle aos enumerados e cuxa cualificación formal corresponda, polo menos, á licenciatura.

- Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación e en Informática.

Ou ter aprobado todas as materias, con excepción do Proxecto Fin de Carreira, dalgunha das Enxeñarías citadas

3. Alto nivel do idioma inglés.

4. Informática a nivel de usuario.

5. Non ser beneficiario na actualidade dunha bolsa outorgada por esta Fundación ou ter renunciado no transcurso do período formativo a algunha delas.

Prazo: 31 de decembro de 2010

Información: www.funep.es



Bolsas de Postgrao no estranxeiro da Fundación Caixa Madrid

Estas bolsas de postgrao están dirixidas a españois licenciados, enxeñeiros superiores, informáticos superiores e arquitectos superiores con proxectos finais de carreira presentados e aprobados.

Na convocatoria, a Fundación outorgará 80 bolsas para realizar estudos de postgrao (máster, doutorado ou traballos de investigación) en universidades e centros superiores de investigación de Europa (agás España), Estados Unidos e Canadá para o curso académico 2011-2012. As bolsas están dirixidas a españois licenciados, enxeñeiros superiores, informáticos superiores e arquitectos superiores.

As áreas de coñecemento para as que se conceden estas bolsas son:

Área social e xurídica

Economía

Ciencias Políticas

Socioloxía

Dereito

Área biosanitaria

Bioloxía

Medicina

Farmacía

Veterinaria

Área politécnica

Enxeñaría

Informática

Arquitectura

Área de ciencias

Física

Química

Matemáticas

Música

A dotación económica desta bolsa comprende:

- O importe total da matrícula na universidade ou centro superior de investigación no que fose admitido o bolseiro.
- Unha asignación mensual ao bolseiro para a súa manutención e aloxamento durante un período máximo de 12 meses.
- Unha bolsa de viaxe para cubrir gastos de desprazamento.
- Unha dotación única para gastos de instalación.
- Seguro de asistencia no estranxeiro e seguro de accidentes.

Prazo: 31 de xaneiro de 2011

Información: Fundación Caixa Madrid <http://www.fundacioncajamadrid.es>



Becas da Fundación Galicia-Europa

A Fundación Galicia-Europa convoca bolsas para o ano 2011:

Bolsas para titulados universitarios que obteñan prácticas non remuneradas nunha institución da Unión Europea.

Bolsas para a formación en prácticas de licenciados en temas relacionados coa Unión Europea na Fundación Galicia-Europa.

Bolsas para a realización de estadias na oficina da Fundación Galicia-Europa en Bruxelas dirixidas ao persoal ao servizo das entidades membros e asociadas do seu padroado.

Bolsas para a realización de estudos de especialización sobre a Unión Europea en centros universitarios situados en Bélxica.

Na convocatoria 2011 inclúense 7 bolsas de formación destinadas ao seguimento de asuntos relacionados coas institucións comunitarias, as súas políticas e a captación e xestión de proxectos. Para esta modalidade valoraranse especialmente as candidaturas de licenciados en Dereito, Ciencias Económicas e Empresariais e Ciencias Políticas. Das sete prazas, 4 serán para a oficina de Bruxelas e as outras 3 para Santiago.

Xunto a elas, convócanse outras dúas prazas para licenciados en Ciencias da Comunicación (cunha titulación en Xornalismo, Comunicación Audiovisual ou Publicidade), un para a oficina de Bruxelas e outro para a de Santiago. A súa labor será contribuír á información e difusión das actividades da Fundación Galicia Europa, da Xunta de Galicia e das empresas do sector público no ámbito europeo.

O prazo: 17 de novembro de 2010

Os requisitos para ser beneficiario destas bolsas esixen ser galego ou nado en Galicia, ou ben acreditar residencia nesta comunidade desde antes do 31 de decembro de 2008; ter un título universitario posterior ao 31 de decembro de 2005; dominar o galego; e expresarse con fluidez en inglés e/ou francés.

Máis información: Fundación Galicia-Europa, teléfono 981 541 012

<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>



Prácticas en empresas para estudantes Feuga-Cooperación Educativa

Convocatoria de prácticas en empresas para estudantes Convenio de Cooperación Educativa, dirixida a ESTUDANTES das tres universidades galegas que superasen o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario cuxas ensinanzas estivesen a cursar e que no momento de presentar a documentación non estean en posesión do título.

Prazo: 5 de novembro de 2010.

Documentación requirida:

1. Solicitud de prácticas (segundo modelo) debidamente cumpridas e asinada (deberá presentarse unha solicitude por cada unha das prácticas / empresas ás que opte).

2. Currículum Vitae abreviado.
 3. Copia do expediente académico.
 4. Justificante de matrícula curso académico 2010-2011.
- A documentación pódese remitir ou presentar polas seguintes vías: correo electrónico, fax, correo postal ou nas oficinas de FEUGA.
FEUGA: 981 534 180 e www.feuga.es



Bolsas do Servizo Alemán de Intercambio Académico (DAAD)-Embaixada de Alemaña en Madrid

A Embaixada Alemaña –DAAD convoca varios tipos de bolsas anuais.

DAAD- Bolsas para cursos de verán en universidades alemás (de 3 a 4 semanas): Para estudantes universitarios de todas as especialidades que, ao comezo da bolsa, cursasen polo menos dous anos de estudos superiores. Requírense bos coñecementos de alemán (nivel B1)

DAAD-Bolsas para cursos intensivos de alemán en Alemaña (2 meses): Para estudantes universitarios de todas as especialidades (agás Filoloxía Alemá e Tradución con alemán) que, ao comezo da bolsa, cursasen polo menos dous anos de estudos superiores; tamén as poden solicitar por recén graduados que están a traballar no ámbito universitario. Requírense coñecementos básicos de alemán (nivel A1 ata B2).

DAAD-Viaxes de estudos a Alemaña de grupos de estudantes (de 7 a 12 días): Para grupos de 10 a 15 estudantes universitarios de 3 er curso ou superior

DAAD - A Caixa: Bolsas anuais de postgrao e de investigación en colaboración coa Fundación Obra Social "a Caixa" (www.laCaixa.es/ObraSocial).

DAAD - Bolsas de investigación de curta duración (de 1 a 6 meses): Para estudantes de doutorado e mozos investigadores.

DAAD - Estanzas de investigación en Alemaña para PDI con título de doutor (1 a 3 meses):

Bolsa para estanzas de investigación en Alemaña (1 a 3 meses) para persoal docente e investigador con título de doctor.

DAAD-Bolsas para profesores visitantes en Alemaña (de 3 a 48 meses): A universidade alemá debe tomar a iniciativa para invitar o profesor visitante, organizar o proxecto e solicitar a subvención.

DAAD-Programa berlinés para artistas: Este programa é un dos máis prestixiosos programas de bolsas a nivel internacional para artistas de artes plásticas, literatura, música e cine. Concédense unhas 20 bolsas anuais, que por regra xeral comprenden unha estancia dun ano en Berlín.

(Para Artes Plásticas: Non é posible solicitar a bolsa o mesmo candidato. Hai unha comisión que propón aos futuros bolseiros.)

Bolsas do DAAD en colaboración con empresas alemás (biotecnoloxía): Programa de postdoutorado do DAAD en colaboración coa empresa "Roche Diagnostics GmbH" (Biotecnoloxía) (www.roche.de/diagnostics)

Bolsas do DAAD en colaboración co DLR (German Aerospace Center): O Programa "DLR-DAAD Research Fellowships" diríxese a doutorados, postdoutorados e sénior scientists.

Accións Integradas Hispano-Alemás. (Intercambio a través de proxectos específicos)

O programa de Accións Integradas, convocado polo Ministerio de Ciencias e Innovación e cofinanciado polo DAAD, ten por obxecto promover novas colaboracións bilaterais entre grupos de investigación españois e de Alemaña.

Información: www.daad.es/becas

DAAD, teléfono: 93 424 4010



Alexander von Humboldt
Stiftung/Foundation

Fundación Alexander von Humboldt-bolsas de investigación

a) Bolsa de postdoutorado (de 6 a 24 meses) para científicos recién doutorados:
www.humboldt-foundation.de/web/771.html

b) Bolsa para científicos experimentados (de 6 a 18 meses) con traxectoria destacada:

www.humboldt-foundation.de/web/1710.html

Duración: de 2 a 3 anos

Información: www.daad.es/becas

Botschaft der Bundesrepublik Deutschland

Embaixada da República Federal de Alemaña

Rúa Fortuny 8, 28010 Madrid



Becas Soñadores 2010-2011

Loterías do Estado e National Geographic Channel convocan as becas Soñadores para estudantes universitarios de derradeiro curso.

O propósito das becas Soñadores é apoiar as iniciativas de mozos interesados e comprometidos coa conservación da natureza en España. Valorarase particularmente naqueles proxectos que mostren a relación entre a conservación e o benestar do mundo.

Requisitos: estudantes, menores de 30 anos, en calquera modalidade das ciencias naturais ou ciencias sociais, que no período académico 2010-2011 cursen o derradeiro curso de licenciatura, grao ou plan de estudos equivalente, ou ben estean matriculados en cursos de posgrao ou máster ou programas de doutorado. As propostas deben ir avaladas por algunha entidade con personalidade xurídica propia (asociacións, fundacións, centros de investigación, departamentos

universitarios, áreas protexidas) que acrediten a súa capacidade para o desenvolvemento do proxecto en caso de ser seleccionado.

Dotación:

1º finalista: 100.000 €. (20.000 para o estudio e formación e 80.000 para a execución do proxecto)

2º finalista: 75.000 €. (15.000 para o estudio e formación e 60.000 para a execución do proxecto)

3º finalista: 50.000 € (10.000 para o estudio e formación e 40.000 para a execución do proxecto)

Os solicitantes deberán presentar unha proposta de proxecto, intervención, estudo, investigación, traballo fin de carreira, traballo fin de máster, memoria de DEA ou tese doutoral, cuxa realización finalice nun prazo de 10 meses dende a decisión do xurado e que estea directamente relacionada coa defensa da fauna, a flora ou biodiversidade, coa conservación dos espazos naturais e ecosistemas ou co fomento da sustentabilidade, en especial en relación destas cuestións co desenvolvemento social e o benestar humano.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 21 de marzo de 2011.

Máis información en www.becasoñadores.es



Bolsas para OAL Turismo Rías Baixas

Turismo Rías Baixas convoca 4 bolsas de colaboración para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos do O.A.I. Turismo Rías Baixas por un período de 6 meses con posibilidade de prórroga ata completar o ano.

Requisitos:

1. Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da unión Europea.

2. Estar en posesión do título de Diplomado en Turismo, Grado en Turismo ou Ciclo Superior en Comercialización e Información turística. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2006 ou con posterioridade a esta data.

3. Non ter sido beneficiario dunha bolsa neste organismo por duración superior a un ano.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 1.200 €/mes.

Prazo: 3 de novembro de 2011

Máis información: BOP de Pontevedra (BOP), núm. 205, do martes 25 de outubro de 2011.

www.depontevedra.es



Bolsas de investigación UNESCO/Keizo Obuchi (bolsas UNESCO/Japón para mozos/as investigadores)

Non poderán participar:

Titulados de Doutoramento, Máster ou doutro tipo de estudos de posgrao que non obtivesen o título universitario previo a estes estudos nunha Universidade española pública ou privada.

Titulados con homologación de títulos obtidos noutros países.

Canto dura a estanza?: 26 semanas

Como se pode solicitar?: Hai que inscribirse como solicitante e inserir o curriculum na seguinte dirección:

<http://www.adeit.uv.es/becariosleo/inscripcion.htm>

A partir dese momento participaran naqueles procesos de selección nos que as empresas demanden un perfil que se corresponda coas características persoais dos/as demandantes.

Destinos:

Alemania: 3.173,40 €

Austria: 3.331,80 €

Bélgica: 3.173,40 €

Chipre: 2.878,20 €

Finlandia: 3.627,00 €

Francia: 3.784,50 €

Grecia: 3.026,25 €

Irlanda: 3.932,55 €

Italia: 3.627,00 €

Malta: 2.878,20 €

Países Baixos: 3.478,95 €

Portugal: 2.878,20 €

Reino Unido: 4.386,15 €

Rumania: 2.119,05 €

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todo o ano, é dicir, que en calquera momento se pode presentar a solicitude, tendo en conta que hai que ser titulado universitario no momento de iniciar a práctica.

Máis información:

ADEIT, Fundación Universidad-Empresa de Valencia.

Pl. Virgen de la Paz, 3. 46001 Valencia.

Tfno: 96 326 26 00. Fax: 96 326 27 00

Correo electrónico: becariosleo@adeit.uv.es

<http://www.adeit.uv.es/becasleonardo>



College of Europe
Collège d'Europe



Natolin

Bolsa de estudos en campus de Natolin (Varsovia) do Collège d'Europe

O Colexio de Europa ofrece ata dez bolsas para licenciados en Historia que desexen seguir o programa de posgrao en Estudos Europeos interdisciplinar na súa Natolin campus (Varsovia) durante o curso 2011-2012.

Estas bolsas son creadas en homenaxe ao falecido profesor Bronislaw Geremek e vai ter o seu nome.

ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE: Collège d'Europe

DATA LÍMITE: 28 Febreiro 2011.

MÁIS INFORMACIÓN: www.coleurope.eu

<http://programasue.info/documentos/2010-NATOLIN-11.pdf>

BECAS POSGRADO EXTRANJERO

Bolsas Posgrao da Fundación Barrié

A Fundación Barrié convoca 32 bolsas de postgrao.

As bolsas pódense gozar en centros educativos de prestixio e de alta traxectoria de investigación en destinos internacionais. Podese escoller ata un máximo de 5 destinos.

Pódese realizar tres tipos de estudos: máster, doutorado ou investigación postdoutoral.

Dotación:

Gastos de inscrición e matrícula no centro de destino, sen límite, máximo.

Seguro de accidente e enfermidade.

Asignación mensual en función do tipo de bolsa que desfrutes: 1.600 €/mes netos no caso dun máster; 1.700 €/mes netos se cursas un doutorado e 1.800 €/mes netos para as estanzas de investigación.

Dotación adicional e única equivalente a unha mensualidade para gastos de instalación, material, seminarios, e outros.

Asesoramento ofrecido pola Asociación de Bolseiros da Fundación Barrié.

Requisitos:

Ser de nacionalidade española

Ter unha vinculación con Galicia

Ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1971

Bo expediente académico

Alta motivación para completar un proxecto claro e de impacto social

Dominio da lingua de traballo do país de destino

Ter unha titulación Universitaria: Licenciatura/grao/enxeñaría finalizada (ou cursar o último ano de carreira durante o ano 2011-2012, debendo xustificar o seu fin antes do 20/09/2012; no caso de carreiras técnicas, antes do 31-01-2013)

Priorizaranse as solicitudes relacionadas coas seguintes áreas e sectores:

Biotecnoloxía, biomecánica

Ciencias da saúde

Educación e innovación educativa

Emprendimento, liderado e innovación

Energía (incluída as renovables) e medio

Xestión e capacitación do terceiro sector

Industria da madeira

Industria da transformación agroalimentaria

Sector audiovisual

Sector de aeronáutica, náutica e auxiliares

Sector da automoción e auxiliares

Sector da moda (confección e complementos)

Sector químico e industria farmacéutica

Tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC)

Transferencia e comercialización de tecnoloxía

Prazo: o envío do [formulario on line](#) e a documentación complementaria pecharase o 31 de marzo de 2012, ás 14.00 horas.

Máis información en <http://becasposgrado.fbarrie.org> e nos teléfonos 981 060 095 (Sede A Coruña) e 986 119 222 (Sede Vigo)



Bolsa de formación da Fundación Galicia Europa.

A Fundación Galicia Europa, en colaboración coa Consellería de Sanidade, ofrece unha bolsa de formación para titulados universitarios que ten por obxecto o seguimento das políticas comunitarias relativas á innovación e investigación no eido sanitario.

Requisitos:

Ser nacional dun dos Estados membros da Unión Europea.

Nacer en Galicia, ser fillo de galegos ou ter residencia en Galicia desde antes do 31 de decembro de 2008.

Estar en posesión dun título universitario superior, con posterioridade ao 31 de decembro de 2005.

Ter dominio do idioma galego.

Ter dominio do idioma inglés

O desfrute da bolsa desenvolverase entre o 14 de febreiro e o 31 de decembro de 2011 e constará de dúas fases: unha primeira parte formativa na Fundación Galicia Europa que terá por cometido iniciar ao adxudicatario na comprensión e análise das actuacións da UE en saúde; mentres que a segunda fase consistirá na realización de prácticas na Consellería de Sanidade, ambas en Santiago de Compostela.

Prazo: 28 de xaneiro de 2011.

Máis información na Fundación Galicia Europa, Rúa dos Feáns 3 C baixo. 15706 Santiago de Compostela. Teléfono 981 541 012, www.fundaciongaliciaeuropa.eu



Becas de residencia para o Colexio Peleteiro en Santiago de Compostela

O Colexio M. Peleteiro convoca bolsas para a Residencia de Estudantes durante o curso 2011/2012. Poderán solicitálas aqueles alumnos que, tendo un excelente matriculen por primeira vez en calquera dos cursos comprendidos entre 3º de E.S.O. e 2º de Bacharelato.

Tipo de bolsas

[Dúas bolsas completas](#)

Inclúen a bonificación ao 100% dos servizos de ensino, residencia, libros de texto, uniforme escolar e seguro de accidentes obrigatorio. Non se inclúen servizos complementarios como viaxes, excursións, transporte escolar, curso de verán, etc. e material de uso non obrigatorio solicitado polo alumno.

Duración das bolsas:

As bolsas concédense para o curso escolar 2011/2012 (setembro 2011-xuño 2012) e renóvanse anualmente cando se alcanzan os resultados académicos estipulados e o informe da Dirección resulte positivo.

Prazo de solicitude:

As bolsas pódense solicitar ata o 10 de xuño.

Proceso de admisión:

Os trámites necesarios para solicitar as bolsas para o próximo curso 2011/2012 son

os seguintes:

1.- Remitir ao Colexio, debidamente cumprido o impreso de solicitude, xunto cunha fotocopia do D.N.I. e unha fotografía.

Para obter o impreso de solicitude, pódese descargar dende a páxina web www.peleteiro.com, ou solicitalo no Colexio (Monte Redondo. (Castiñeiriño) Santiago de Compostela. Teléfono 981 591 475.

2.- Achegar Certificación académica dende 1º E.S.O. ata o último curso realizado no ano académico 2010/2011.

A nota media do expediente académico debe ser como mínimo de Notable, para cada un dos cursos comprendidos entre 1º E.S.O e o último curso realizado.

3.- Achegar copia da Declaración de Renda correspondente ao exercicio 2009 da unidade familiar (declaración conxunta ou as dúas declaracións individuais).

O nivel de ingresos tamén será un factor a considerar na valoración das candidaturas.

4.- Realizar unha entrevista persoal por parte do alumno co responsable de admisións do Colexio e unha proba académica.

Máis información en www.peleteiro.com



Bolsas de formación práctica en empresas da Fundación Empresa Universidad Gallega

A Fundación Empresa Universidad Gallega (Feuga) convoca bolsas para Titulados Universitarios.

Requisitos:

1. Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia e facer constar nos seus datos que desexa optar a unha bolsa de formación de FEUGA.
2. Ser diplomado, licenciado ou doutorado universitario. No caso das titulacións nas que para a obtención do título sexa necesaria a presentación do proxecto fin de carreira, será suficiente ter aprobadas todas as materias desta.
3. Ter cursado estudos nunha das tres Universidades da nosa Comunidade Autónoma. Se o título pertencese a outras Universidades, poderase acceder ao programa de bolsas de formación se está doutorado ou matriculado nun Curso de Doutoramento dunha das tres Universidades da Comunidade Autónoma.
 - . Poderán acceder ao programa de bolsas, os fillos de emigrantes galegos retornados, independentemente de onde obtivesen a súa titulación, se esta foi validada.
 - . Tamén poderán acceder ao programa de bolsas os titulados doutras Universidades españolas, se a titulación solicitada non se impartise nas tres Universidades da Comunidade Autónoma.
4. Non ter máis de 30 anos.
5. Ter finalizado os estudos nos tres últimos anos.
6. Non ter gozado doutra bolsa de FEUGA por un período de 6 ou máis meses.
7. No caso de ter gozado doutra bolsa de FEUGA por un período inferior a 6 meses, deberá ter cumprimentar o cuestionario de avaliación correspondente á bolsa gozada. O período máximo computado do total das bolsas non poderá exceder de 12 meses.
8. Non ter desempeñado en ningún momento traballo profesional remunerado relacionado coa súa titulación, baixo ningunha modalidade de contratación (os

candidatos do programa de bolsas achegarán o correspondente Certificado de Vida Laboral).

9. A bolsa é incompatible con calquera outro tipo de ingresos.

10. Non ter relación de parentesco dentro do primeiro grao de consanguinidade (pais - fillos) con ningún membro da propiedade e/ou dirección da empresa na que realizarán as prácticas profesionais.

11. Cumprir os requisitos establecidos pola empresa ofertante da bolsa (idiomas, coñecementos de informática...) complementarios da súa formación.

As condicións para a empresa

A compañía debe de ofrecer garantías de que conta con instalacións e medios para desenvolver a formación do titulado dentro do horario laboral da empresa, confeccionar un plan de formación personalizado e designar unha persoa que exerza de titor para facilitar a integración do bolseiro, asesoralo e realizar un seguimento continuo da súa actividade.

A selección

FEUGA traslada a oferta ao Servizo Público de Emprego, no que previamente se inscribiron aqueles licenciados interesados en acceder ao mercado laboral. O Servizo Público de Emprego realiza unha preselección segundo o perfil profesional que demanda a empresa, contacta cos candidatos para preguntalos se desexan entrar no proceso e que se envíe copia do seu currículo vitae a FEUGA, que elixe entre as candidaturas presentadas as máis idóneas para propoñelas á compañía.

Prazo: O prazo está aberto todo o ano.

Máis Información

FEUGA Vigo

feugavigo@feuga.es

Área Comercial - Local A9. Campus Universitario Lagoas-Marcosende
36310 Vigo (Pontevedra)

Tfno. 986 812 665 Fax 986 812 666

FEUGA Santiago de Compostela

feuga@feuga.es

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n. Campus Universitario Sur
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tfno. 981 534 180 Fax 981 524 351

www.feuga.es



FUNDACIÓN EMPRESA - UNIVERSIDAD GALLEGA

Prácticas en empresas a estudantes universitarios

A Fundación Empresa Universidad Gallega (Feuga) convoca bolsas para prácticas en empresas dirixidas a estudantes universitarios.

Titulacións:

Diplomatura Empresariais/Diplomatura en Relacións Laborais/Enxeñaría Técnica en Topografía: 2 bolsas. Empresa: LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRAIS, S.L.

A Coruña

Diplomatura Empresariais/Diplomatura Relacións Laborais: 1 bolsa. Empresa: MIGUEZ CUTRIN, S.L.

Santiago

Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación: 5 bolsas. Empresa: XESTIÓN BIBLIOTECARIA E DOCUMENTAL, S.A.

SANTIAGO

Diplomatura en Fisioterapia: 1 bolsa. Empresa: FISAM, S.L.

A CORUÑA

Diplomatura en Fisioterapia: 2 bolsa Empresa: RPS-RECUPERACIÓN FUNCIONAL, S.L.

SANTIAGO

Diplomatura en Óptica e Optometría: 1 bolsa. VIGO OPTICA COLÓN, S.L.

VIGO

Enxeñaría Técnica de Telecomunicación/Ingeniería Técnica Industrial. Office, bo expediente académico: 2 bolsas. Empresa: ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS

CONSULTORES IDOM, S.A

SANTIAGO

Enxeñaría Técnica Industrial, espec. Electricidade/Enxeñaría de Minas: 2 bolsas.

Empresa: TEYDI, S.L.U.

MONFORTE DE LEMOS

Enxeñaría Técnica Industrial, espec. Electricidade/mecánica/electrónica/Enxeñaría Industrial: 1 bolsa. CIE GALFOR, S.A.

SAN CIBRAO DÁS VIÑAS

Licenciatura Administración e Dirección de Empresas/Diplomatura Empresariais.

Contabilidade, facturación, control de custos e stock: 1 bolsa. Empresa: COCARGA, S.L.

VIGO

Licenciatura en Comunicación Audiovisual: Empresa: I.G. DOCUMENTACIÓN, S.L.

A CORUÑA

Licenciatura en Psicoloxía: 1 bolsa. Empresa: CENTRO DE DIA SAN CARLOS, S.L.

A Coruña

Prazo: 7 de novembro de 2011.

Máis información: www.feuga.es



Bolsas no Instituto Cervantes

O Instituto Cervantes convoca bolsas de formación e especialización, para o período 2012-2013:

- Catro bolsas para o Centro Virtual Cervantes e Informática.
- Catro bolsas para a Área Académica.
- Dúas bolsas para a Área de Recursos Humanos.
- Tres bolsas para a Área de Administración.
- Catro bolsas para a Área de Cultura.
- Unha bolsa para a Área de Planificación e Control de Xestión.
- Unha bolsa para o Gabinete de Dirección.
- Tres bolsas para a Área de Patrocinio e Xestión Comercial

Requisitos:

Posuír titulación universitaria de segundo ciclo ou grao.

Ter rematado os estudos conducentes á obtención do título requirido, nos catro cursos académicos anteriores.

Cada unha das bolsas terá unha duración de doce meses.
A dotación económica de cada bolsa será de 1.163,09 €
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 27 de outubro de 2011
Máis información no BOE do 17 de outubro e en www.cervantes.es



Bolsas para cursar Bacharelato Internacional

A Fundación Comité Español dos Colexios do Mundo Unido [convoca](#) todos os anos nos meses de novembro un concurso para a adxudicación de dez bolsas para cursar o Bacharelato Internacional nos [Colexios](#) que ten esta organización repartidos por 13 países de catro continentes. A dotación das bolsas, con carácter bienal, é de 45.000 €, e inclúe gastos de escolaridade, aloxamento e manutención nos Colexios. A Fundación estudará así mesmo, con carácter extraordinario, a concesión de axudas para facer fronte ás viaxes.

O proceso de selección que se leva a cabo en España réxese polas directrices e recomendacións da organización internacional dos United World Colleges. Conta con varias probas que avalían o mérito persoal do candidato/a que opta ás bolsas, dende un punto de vista humano, académico e social.

Requisitos:

Posuír a nacionalidade española no momento da convocatoria ou ter vivido en España os últimos oito anos e estar a tramitar a nacionalidade.

Ter nacido nos anos 1995 ou 1996.

Estar a cursar 4º da ESO ou 1º de Bacharelato e, en ambos os dous casos, ter aprobado o ano anterior.

Ter bo expediente académico e coñecementos básicos de inglés.

Ter cumprido o impreso de acordo coas instrucións finais e a documentación solicitada.

O prazo para solicitar as bolsas da Fundación Comité Español dos Colexios do Mundo Unido permanecerá aberto ata o 2 de febreiro de 2012.

Máis información en <http://www.colegiosmundounido.es/>



Bolsas para o Máster Europeo de Fotografía de Autor 2012

A Escola de Deseño IED Madrid convoca o [Concurso](#) de 13 bolsas para o Máster Europeo de Fotografía de Autor dirixido a calquera persoa de calquera nacionalidade e orixe. O programa formativo, impartido en español e inglés, está destinado á creación dun proxecto artístico e conta con artistas e teóricos internacionais entre os seus docentes.

Premios:

Un primeiro premio equivalente a 9.000 €.

Dous segundos premios equivalentes a 4.500 € cada un.

O prazo está aberto ata o 24 de novembro 2011 ás 10.00 h.

O Master comeza o 10 de abril de 2012.
Máis información en www.iedmadrid.com

IE Med.

Institut Europeu de la Mediterrània

Bolsas no Instituto Europeo do Mediterráneo

O Instituto Europeo do Mediterráneo convoca 8 bolsas de prácticas para licenciados/ás

Requisitos:

Licenciados/ás menores de 30 anos.

Ter a nacionalidade dalgún destes países: Albania, Alemaña, Alxeria, Austria, Bélxica, Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Chipre, Dinamarca, Exipto, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Israel, Italia, Xordania, Letonia, Líbano, Lituania, Luxemburgo, Malta, Marrocos, Mauritania, Mónaco, Montenegro, Países Baixos, Palestina, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Sirya, Suecia, Túnez e Turquía.

Idiomas: Español / Inglés ou francés.

Duración: 12 meses.

Dotación: 12.000 €.

Lugar: Instituto Europeo do Mediterráneo, Barcelona.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 26 de novembro de 2011

Máis información en

<http://www.iedmed.org/presentacio-es/liemed/beques2012/esp/guiabequesesp2012.pdf>



Bolsas Google para mulleres licenciadas

Google convoca bolsas para mulleres estudantes que esten matricualdas nunha facultade, un máster ou doutorado de informática durante o curso 2012/2013, nunha universidade europea, de Africa ou Oriente Medio.

Dotación económica da bolsa: 7.000 €

En xuño de 2012, as mulleres que resulten finalistas, serán invitadas a presentarse a unha das oficinas de Google en Europa para participar a talleres de información con relatores, paneis, sesións de breakout e actividades sociais; será a ocasión para todos os finalistas de coñecerse e compartir experiencias.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 1 de Febreiro de 2012

Solicitudes: <https://google.eresources.com/applications/login.asp>

Máis información en <http://www.google.com/anitaborg/emea/>



Bolsas de viaxe para Artistas

[ECF Fundación Cultural Europea](#) e [Fondo Roberto Cimetta](#) son asociacións internacionais que promoven o intercambio artístico e a mobilidade dos profesionais no campo das artes escénicas contemporáneas e artes visuais na área mediterránea.

O Fondo apoia e fomenta as viaxes que permite aos profesionais da cultura encontrar as oportunidades, os socios e os medios para realizar proxectos persoais ou colectivos, o que facilita a creación de redes, o intercambio de experiencias e a cooperación cultural e artística.

As axudas de viaxe individuais cobren os gastos de viaxe e visados para as viaxes, tales como asistir a reunións profesionais de redes culturais, talleres, residencias de artistas, festivais, simposios, etc

O Fondo Roberto Cimetta de bolsas de viaxe outórganse a individuos concretos e non a organizacións.

Profesionais europeos poden solicitálas, pero só se o seu proxecto ten unha conexión forte co Mediterráneo.

O fondo de RCF / Guimarães 2012 está aberto a artistas e operadores culturais en todas as disciplinas artísticas da rexión Euro-Mediterráneo-árabe cuxos gastos de viaxe do proxecto se levará a cabo entre Guimarães e a rexión Euro-Mediterráneo-árabe e / ou en relación cun proxecto vinculado a Guimarães 2012. Darase prioridade aos proxectos na música, as artes escénicas, cine, artes visuais, deseño e arquitectura, de preferencia no marco dunha residencia.

O RCF / Marseille-Provence 2013 Fondo está aberto a artistas e operadores culturais da rexión Euro-Mediterráneo-árabe cuxa viaxe se levará a cabo os proxectos dun país do sur e o leste das costas do Mediterráneo a outro país desa mesma zona. O obxectivo da viaxe ten que estar relacionado co Marsella 2013 do proxecto e / ou a área de Marsella 2013 (que se estende dende Arles a La Ciotat a través do Pays d'Aix).

Requisitos:

Non hai criterios de nacionalidade ou idade. Vivir o solicitante ou os traballos na rexión Euro-Mediterráneo-árabe.

Profesión: artistas, creadores, profesores, animadores culturais, administradores, xefes de proxecto.

Recursos financeiros: Os solicitantes que non poidan encontrar recursos financeiros propios.

As solicitudes deben presentarse en forma individual por correo electrónico a grant@cimettafund.org.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 31 de xaneiro de 2012.

Máis información en:

<http://www.cimettafund.org/>

<http://www.eurocult.org/>

<http://www.mp2013.fr/>

<http://www.guimaraes2012.pt>



Bolsas Stevenson en Escocia

British Council en España convoca bolsas Stevenson para estudos univesitarios en Escocia.

Poden optar a estas bolsas todos os estudantes universitarios menores de 25 anos (excepcionalmente poden ter ata 35 anos) que estean matriculados ou que rematasen os seus estudos recentemente nalgunha universidade española e que desexen estudar en Escocia. As bolsas están abertas a calquera disciplina e permiten estudar nunha universidade escocesa de 3 a 9 meses.

A contía da bolsa será de entre £200 ata £4,000 podendo variar esta cantidade considerablemente a discreción do Comité Executivo. É requisito imprescindible posuír un bo coñecemento de inglés e que o solicitante establecese contacto previo con algunha universidade escocesa aínda que non fose formalmente aceptado aínda. Estas bolsas son axudas complementarias e os bolseiros seleccionados terán que custearse a viaxe e os gastos de estanza.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 10 de febreiro de 2012.

Máis información en <http://www.britishcouncil.org/spain/stevenson-scholarship>



fundación caja de arquitectos

Penitencia!: Bolsas para proxectos de Arquitectura

A Fundación Caixa de Arquitectos convoca 20 bolsas para estudantes de Arquitectura e novos arquitectos destinadas á realización de prácticas profesionais en estudos europeos de Arquitectura.

Existen dúas modalidades de participación: expediente académico e concurso. Pode optarse por participar nunha delas ou en ambas as dúas simultaneamente. Convócanse 10 bolsas para cada modalidade.

Expediente académico:

Poderán participar os estudantes que superasen, nalgunha Escola española de Arquitectura, como mínimo o 60% dos créditos necesarios para obter o título de arquitecto, e estean matriculados no curso 2011/2012; e os arquitectos que obtivesen o título de arquitecto nalgunha Escola española de Arquitectura, despois do 30 de Abril de 2011.

Os candidatos serán seleccionados en virtude do seu expediente académico. Este valorarase pola media das notas obtidas nas materias superadas da carreira, así como pola media das notas obtidas nas materias superadas de Proxectos (para tal efecto consideraranse todas as que dependan do Departamento de Proxectos arquitectónicos).

Concurso:

Os estudantes serán seleccionados en virtude do material achegado a concurso. A Fundación confiou ao arquitecto Eduardo Arroyo a definición do tema e a resolución, como único membro do xurado.

Tema: Penitencia!

Non se aceptarán propostas presentadas por outro medio que non sexa internet ou recibidas unha vez clausurada a convocatoria.

A presentación deberá ser a título individual. Para asegurar o anonimato do participante ante o xurado, os arquivos enviados deberán omitir os datos persoais.

Durante o período de prácticas, a Fundación Caixa de Arquitectos subvencionará ao bolseiro cunha dotación económica de 7.000 € (destinos nacionais) e 9.000 € (destinos estranxeiros), segundo a cidade de destino asignada:

Basilea: 9.000 €

Copenhagen 9.000 €

Londres: 9.000 €

Porto: 9.000 €

París: 9.000 €

Rotterdam: 9.000 €

Barcelona: 7.000 €

Madrid: 7.000 €

Olot: 7.000 €

Pamplona: 7.000 €

Sevilla: 7.000 €

A Fundación asumirá os gastos de desprazamento ao lugar de prácticas (billetes de ida e volta en avión, tren ou vehículo).

A data límite de admisión de inscricións e do material requirido a concurso é o día luns 30 de Abril de 2012.

<http://fundacion.arquia.es/es/becas>



Bolsas para cursar estudos de másteres oficiais

A Fundación "La Caixa" convoca 100 bolsas de mobilidade para cursar estudos de másteres oficiais, en universidades españolas, durante o curso 2012-2013.

A convocatoria contempla todas as áreas do coñecemento e está dirixida a graduados universitarios, licenciados e titulados superiores que desexen cursar un máster que implique tanto o cambio de universidade coma o de comunidade autónoma de residencia.

Os estudos obxecto das presentes bolsas deben ser a tempo completo e cunha carga lectiva mínima de 60 créditos ECTS anuais.

Dotación:

Matrícula do máster, sen límite de importe.

Dotación de 1.300 € mensuais.

Dotación única inicial de 1.000 €, para cubrir gastos de viaxe e instalación

Requisitos:

Os solicitantes deben ter a nacionalidade española.

Titulacións:

Os graduados universitarios, licenciados e titulados superiores que cursasen os estudos nalgunha de

as facultades ou centros de ensino superior das universidades españolas. Non se admitirán solicitudes en que acredítese estudos de diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, salvo que estes estudos se completaran cos estudos do ciclo superior que correspondan a algunha das titulacións mencionadas.

Os alumnos que, despois de obter o grao universitario no estranxeiro, acrediten o suplemento europeo ao título ou a homologación do Ministerio de Educación antes da data de peche da convocatoria.

Os estudantes que sigan o último curso de carreira nalgunha universidade española ou do Espazo Europeo de Educación Superior durante o curso 2011-2012. No devandito caso, os estudantes seleccionados deberán acreditar, para obter a bolsa, ter finalizado os estudos na convocatoria de xuño/xullo de 2012.

Os profesores superiores de música, que deberon cursar os estudos nalgunha escola ou conservatorio superior de música.

Coñecemento de idiomas:

Os solicitantes deben acreditar o seu coñecemento do idioma inglés cun dos seguintes certificados:

Universidade de Cambridge: First Certificate ou superior.

IELTS (cualificación mínima: 5).

TOEFL (cualificación mínima: 61 en Internet based, 173 en computer based ou 500 en paper based).

Certificado de aptitude do ciclo superior (plan antigo) ou certificado do nivel avanzado - B2 (plan novo), cursado e aprobado, das escolas oficiais de idiomas.

Diplomas ou certificados expedidos polas escolas de idiomas das universidades, que acrediten, ter cursado e aprobado o nivel B2 (ou superior) do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

Os solicitantes que desexen realizar un máster en administración de empresas (MBA) deben acreditar unha puntuación mínima de 700 no test GMAT e presentar algunha das seguintes acreditacións do seu nivel de inglés:

Universidade de Cambridge: Proficiency.

IELTS (cualificación mínima: 8).

TOEFL (cualificación mínima: 110 en Internet based, 270 en computer based ou 637 en paper based).

Os candidatos que obteñan unha bolsa deben empezar o máster no curso 2012-2013. O máster que desexe cursarse debe ser oficial.

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o día 5 de marzo de 2012.

Máis información en <http://obrasocial.lacaixa.es>



Prácticas Profesionais Santander CRUE – CEPYME

O Banco Santander convoca un programa dirixido a estudantes que desexen achegarse ao mercado laboral, ampliando coñecementos e fomentando a toma de contacto coas empresas.

Trátase de 2500 becas de prácticas profesionais en Pemes e autónomos cunha duración mínima de tres meses que se pode ampliar a seis en horario de xornada completa.

O prazo de inscrición remata o 31 de marzo de 2012 e o prazo de realización das prácticas ten como data límite o 30 de setembro de 2012.

A beca ten unha contía de 600 euros brutos ao mes e é compatible con calquera outra axuda que a empresa de destino oferte.

As solicitudes realizaranse a través da web: www.becas-santander.com

Os requisitos para participar son:

- Estar matriculado nunha universidade española ou centros adscritos á mesma.
- Estudantes de grao e máster (oficiais e propios).
- Ter superado un 50% dos créditos ou estar nos dous últimos cursos ou realizando o proxecto de fin de carreira.
- Non ter contrato coa universidade ou empresa onde se realizarán as prácticas.

A selección dos estudanes correrá a cargo dos servizos especializados de cada universidade.

Para máis información pódese consultar o seguinte enlace:

http://www.becas-santander.com/img/CRUE_CEPYME_resumen.pdf



Bolsas de investigación no Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega convoca 5 bolsas de colaboración en proxectos de investigación concretos que se están a desenvolver no Consello:

2 bolsas para colaborar na Área de Publicacións: licenciado/a en Filoloxía Galega. Valoraranse como méritos: posuír coñecementos de tradución e corrección. Posuír coñecementos de edición de textos. Posuír coñecementos de informática.

2 bolsas para colaborar na Área de Documentación: diplomado/a en Biblioteconomía e Documentación ou licenciado/a en Documentación. Valoraranse como méritos: posuír coñecementos de catalogación en formatos Marc. Posuír coñecementos do programa de catalogación AbsysNET. Posuír coñecementos de informática. Posuír experiencia en xestión documental.

1 bolsa para colaborar na Área Técnica: estudos de técnico/a de imaxe e son (grao superior de técnico/a de son ou imaxe-FP ou similar ou outra titulación superior). Valoraranse como méritos: posuír coñecementos de programas de edición e de gravación de audio e vídeo dixitais. Posuír experiencia de edición dixital, tanto de audio como de imaxe.


Requisitos xerais:

Estar en posesión da titulación académica requirida sen que transcorresen máis de 5 anos desde a súa obtención e acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

A duración da bolsa será de 7 meses, comprendidos entre o 1 de xuño de 2012 e rematarán o 31 de decembro de 2012.

A contía das bolsas será de 910 €.

O *prazo* de presentación de solicitudes estará aberto ata o 19 de maio de 2012.
Pódense tramitar a través da sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.es> co procedemento PR970A
Máis información no DOG do 19 de abril de 2012 e en www.consellodacultura.org



BOLSAS DE PARLAMENTOS



Bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia convoca as seguintes bolsas:

5 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.

1 bolsa de formación en comunicación institucional.

1 bolsa de formación en publicacións.

2 bolsas de formación en informática.

1 bolsa de formación en xestión parlamentaria.

- 5 bolsas formativas co obxecto de realizar estudos e traballos de carácter arquivístico, bibliotecario e documental. Requisitos das persoas solicitantes: ser licenciada en documentación ou diplomada en biblioteconomía e documentación.
- 1 bolsa para a realización de estudos e traballos sobre comunicación institucional: poderán solicitar a concesión da bolsa as licenciadas e os licenciados universitarios españois en facultades de Ciencias da Comunicación, ou de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- 2 bolsas para a formación práctica de persoal informático: poderán solicitar a concesión da bolsa as persoas con licenciatura ou diplomatura universitaria en informática.
- 1 bolsa para a formación práctica de persoal técnico de publicacións: poderán solicitar a concesión da bolsa aquelas persoas que posúan licenciatura universitaria en tradución e interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1.ª lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, ou licenciatura en filoloxía galega.
- 1 Bolsa de xestión parlamentaria: licenciatura en ciencias políticas e da administración ou en dereito

Requisitos:

As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2005-2006 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

Ter nada despois do 31 de decembro de 1981.

Ter un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia.

As bolsas terán unha duración de doce meses. A contía total das bolsas será de 12.000 € brutos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 26 de outubro de 2011.

As solicitudes están dispoñibles en www.parlamentodegalicia.es e no [Boletín do Parlamento do 26 de setembro de 2011](#).

Máis información no DOG do 6 de outubro de 2011

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 26 de setembro de 2011

www.parlamentodegalicia.es




Bolsas de Biblioteconomía e Documentación para as Cortes Valencianas.

As Cortes Valencianas convocan catro bolsas de formación práctica en biblioteconomía e documentación, relacionadas coa actividade desta institución. Cada unha das bolsas terá unha duración de 12 meses.

Requisitos: licenciado en documentación ou titulados superiores con cursos de especialización en biblioteconomía, documentación ou diplomados en biblioteconomía ou grao en información e documentación (ou equivalentes).

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 21 de decembro de 2012.

Máis información no DOCV do 2 de decembro de 2010 e en <http://www.cortsvalecianas.es>



BOLSAS UNIÓN EUROPEA E OUTROS PAÍSES



Períodos de prácticas remunerados para tradutores na UE

Está aberto o prazo de inscrición para un período de prácticas remunerados para tradutores no Parlamento da Unión Europea. A data de inscrición finaliza o 15 de febreiro de 2011 e o periodo de prácticas comenzaría en xullo

Os períodos de prácticas remunerados para tradutores estarán reservados a titulados universitarios ou de centros asimilados, co fin de que poidan completar os coñecementos adquiridos durante os seus estudos e familiarizarse coa actividade da Unión Europea e, en particular, do Parlamento Europeo.

Todo candidato a un período de prácticas remunerado para tradutores deberá:

- ser nacional dun Estado membro da UE ou dun país candidato (Croacia, a Ex República Iugoslava de Macedonia ou Turquía);
- ter cumprido 18 anos na data de comezo das prácticas;
- non ter gozado de ningún outro período de prácticas remunerado, nin ter desempeñado un traballo remunerado durante máis de catro semanas consecutivas, nunha institución europea ou nun grupo político ou no gabinete dun deputado ao Parlamento Europeo;
- ter finalizado, antes da data límite de presentación das solicitudes, estudos universitarios dunha duración mínima de tres anos avalados por un título;
- ter un perfecto coñecemento dunha das linguas oficiais da Unión Europea ou da lingua oficial dun país candidato á adhesión e un coñecemento profundo doutras dúas linguas oficiais da Unión Europea.

A duración dos períodos de prácticas remunerados para tradutores é de tres meses.

Os períodos de prácticas poderanse prorrogar excepcionalmente por un máximo de tres meses.

Data de inicio das prácticas Período de inscrición

1 de xaneiro	15 de xuño - 15 de agosto
1 de abril	15 de setembro - 15 de novembro
1 de xullo	15 de decembro - 15 de febreiro
1 de outubro	15 de marzo - 15 de maio

Aconsellase non esperar ao último día destes prazos para presentar a súa candidatura; teña en conta que o elevado número de candidaturas pode saturar o sistema.

Os períodos de prácticas para tradutores realízanse en Luxemburgo

Máis información e formulario de solicitude na web:

<http://www.europarl.europa.eu/parliament/public/staticDisplay.do?id=147&pageRank=5&language=ES>



Bolsas para a República Checa

O Ministerio de Educación, Xuventude e Cultura Física da República Checa ofrece 7 bolsas para os Cursos de Verán de Estudos Eslavos (Praga- 2 bolsas, Brno 3 - bolsas, Olomouc -2 bolsas). A bolsa cobre a residencia en establecementos universitarios en réxime de pensión completa, matrícula e excursións.

Organizadores:

Cursos de Verán de Estudos Eslavos están organizados polas Universidades Públicas en diferentes lugares da República Checa (Praga, Brno, Olomouc) durante o verán de 2011.

Requisitos dos solicitantes:

Ter suficiente coñecemento da lingua checa ou outra estranxeira (inglés, alemán ou francés). Os cursos son divididos en catro niveis segundo o coñecemento do checo - principiantes e tres niveis de avanzados.

Os candidatos que conseguen a bolsa recibirán aviso da parte da Universidade (approx. en maio 2011) e deberán responder o antes posible á Universidade para confirmar a participación no curso.

Candidaturas:

As candidaturas para as bolsas dos Cursos de Verán de Estudos Eslavos deberán presentarse por correo na Embaixada da República Checa nos formularios correspondentes antes do 18 de marzo de 2011

Dirección: Avenida Pío

XII, 22 -24, 28016, Madrid, Tel.: 91 353 18 80, Correo Electrónico: madrid@embassy.mzv.cz

A candidatura debe conter:

- 1) aplicación - aplicacións son dispoñibles nas páxinas web das Universidades Públicas checas (indicadas máis abaixo), que organizan os Cursos de verán.
- 2) currículo vitae
- 3) carta de motivación

Máis información sobre os Cursos de Verán de Estudos Eslavos e aplicacións:

LŠSS Praha 29.7. - 26.8.2011: <http://lss.ff.cuni.cz>

LŠSS Olomouc 23.7. - 20.8.2011: <http://lss.upol.cz/>

LŠSS Brno 23.7. - 20.8.2011: <http://www.phil.muni.cz/kabcest/>

Embaixada República Checa en España: <http://www.mzv.cz/madrid>



Bolsas para Cursos de verán e para estudos de longa duración en Dinamarca

O Ministerio de Asuntos Exteriores de Dinamarca convoca bolsas para cursos de verán en Dinamarca.

A partir do ano escolar 2011/2012, as bolsas de longa duración e de verán no marco dos Convenios Culturais destinaranse especificamente a estudantes de postgrao altamente cualificados, así como a mozos investigadores que desexan afondar nos seus estudos da lingua e cultura danesa, ou nunha área de estudo relacionada con Dinamarca, como por exemplo estudos de deseño, de medioambiente, etc.

O prazo de presentación da solicitude dunha bolsa de longa duración é o 28 de febreiro de 2011.

O prazo de presentación da solicitude dunha bolsa de verán é o 28 de marzo de 2011.

Máis información en www.ambmadrid.um.dk/es



Becas para estudos de postgrao na India.

O Goberno da India, baixo os auspicios do Consello Indio de Relacións Culturais (ICCR), www.iccrindia.net, no marco do Programa de Intercambio Cultural entre a India e España, ofrece cinco bolsas aos estudantes de España que desexen estudo (coa excepción de Medicina e Odontoloxía) de postgrao ou os niveis de investigación en universidades e institucións educativas na India durante o ano académico 2011-2012.

As bolsas inclúen a matrícula e as taxas do curso, ademais dunha cantidade fixa de gastos de subsistencia. As bolsas concédense por un ano con posibilidade de renovación. A data límite para a recepción de solicitudes de inscrición na Embaixada da India, a Avenida Pío XII, 30-32, (28016) Madrid, 07 de febreiro 2011. A solicitude debe especificar o curso o candidato desexa someterse, xunto coa universidade ou instituto de / a súa elección na India.

É importante que os candidatos presenten seis copias da solicitude xunto con copias certificadas dos títulos (traducidos ao Inglés). Aqueles que desexen realizar cursos de doutorado ou post-doutorado deben achegar a sinopse do proxecto de investigación proposto. É imprescindible que os candidatos teñan un coñecemento axeitado de Inglés e, para iso, deberán presentar unha copia do curso (s) aprobados no idioma Inglés.

Máis información na Embaixada da India en España, www.embassyindia.es, teléfono 91 345 11 12



Bolsas do Goberno Chinés para Universitarios e Titulados Superiores

O Ministerio de Educación da República Popular China convoca o seu concurso anual para o ano académico 2011-2012, con motivo da concesión de 12 bolsas totais e 3 bolsas parciais para cidadáns españois.

Os solicitantes poden encontrar as informacións das universidades e centros docentes chineses que aceptan bolseiros estranxeiros na seguinte páxina de web: <http://en.csc.edu.cn>

Requisitos

Requírese que o solicitante sexa universitario ou posúa o título de licenciatura ou superior.

Prazo: 10 de abril de 2011.

En xullo se comunicara a concesión de bolsas na páxina web da embaixada.

Información

Sr. Wang Zhiwei


Oficina de Asuntos Educativos

Embajada de la República Popular China en España.

Dirección: C/Matías Turrión 28, 1B. 28043 Madrid

Tel 913 88 39 88 Fax: 917 59 92 92

Páxina web: <http://www.embajadachina.es/esp/>



Bolsas de investigación en Francia.

A embaixada de Francia convoca bolsas a profesores españois de Francés dun centro público universitario ou a estudantes españois de terceiro ciclo de Francés que desexen ir a Francia, no marco dun proxecto de investigación ou de preparación dunha tese doutoral, nos campos seguintes:

Lingüística ou Literatura francesa.

Didáctica de Francés como lingua estranxeira.

Tradución ou terminoloxía (Francés/Español).

Francés sobre obxectivos específicos.

Requisitos:

Ter emprendido xa investigacións nas áreas citadas anteriormente.

Ser licenciado en Filoloxía Moderna (sección de Francés), en Filoloxía Románica ou en Literatura francesa ou equivalente.

Non gozar deste tipo de bolsa durante os tres últimos anos.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 18 de marzo de 2011.

Máis información no BOE do 28 de febreiro de 2011.



Bolsas de chinés en Taiwan

O Ministerio de Educación da República de China (Taiwan) concederá durante o período académico 2011-2012 tres bolsas dirixidas a persoas maiores de idade (18 anos), con nivel educativo mínimo de bacharelato e con nacionalidade española.

A. Unha bolsa para a aprendizaxe do idioma chinés nos centros docentes oficiais de Taiwán.

B. Unha bolsa para estudar unha carreira universitaria en Taiwán.

C. Unha bolsa para estudar un Máster en Taiwán.

Datas e lugar para a presentación da solicitude:

Dende o 10 de febreiro ata o 2 de abril de 2011.

Oficina Económica e Cultural de Taipei

C/Rosario Piñeiro, 14-16, 18D

28020 Madrid

Correo Electrónico: oficinataipei@gmail.com (aten.: Luis Lee)

Tel. 91-571 84 26, 91-571 46 78

Información

<http://www.roc-taiwan.org/ES/ct.asp?xItem=181449&ctNode=993&mp=137>



Cursos de italiano en Italia

O Ministerio de Asuntos Exteriores do goberno italiano convoca bolsas a cidadáns españois que desexen estudar en Italia ou desexen efectuar investigacións en arquivos, centros culturais, bibliotecas, laboratorios ou cursos de idiomas.

Información en:

http://www.esteri.it/MAE/IT/Ministero/Servizi/Stranieri/Opportunita/BorseStudio_stranieri.htm?LANG=IT (italiano)

http://www.esteri.it/MAE/EN/Ministero/Servizi/Stranieri/Opportunita/BorseStudio_stranieri.htm?LANG=EN (inglés)

Presentación de solicitudes:

Transmisión on line do formulario interactivo adjunto,disponible na web:

<http://borseonline.esteri.it/borseonline/it/index.asp>

(www.esteri.it > opportunita > per stranieri > domanda dei borsa dei studio).

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **2 de maio de 2011**.

O candidato dispoñerá de dez días (antes do 12 de maio 2011) para o envío en papel do mesmo formulario imprimido, completo de firma e data).

Dirección de correo para o envío do formulario imprimido:

Istituto Italiano dei Cultura dei Madrid

C/Maior 86, -28013 Madrid

Modalidades de envío:

Correo certificado con notificación de recibo (é imprescindible indicar no sobre "solicitud de bolsas do goberno italiano 2011/2012")

Para calquera consulta:

carla.morpurgo@esteri.it (Carla Morpurgo)

www.iicmadrid.esteri.it



Cursos gratis de lingua árabe con inmersión cultural. DAR LOUGHAT, TETUÁN (MARROCOS).

Os cursos serían de dous niveis: "inicial", para alumnos sen coñecemento ningún da lingua árabe; e "medio", para alumnos con nivel de 1º ou 2º de Filoloxía Árabe, 1º ou 2º de Escola Oficial de Idiomas ou similares, curso práctico especialmente dirixido á conversación en árabe culto moderno. Máximo de 15 alumnos por curso. Solicitudes dirixidas a: institutoandalusi@gmail.com

Prazo de solicitude: ata 15 días antes do inicio do curso ou ata completar as prazas.
Datas dos cursos:

do 03 ao 09 de xullo: 15 prazas. Solicitudes a partir do 24 de abril

do 10 ao 16 de xullo: 15 prazas. Solicitudes a partir do 24 de abril

Clases de luns a venres, de 9 a 13 horas, en DAR LOUGHAT.

O grupo concentrarase o domingo, no porto de Tarifa (Cádiz), ás 4 da tarde, para saír no Transbordador das 5 da tarde con destino ao porto de Tánxer. A volta, o sábado pola mañá dende o porto de Tánxer con destino Tarifa. Recollida de billetes ida e volta a nome de cada un, mais ficha de entrada (branca) e saída (amarela) no mostrador de FRS, situado na entrada das oficinas do porto.

Importe do billete do transbordador ida e volta 70 €.

A chegada será sobre as 6 da tarde ao porto de Tánxer (as cinco en Marrocos), onde estará Zayd Benaboud (Director do centro DAR LOUGHAT) ou un representante, para recollervos e trasladarvos ao Hotel de Tetuán e responder a cantas dúbidas teñades.

Máis información en

www.institutoandalusi.es

www.embajada-marruecos.es/default2.htm (Departamentos embaixada: Cultura)



Vulcanus en Xapón 2012

Vulcanus en Xapón é un programa destinado a estudantes enxeñeiros da Unión Europea. Os candidatos deben ser nacionais dun estado membro da Unión Europea e estudantes enxeñeiros ou universitarios (informática, física, química, electrónica, biotecnoloxía, materiais metálicos, cerámica, sistemas de produción...). O nivel de estudos superiores mínimo requirido é de tres anos. Os estudantes deben estar preparados para estar en Xapón durante ano académico completo no marco xeral do seu curso ou a título de ano sabático segundo a convención da súa Universidade ou Escola.

Comeza en setembro de cada ano e remata en agosto do ano seguinte. O estudante segue sucesivamente unha semana de seminario sobre Xapón, catro meses de curso intensivo de xaponés e oito meses de prácticas nunha empresa industrial xaponesa.

O obxectivo do programa é de familiarizar os futuros directivos da industria e a administración europea co mundo dos negocios xaponés, a súa estrutura económica e industrial e as súas institucións. Fomenta a creación de liñas de relacións privilexiadas, a miúdo determinantes para a realización de proxectos de cooperación industrial entre os dous polos. O obxectivo final é de formar un grupo de novos enxeñeiros capaces de asistir aos seus futuros directivos europeos nas súas relacións de negocios con Xapón.

Os candidatos son seleccionados polos seus resultados universitarios, a opinión dos seus profesores, os seus coñecementos de inglés escrito e falado, a súa motivación, o seu interese polas relacións UE-Xapón e a súa capacidade de adaptación.

Data límite de envío de candidaturas: 20 de xaneiro 2012

Datas desenvolvemento bolsa: setembro 2012 a agosto 2013

O programa Vulcanus en Xapón esta subvencionado pola empresa xaponesa de acollida e polo Centro UE-Xapón. Os estudantes reciben unha bolsa de 2.000.000 ien destinada a financiar a viaxe e a súa estanza en Xapón. A empresa de acollida ocuparase do seu aloxamento durante os 12 meses. O curso de xaponés e o seminario están a cargo do Centro para a cooperación Industrial entre a UE e Xapón.

Organiza:

EU-Japan Centre for Industrial Cooperation
Rue Marie de Bourgogne 52 - B-1000 Brussels - Belgium
Tel: +32 (0) 2 282 00 40 - Fax: +32 (0)2 282 00 45
Email: office@eu-japan.eu
<http://www.eu-japan.eu/global/vulcanus-in-japan.html>



Prácticas de traducción na Unión Europea

A Comisión organiza dúas veces ao ano períodos de formación que dura entre tres e cinco meses para mozos titulados universitarios que desexen adquirir experiencia interna de tradución profesional. Isto non exclúe a aqueles que no marco da aprendizaxe permanente, obtivesen recentemente un título universitario e no comezo dunha nova carreira profesional.

Os seleccionados son asignados a unha unidade de tradución que inclúe tradutores da mesma lingua materna. Os alumnos fan o mesmo traballo que os seus colegas de persoal, que é traducir na súa lingua materna ou principal de polo menos dúas linguas comunitarias. O seu traballo é revisado polo persoal directivo con experiencia. Algúns dos participantes son asignados á biblioteca para a linguaxe ou na unidade da terminoloxía ou a unidade de apoio a outros no servizo de tradución. Os alumnos son seleccionados, en principio, de entre os nacionais dos Estados membros das Comunidades Europeas e dos países candidatos beneficiarios dunha estratexia de preadhesión. Non obstante, un número limitado de nacionais de terceiros países poderán ser aceptados.

Requisitos:

Alumnos que completaron o primeiro ciclo de estudos superiores (universitarios) e obtiveron un grao ou o seu equivalente, pola data de peche para as solicitudes.

Non ter feito un período de prácticas noutra institución da Unión Europea ou do corpo;

Ser capaz de traducir á súa lingua materna a partir de dous dos idiomas oficiais da Comunidade;

Ter un moi bo coñecemento de inglés, francés ou alemán;

Ter un moi bo coñecemento dunha segunda lingua comunitaria

Se o alumno é un nacional dun Estado membro da UE: ter un moi bo coñecemento dunha lingua comunitaria

Se o alumno é un nacional dun terceiro país: ter un moi bo coñecemento dunha terceira lingua.

Os participantes reciben unha bolsa de 963 €. Os alumnos con minusvalidez poden recibir un complemento. Os períodos de prácticas polo xeral son do 1 de marzo e 1 de outubro, pero pode comezar noutras datas á discreción do servizo de tradución.

O prazo para presentar [solicitudes](#) estará aberto ata o 31 de xaneiro de 2012..

Máis información en:

http://ec.europa.eu/stages/information/application_en.htm

<http://ec.europa.eu/stages/>



Prácticas no Tribunal de Xustiza da Unión Europea

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea ofrece cada ano un número limitado de prazas para realizar [prácticas remuneradas](#), dunha duración máxima de cinco meses. As prácticas desenvólvense principalmente na Dirección de Investigación e Documentación, no Servizo de Prensa e Información, na Dirección Xeral de Tradución e na Dirección de Interpretación (respecto ás prácticas na Dirección de Interpretación, véxase infra).

Hai dous períodos de prácticas:

- do 1 de marzo ao 31 de xullo (o formulario deberá enviarse como moi tarde o 30 de setembro)
- do 1 de outubro ao 28 de febreiro (o formulario deberá enviarse como moi tarde o 30 de abril)

O cuño de correos dará fe da data de envío.

Os candidatos, que han de posuír un título universitario en Dereito ou Ciencias Políticas (especialidade Dereito) ou, para as prácticas na Dirección de Interpretación, un título de intérprete de conferencias, deben imprimir e cumprir o formulario e enviálo por correo á Unidade de Recursos Humanos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, Bureau deas stages, GEOS 3032, L-2925 Luxemburgo, xunto cun curriculum vitae detallado e copias dos títulos e/ou certificados.

Por razóns do servizo, é conveniente posuír un bo coñecemento do francés.

As prácticas na Dirección de Interpretación, dunha duración de entre dez e doce semanas, diríxense ante todo a novos diplomados en interpretación de conferencias cuxa combinación lingüística presente un interese para a Dirección de Interpretación. O seu obxectivo consiste en ofrecer aos novos intérpretes un control do seu perfeccionamento profesional, máis especificamente no ámbito da interpretación xurídica, que implica tanto a preparación dos expedientes coma a busca terminolóxica e a realización de exercicios prácticos en «cabina muda». Requírese un coñecemento do francés lido.

Máis información en <http://curia.europa.eu>



Prácticas en Institucións Europeas

A maioría das Institucións Europeas (Comisión Europea, Parlamento Europeo, Consello Europeo...) ofrecen prácticas profesionais. Dependendo da institución, a súa duración e as súas características varían. Nesta web podedes atopar información sobre as prácticas profesionais na Comisión Europea e os recursos necesarios e ideas para coñecer as prácticas profesionais que ofrecen outros organismos comunitarios:

http://ec.europa.eu/spain/jovenes/practicas/index_es.htm



Prácticas na Axencia Europea de Dereitos Fundamentais (FRA)

Dúas veces ao ano, do 16 de xaneiro ao 30 de xuño e do 1 xullo ao 31 de decembro, a Axencia Europea de Dereitos Fundamentais (FRA) ofrece prácticas remuneradas por períodos de seis meses para os mozos titulados. O seu obxectivo é proporcionar alumnos unha experiencia de traballo na administración da cooperación no campo dos dereitos fundamentais no ámbito europeo co fin de facerse unha idea dos obxectivos e as actividades de FRA, e poñer en práctica a súa aprendizaxe.

O FRA (Axencia Europea de Dereitos Fundamentais) estase a construír sobre o Observatorio Europeo do Racismo e a Xenofobia (EUMC), e proporciona asistencia e asesoramento á Unión Europea e os seus Estados membros en materia de dereitos fundamentais. O obxectivo é apoiar a respectar plenamente os dereitos fundamentais cando adopten medidas ou establezan liñas de actuación.

Os obxectivos das pasantías son:

proporcionar unha comprensión dos obxectivos e actividades de FRA que os alumnos poidan adquirir unha experiencia práctica e coñecemento do traballo do día a día das Unidades de FRA e servizos que os alumnos poñer en práctica os coñecementos adquiridos durante os seus estudos, ou carreiras profesionais contribuír á misión da axencia

Os criterios de elixibilidade:

os participantes serán nacionais dos Estados membros, candidatos e candidatos potenciais
os alumnos deben ter un diploma universitario
os alumnos deberon completar o primeiro ciclo de estudos superiores (é dicir, a educación universitaria) e obtiveron o título completo ou o seu equivalente na data de presentación de solicitudes
os candidatos deben ter un bo coñecemento de polo menos dúas linguas comunitarias, incluíndo Inglés. Candidatos de países non membros da UE debe ter un bo coñecemento de Inglés
os candidatos non deberon ter ningún tipo de formación ou emprego dentro dunha institución ou organismo europeo

Os alumnos reciben unha bolsa mensual de 1000 €.

As persoas seleccionadas terán reembolso dos gastos de viaxe ao inicio e ao final da pasantía. Os alumnos con minusvalidez poden recibir un complemento da súa concesión ata a súa concesión igual a un máximo do 50% da contía da subvención.

Data límite de presentación de solicitudes: **17 de febreiro 2012**

Máis información en <http://fra.europa.eu>



Bolsas para estudiar chinés en China

O Ministerio de Educación da República Popular China [convoca](#) para o curso académico 2012-2013, 15 prazas da Bolsa do Goberno chinés de acordo co Convenio Bilateral co Goberno Español e 4 prazas de Bolsa Unilateral ofrecida polo Goberno chinés para cidadáns españois co mesmo proceso de tramitación e a mesma dotación. Requírese que o solicitante sexa universitario ou posúa o título de grao ou superior.

O *prazo* de presentación de solicitudes de bolsa estará aberto ata o 15 de abril de 2012.

Os peticionarios deben presentar a solicitude e a documentación por mensaxería á Embaixada da República Popular China en Madrid.

Pódese presentar solicitudes online, o formulario está dispoñible en:

<http://laihua.csc.edu.cn/inscholarship/jsp/student/StudentLogin.jsp>

Máis información:

Embaixada da República Popular China en España.

R/Matías Turrión 28, 1B. 28043 Madrid

teléfono: 913 88 39 88

www.embajadachina.es



BOLSAS UNIVERSIDADES



Bolsas para estudantes da Universidade de A Coruña

A Universidade da Coruña convoca 4 bolsas de colaboración que permitan a formación teórica e práctica do estudiantado matriculado nun centro propio da Universidade da Coruña en estudos conducentes á obtención dun título oficial, mediante a realización de actividades de colaboración en diferentes áreas de interese formativo, como son, as áreas de cultura e comunicación, calidade e novas tecnoloxías, infraestrutura e xestión medioambiental,

A dotación das bolsas é de 360 € mensuais cada unha delas:

- 2 Bolsas de formación na área de cultura e comunicación
- 1 Bolsa de formación na área de calidade e novas tecnoloxías
- 1 Bolsa de formación na área de infraestrutura e xestión medioambiental

Requisitos:

1. Estar matriculado en estudos oficiais na Universidade da Coruña.
2. Non exceder de 28 anos de idade durante o período de aproveitamento da bolsa.
3. Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Tampouco poderá realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.
4. Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico de quen presenta a solicitude. Alén dos requisitos anteditos, a persoa solicitante dunha bolsa, deberá cumprir en cada caso os requisitos específicos que figuran nos anexos 1, 2 e 3, correspondentes ás distintas áreas de formación, se os houber.
5. Non ter sido beneficiario dunha bolsa de colaboración por un período superior a 12 meses.
6. Non se poderán aproveitar da mesma bolsa aquelas persoas que xa a aproveitaran en cursos anteriores.

A duración destas bolsas será de 7 meses comprendidos entre o día 1 de decembro de 2010 e o 30 de xuño de 2011, cunha dedicación de 10 horas semanais, sen que o tempo de dedicación diaria poida exceder de catro horas.

Prazo: 4 de novembro de 2010

Información: www.udc.es



Bolsas de formación nos departamentos dos centros propios da UDC

A Universidade da Coruña convoca 44 bolsas de formación complementaria nos Departamentos da Universidade da Coruña para a realización de tarefas de iniciación e apoio á investigación.

Contía: 288 €.

A duración da bolsa será desde o día 15 do mes de xaneiro ata o día 15 do mes de xuño (5 meses). A persoa beneficiaria da bolsa recibirá ao remate da mesma unha certificación do Departamento como "bolseiro de iniciación e apoio á investigación".

Requisitos das persoas solicitantes

As persoas solicitantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

Estar matriculado no curso 2010/2011 na Universidade da Coruña en estudos oficiais nos seguintes niveis:

- Segundo ciclo de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñaría superior.
- Terceiro curso de Diplomaturas

- Titulacións de segundo ciclo
 - Terceiro ou cuarto curso de Grao
- Prazo: 10 de novembro de 2010.
Información: www.udc.es



Bolsas de formación complementaria en bibliotecas dos centros propios da UDC

A Universidade da Coruña convoca 22 bolsas de formación complementaria en bibliotecas dos centros propios da UDC para colaboración en tarefas bibliográficas..
Contía: 216 €

A bolsa terá a súa vixencia dende o día 15 de xaneiro ao día 15 de xuño (5 meses), recibindo o alumno ao remate da mesma unha certificación do Centro como "bolseiro de colaboración en tarefas bibliográficas".

Requisitos das persoas solicitantes:

Estar matriculado no curso 2010/2011 na Universidade da Coruña en estudos oficiais nos seguintes niveis:

Segundo ciclo de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñaría Superior. Terceiro curso de Diplomaturas. Titulacións de segundo ciclo. Terceiro ou cuarto curso de Grao.

Condicións da bolsa

-Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico da persoa solicitante.

-As tarefas de colaboración non serán especializadas ni propias do persoal de biblioteca. Serán tarefas de apoio á actualización e promoción dos fondos bibliográficos dos centros, segundo as directrices marcadas pola Comisión de biblioteca ou, no seu caso, pola Dirección da biblioteca.

Prazo: 10 de novembro de 2010.

Información: www.udc.es

The logo of the University of Vigo, featuring the text "Universidade de Vigo" in a serif font, with a stylized graphic element behind it.

Universidade de Vigo

Bolsas de Colaboración da Universidade de Vigo para estudantes

A Universidade de Vigo convoca 22 bolsas para Colaboradores de Facultade ou Escola.

Requisitos:

-Estar matriculado na Universidade de Vigo no curso 2010-2011, en calquera titulación oficial, ou ben ser alumno de programas de doutoramento. Terán preferencia á bolsa para o centro no que estean matriculados os aspirantes.

-Terán preferencia os que non gocen doutra bolsa de colaboración.

Duración

As bolsas abranguerán os períodos lectivos do tempo comprendido entre 17/01/2011 e 16/12/2011.

Prazo: 26 de novembro de 2010.

Información: www.uvigo.es

Bolsas de mobilidades iberoamericana para estudantes da UDC

O Banco de Santander e a Universidade da Coruña convoca 2 bolsas para o curso 2010-2011 no marco do programa "Santander-CRUE de mobilidade iberoamericana" para realizar unha estancia en universidades iberoamericanas, incluíndo Brasil.

Obxecto

As bolsas teñen por obxecto o fomento da mobilidade internacional de estudantes españois de primeiro ciclo, segundo ciclo ou de grao como contribución á configuración do Espazo Iberoamericano de Coñecemento (EIC), sendo preceptivo o recoñecemento académico entre a Universidade da Coruña e as universidades de destino.

Requisitos

- Ser estudante da Universidade da Coruña e estar matriculado como mínimo no segundo curso dun plano de estudos oficial de primeiro ciclo, segundo ciclo ou de grado, no curso 2010/2011
- Non ter sido beneficiario da bolsa Santander-CRUE de mobilidade iberoamericana en convocatorias anteriores.
- Non ter sido beneficiario da bolsa de intercambio bilateral propia en convocatorias anteriores.
- Existir a posibilidade de recoñecemento académico coa universidade de destino.

Prazo: 5 de novembro de 2010.

Información: www.udc.es



Universidade de Vigo

Bolsas de Comedor da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo convoca bolsas de comedor para o curso 2010/2011.

Beneficiarios

Alumnos matriculados no curso 2010/2011 e no curso anterior na Universidade de Vigo, en calquera centro universitario dos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, e reúna as condicións que veñen recolleitas na Resolución Rectorial publicada na páxina web da universidade de Vigo.

Prazo: ata o 11 de febreiro de 2011.

Máis información en www.uvigo.es



Programa SICUE da USC de Mobilidade de estudantes entre Universidades españolas

SICUE é o acrónimo de Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españols. Convócao o Ministerio de Educación e Ciencia, a través da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) que permite os estudantes realizar unha parte dos seus estudos noutra universidade española, con garantías de recoñecemento académico e aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular.

Posteriormente o Ministerio de Ciencia e Innovación creou o Programa Español de Axudas para a Mobilidade de Estudantes Universitarios "Séneca", en apoio ao sistema de mobilidade aprobado pola CRUE, configurando un sistema de bolsas ou axudas ao intercambio.

A Universidade de Santiago convoca o seu programa SICUE.

Requisitos: estar matriculado/a na Universidade de Santiago de Compostela nos estudos conducentes os Títulos de Diplomado/a, Enxeñeiro Técnico/a, Mestre, Licenciado/a, Enxeñeiro/a.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 18 de febreiro de 2011. Información

Na páxina web da USC, <http://www.usc.es>

Na Oficina de Relacións Exteriores:

Oficina de Relacións Exteriores

Casa Jimena y Elisa Fdez de la Vega

R/Casas Reais nº 8

15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tlf. 34 981 563100



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Bolsas de colaboración para estudantes da UDC na Exposición Nacional da Construción Naval de Ferrol

A Universidade da Coruña fai pública a convocatoria de 3 bolsas de colaboración na Exposición Nacional da Construción Naval de Ferrol para estudantes da Universidade da Coruña.

Requisitos

- Estar matriculado en estudos oficiais na Universidade da Coruña no curso académico 2010/2011 e continuar estudos no curso académico 2011/2012, así como durante toda a duración da bolsa.
- Non exceder de 28 anos de idade durante o período de goce da bolsa.
- Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Tampouco poderá realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.
- Non ter gozado de ningunha bolsa de colaboración por un período superior a 12 meses.
- Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico de

quen presenta a súa solicitude. (Valoraranse os coñecementos de traballo en bibliotecas, organización de planos técnicos, redacción de pés de pezas e discursos da exposición)

Contía e período

O importe bruto da axuda será de 5.400,00 €, a razón de 360,00 euros por mes vencido, cunha dedicación de 8 horas semanais.

A duración destas bolsas é de cinco meses, comprendidos entre o 1 de maio ao 31 de decembro de 2011 (agás xullo, agosto e setembro).

Prazo e lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, 9 - 15001 – A Coruña), no Rexistro Auxiliar da Coruña (Casa do Lagar. Campus de Elviña- 15192-A Coruña) ou no Rexistro da vicerreitoría do Campus de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n. Esteiro – 15403- Ferrol), antes das 14 horas do día 25 de marzo de 2011.

Información: <http://www.udc.es/>.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Bolsas Leonardo da Vinci da Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña convoca 95 bolsas de prácticas Hac Luce 2010 dentro do programa Leonardo da Vinci para prácticas nos anos 2011-2012.

Destinos:

Alemaña: 10 bolsas

Francia: 17 bolsas

Portugal: 14 bolsas

Italia: 16 bolsas

Irlanda: 5 bolsas

Polonia: 13 bolsas

República Checa: 20

A duración da estadía será de 14 semanas.

Requisitos:

Ter titulación da Universidade da Coruña.

Coñecementos de inglés e/ou idiomas do país seleccionado.

Prazos:

1 de xuño de 2011 para a primeira convocatoria.

10 de outubro de 2011 para a segunda convocatoria.

Máis información en www.udc.es



Leonardo da Vinci: Inter-Sea: a deep immersion in professional training

A Universidade de Vigo convoca 23 bolsas do programa Leonardo da Vinci: Inter-Sea: a deep immersion in professional training.

Requisitos:

Ser titulado/a pola Universidade de Vigo, Santiago de Compostela ou A Coruña dentro dos 18 meses anteriores á convocatoria.

Non ter experiencia laboral

Estar inscrito como demandante de emprego

Posuír a titulación así como o nivel de coñecemento do idioma requirido pola convocatoria e pola empresa / organización de acollida que oferta a praza.

Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa Leonardo da Vinci con anterioridade.

Países:

Alemaña, Austria, Bélxica, Eslovenia, Italia, Países Baixos, Polonia, Portugal e Reino Unido.

As estadias terán 13 semanas de duración e faranse en dúas quendas:
do 6 de febreiro ao 7 de maio de 2012.

do 8 de maio ao 7 de agosto

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **31 de outubro de 2011** e farase en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo.

Máis información na Vicerreitoría de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, teléfonos 986 813592 e 986 811947 e en www.uvigo.es



Bolsas de Sustentabilidade, Participación e Integración Universitaria da USC

A oferta é de 21 bolsas para o Campus de Santiago e 6 para o de Lugo.

Obxectivo: O desenvolvemento, nas facultades e escolas universitarias da USC, de actividades relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible e difusión de acción solidarias entre os membros da comunidade univesitaria.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o día **7 de outubro**.

Por outra banda, a Coordinación do Plan de Desenvolvemento Sostible convoca 9 bolsas (6 no campus de Santiago e 3 no de Lugo) para a colaboración no Programa USC en Transición. A súa finalidade é dinamizar á comunidade universitaria da institución académica para promover modelos de vida máis sostibles que contribúan a reducir a pegada e a débeda ecolóxica da universidade, reforzando a súa vez o sentimento de comunidade.

Máis información www.usc.es en Plan de Desenvolvemento Sostible.

http://www.usc.es/gl/modules/news/news_0029.html



Bolsas para estudos de mestrados universitarios na UDC

A Universidade da Coruña e o Banco Santander, convocan 54 bolsas de nova adxudicación e 9 bolsas de renovación para estudos de mestrados universitarios na Universidade da Coruña para alumnos matriculados no curso académico 2011/2012. O criterio de selección é por méritos académicos, e o importe das bolsas de nova adxudicación é de 3.000 €.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 4 de novembro de 2011.

Máis información www.udc.es



46 bolsas para realizar prácticas en empresas na UDC

Prácticas profesionais en pequenas e medianas empresas durante tres meses destinadas ao estudiantado da UDC - Curso 2011/2012

Ao abeiro do convenio co Programa Becas Santander CRUE CEPYME. Prácticas en Empresa (www.becas-santander.com), a Universidade da Coruña convoca 46 axudas destinadas ao estudiantado da UDC para a realización de prácticas profesionais durante un período de tres meses en pequenas e medianas empresas.

1. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se perseguen son:

- a) Completar a formación teórica recibida polas persoas participantes coa experiencia de práctica en empresas.
- b) Mellorar as posibilidades de emprego das persoas participantes.
- c) Promover a realización de prácticas profesionais
- d) Adquirir e mellorar as competencias profesionais, así como outras competencias transversais (versatilidade, capacidade de adaptación e de comunicación, autonomía persoal, toma de decisións...)

3. CARACTERÍSTICAS DAS PRÁCTICAS

Duración: a duración mínima do período de prácticas será de tres (3) meses. Este período poderá ampliarse tres (3) meses máis a instancia da empresa de acollida. O período de ampliación non poderá realizarse de xeito fraccionado e o pagamento da axuda correspondente á ampliación correrá á cargo da empresa.

Horario: o horario de realización das prácticas será entendido como de xornada completa.

Lugar: as prácticas poderanse realizar en calquera das empresas que participen neste programa.

Seguro: as prácticas realizadas en territorio nacional están cubertas polo tramo común do seguro Hac Luce. Si se levasen a cabo fóra do territorio nacional será o/a alumno/a o que teña que contratar o seguro que ampare a realización das prácticas.

4. CONTÍA DAS AXUDAS

A axuda ao estudo de 600 euros brutos/mes que poderá ser complementada con calquera outra axuda que a empresa queira ofrecer, será financiada polo programa Becas SANTANDER CRUE CEPYME Prácticas en Empresa. Esta cantidade estará suxeita á normativa de retencións establecida en materia da bolsa ou axuda ao estudo dos estudantes en prácticas ao abeiro dos Convenios de Cooperación Educativa.

Os prazos establecidos para a convocatoria son os seguintes:

Inscripción: ata o 31 de marzo de 2012.

Realización: ata o 30 setembro 2012

Máis información www.udc.es.

BOLSAS DA XUNTA DE GALICIA



Bolsas de formación en biblioteconomía

A Consellería de Cultura e Turismo convoca 31 bolsas de formación en biblioteconomía mediante colaboración titorada na organización e descrición de fondos e actividades de biblioteconomía en bibliotecas.

O importe individualizado de cada bolsa será de oitocentos cincuenta euros (850 €) mensuais.

A bolsa terá carácter plurianual, cunha duración total de 12 meses, contados a partir da data de incorporación.

Requisitos dos solicitantes:

-Titulación universitaria de diplomatura en biblioteconomía e documentación, ou licenciatura en biblioteconomía, documentación, historia, filoloxía ou humanidades.

-Non percibir outra bolsa ou contrato remunerado durante o período de duración das reguladas por medio desta orde.

-Non se beneficiar anteriormente destas mesmas bolsas durante un período superior aos seis (6) meses

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 27 de setembro de 2010.

Máis información no DOG do 26 de agosto de 2010 e na rede de bibliotecas de Galicia: www.rbgalicia.org, así coma na Consellería de Cultura:

<http://culturaeturismo.xunta.es>



Bolsas de formación e especialización en materia de vivenda

O Instituto Galego da Vivenda e Solo convoca 10 bolsas de formación e especialización en materia de vivenda para un/unha arquitecto/a, un/unha arquitecto/a técnico/a, dous/dúas economistas ou licenciados/as en ADE e seis licenciados/as en dereito, co obxecto de especializar profesionais en materia de vivenda.

A dotación económica mensual de cada bolsa será de 1.000 €.

Poderán optar á bolsa aquelas persoas que reúnan os requisitos seguintes:

1. Ter rematados os estudos conducentes á obtención do título de arquitecto/a, arquitecto/a técnico/a, ou de licenciado/a en administración e dirección de empresas, economía ou dereito nos anos 2008, 2009 ou 2010 e ter abonadas as taxas para a expedición do correspondente título oficial.

2. Acreditar un coñecemento da lingua galega con nivel de perfeccionamento ou equivalente. Só se lles concederá validez aos cursos ou titulacións homologados polos órganos competentes en materia de política lingüística.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 3 de xaneiro de 2011.

Máis información no DOG do 1 de decembro de 2010 e en <http://igvs.xunta.es>



Bolsa de documentación e biblioteconomía na EGAP

A Escola Galega de Administración Pública convoca unha bolsa de formación na área de documentación e biblioteconomía mediante colaboración titorrada na xestión de fondos documentais e bibliográficos da Escola.

As actividades de formación iniciaranse o 1 de febreiro de 2011 e rematarán o 31 de decembro de 2011.

O importe da bolsa será de 1.200 € brutos mensuais.

Requisitos: Acreditar ter rematados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2002 e ter acreditada algunha das seguintes titulacións universitarias: diplomatura en biblioteconomía e documentación, ou licenciatura en biblioteconomía ou documentación.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 18 de xaneiro de 2011.

Máis información no DOG do 17 de decembro de 2010 e en <http://egap.xunta.es>



Bolsas de xestión da teleformación na EGAP

A Escola Galega de Administración Pública convoca unha bolsa destinada a formar especialistas en aspectos técnicos relativos ao ámbito da teleformación, tales como sistemas informáticos e telemáticos, desenvolvementos, bases de datos e contornos de desenvolvemento cliente/servidor, dentro das tarefas de formación que ten encomendada a EGAP.

Os/as destinatarios/as desta bolsa recibirán formación titorrada e colaborarán na aplicación formativa das novas tecnoloxías aos empregados públicos. As liñas de especialización tratarán sobre materias tales como:

- Desenvolvemento de test de aplicacións: validación e execución de probas funcionais de produtos desenvolvidos para a organización.
- Elaboración de recursos educativos e-learning.
- Administración de sistemas informáticos do contorno da formación.
- Integración de ferramentas colaborativas 2.0 no contorno da formación.

As actividades de formación iniciaranse o 1 de febreiro de 2011 e rematarán o 31 de decembro de 2011.

O importe da bolsa será de 1.100 € brutos mensuais.

Requisitos: Acreditar ter rematados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2002 e acreditada algunha titulación en FP de ciclo superior ou FP II, en calquera especialidade relacionada coa informática (informática de sistemas, desenvolvemento de aplicacións informáticas, administración de sistemas informáticos, desenvolvemento de produtos electrónicos e informática de xestión).

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 18 de xaneiro de 2010.

Máis información no DOG do 17 de decembro de 2010 e en <http://egap.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bolsas para estudos de Másters universitarios

A Consellería de Educación convoca 50 bolsas para a realización de estudos oficiais conducentes ao título de máster universitario, coa finalidade de contribuír á especialización dos estudantes na súa formación académica, profesional ou investigadora.

A duración da bolsa é de 6 meses comprendidos entre xaneiro de 2011 e xuño de 2011.

A dotación da bolsa será de 600 € mensuais.

Requisitos:

a) Ter rematado os estudos universitarios conducentes á titulación universitaria de grao, ou titulación equivalente para efectos de acceso ao máster universitario, con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007 e ter cursados os últimos 3 anos académicos destes estudos, nunha universidade pertencente ao sistema universitario de Galicia (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).

b) Non estar en posesión do Diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou dun título de doutor/a.

c) Non ter gozado dalgunha bolsa das concedidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a realización de estudos de terceiro ciclo ou máster universitario.

d) Estar matriculado, no curso académico 2010-2011, dun mínimo de 60 créditos nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela, ou Vigo.

e) Posuír unha nota media simple no seu expediente académico igual ou superior a 2 puntos.

Prazo de presentación de solicitudes: 24 de xaneiro de 2011.

Máis información no DOG do 23 de decembro de 2010 e en www.edu.xunta.es



Bolsas de investigación no Centro de Investigación Forestal de Lourizán

A Consellería do Medio Rural convoca axudas de apoio á formación en tarefas investigadoras para dous titulados superiores, no Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

As axudas desenvolveranse dentro dos seguintes campos de investigación:

a) Mellora xenética foresta: titulación de Enxeñaría de montes.

b) Caracterización molecular de especies forestais: titulación de Enxeñaría de montes. Licenciatura en bioloxía.

Non poderán participar na convocatoria os que xa teñan o título de doutor.

A duración das bolsas convocadas será de 9 meses.

Durante o período de bolsa, a contía das axudas será de 1.150 € mensuais brutos.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 5 de febreiro de 2011.

Máis información no DOG do 4 de xaneiro de 2011 e en <http://mediorural.xunta.es>



Bolsas de promoción exterior convocadas polo IGAPE

A Consellería de Economía e Industria vén de convocar 16 bolsas de promoción exterior que teñen como obxectivo fundamental o de formar especialistas en comercio e investimento internacional e colaborar na internacionalización do tecido empresarial galego. O prazo de presentación de solicitudes polos novos titulados interesados remata o próximo 3 de febreiro.

As bolsas estarán dotadas cunha cantidade base anual de 19.460 € que poderá ascender ata 34.000 € dependendo do país e cidade de destino.

Os bolseiros escollidos realizarán, entre outras, prácticas referidas á busca de oportunidades de negocio para as empresas galegas ou á captación de investimentos cara á Galicia. As bolsas terán unha duración máxima de doce meses que poderá ser prorrogada polo Igape por un máximo doutro ano adicional.

O obxecto destas axudas diríxese a formar a especialistas no ámbito internacional á vez que realizan prácticas encamiñadas á captación de investimentos e expansión exterior da empresa galega; as prácticas estarán referidas á detección de potenciais investidores estranxeiros cara a Galicia, busca de oportunidades de negocio e investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

Requisitos:

- Ter veciñanza administrativa en Galicia cunha antigüidade superior a 24 meses.
- Ser natural de Galicia.
- Ser fillo ou descendente en liña directa ata o terceiro grao, de emigrantes galegos no exterior

-Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións universitarias (superior ou media) na data en que finaliza o prazo de presentación de solicitudes: arquitectura, bioloxía, biotecnoloxía, ciencias ambientais, ciencias do mar, física, xeoloxía, enxeñería, matemáticas, química, ciencias económicas e empresariais, administración e dirección de empresas, ciencias empresariais, economía, dereito, ciencias políticas, xornalismo, comunicación audiovisual, publicidade e relacións públicas e turismo.

Dominio dun dos seguintes idiomas (falado e escrito): alemán, francés, inglés, italiano ou portugués.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 3 de febreiro de 2011.

Máis información no DOG do 3 de xaneiro de 2011 e <http://www.igape.es/bolsas-internacional.html>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Bolsas da Dirección Xeral de Comercio

A Dirección Xeral de Comercio convoca 4 bolsas de formación práctica. As bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio teñen como obxectivo contribuir á formación titorial de profesionais no campo da actividade comercial e o seu ámbito.

A Dirección Xeral de Comercio elaborará un programa formativo que integrará principalmente aspectos relativos á actividade comercial, o estudo e análise da pequena e mediana empresa comercial, e o sector da distribución e as estruturas comerciais. O programa formativo poderá estenderse a todas aquelas materias sobre as cales o centro directivo ten competencia e, en concreto, a artesanía.

Requisitos:

Estar en posesión dalgún título universitario de segundo ciclo ou grao superior. Acreditar un coñecemento da lingua galega con nivel de perfeccionamento ou equivalente.

Cada bolsa estará dotada con 9.900 euros brutos, distribuídos en pagamentos mensuais, a razón de 1.100 euros por mes.

Solicitudes: <https://axudasindustria.xunta.es/att>

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 1 de marzo de 2011.

Máis información no DOG do 31 de xaneiro de 2011 e en

<http://economiaeindustria.xunta.es>



Bolsa de Creación Fotográfica O MAR

O Museo do Mar de Galicia convoca, en colaboración co CEF Centro de Estudos Fotográficos, a IIIª Bolsa de Proxectos de Creación Fotográfica: O MAR.

O obxectivo deste concurso é ofrecer a posibilidade de elaborar e realizar un proxecto fotográfico propio aos novos autores relativo ao mar galego en calquera das súas circunstancias.

Bases

1. Poderán participar os mozos e mozas nados ou residentes en Galiza menores de 35 anos.
2. Ao autor do proxecto elixido outorgaráselle unha bolsa cunha dotación de 3.000 € para a realización dun traballo fotográfico relacionado co mar de Galiza en calquera das súas circunstancias
3. Os candidatos ao premio presentarán unha memoria detallada cunha extensión máxima de 5 folios onde se especificarán os obxectivos teóricos e a metodoloxía do traballo a desenvolver. Así mesmo, presentarase un resumo do proxecto de 15 liñas. Estes dous documentos presentaranse por duplicado.
4. Presentarase tamén documentación gráfica do aspirante. Esta consistirá nun mínimo de 5 fotografías representativas do que puidera ser o traballo final para que a comisión avaliadora poida xulgar as posibilidades prácticas do proxecto. Estas imaxes poderían non formar parte do traballo final.
5. Adxuntarase tamén un curriculum vitae cos datos do aspirante, domicilio, teléfono, e-mail e fotocopia do carnet de identidade.
6. De sé lo caso, deberanse presentar tamén reproducións doutras imaxes realizadas previamente pertencentes a traballos ou proxectos anteriores.
7. O proxecto deberá ser inédito, non podendo polo tanto estar publicado nin exposto previamente.
8. O proxecto seleccionado non poderá publicarse nin exporse antes da súa presentación e exposición por parte do Museo. Durante un período dun ano posterior á presentación da exposición, o Museo poderá ofertar a itinerancia da Mesma.
9. O número de imaxes deste proxecto será dun mínimo de 30. En caso de que polas súas dimensións ou por outras características particulares o número fora menor, terá que xustificarse axeitadamente.
10. O Museo organizará unha exposición co proxecto seleccionado que será coordinada polo Centro de Estudos Fotográficos. Unha vez expostas, as fotografías pasarán a formar parte da Colección Fotográfica do Museo do Mar de Galicia, que tamén poderá utilizar nas súas publicacións, web, mostras, etc.
11. Os gastos de tiraxe de copias e montaxe da exposición correrán por conta do Museo, debéndose xustificar debidamente, e non podendo nunca superar a cantidade de 6.000 €.

12. A documentación para a participación entregárase nas oficinas Museo do Mar de Galicia (Av. Atlántida, 160 36208 VIGO) con data límite do *8 de marzo de 2011*.

13. O Museo, en colaboración co Centro de Estudos Fotográficos, publicará un libro que funcionará como catálogo da mostra, dentro da colección Do Trinque.

14. O bolseiro comprométese a facer constar en futuras exposición e publicacións que o traballo foi realizado como consecuencia da 3ª Bolsa de Creación Fotográfica: O MAR realizado polo Museo do Mar de Galicia.

Máis información no Museo do Mar, www.museodomar.com teléfono 986 247 750



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Axudas para libros de texto de 3º e 4º de primaria e 2º e 4º da ESO

A Consellería de Educación convoca axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario que cambien de idioma, destinadas ao alumnado matriculado no curso escolar 2011/2012, en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en 3º e 4º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria.

Requisitos:

Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en 3º ou 4º de educación primaria ou en 2º ou 4º de educación secundaria obrigatoria, nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2011/2012 e non repetir curso neste ano académico.

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 €.

Prazos:

- a) Para o alumnado de educación primaria: do 1 ao 30 de xuño de 2011.
- b) Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que formalice a matrícula no prazo ordinario: do 25 de xuño ao 26 de xullo de 2011.
- c) Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que formalice a matrícula no prazo extraordinario: do 1 ao 30 de setembro de 2011.
- d) Para as novas incorporacións de alumnado que se produzan ao longo do curso con posterioridade aos períodos indicados, o prazo dun mes contarase a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula. En todo caso, o prazo para presentar a solicitude para as novas incorporacións terá como data límite o 31 de marzo de 2012.

Contía das axudas:

Educación primaria:

Familias monoparentais:

–Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: 23 € por libro.

–Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 €: 13 € por libro.

Resto das familias:

–Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 23 € por libro.

–Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 €: 13 € por libro.

Educación secundaria obrigatoria:

Familias monoparentais:

–Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: 25 € por libro.

–Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 €: 14 € por libro.

Resto das familias:

–Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 25 € por libro.

–Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 €: 14 € por libro.
Máis información no DOG do 31 de maio de 2011 e en www.edu.xunta.es



Axudas para libros de texto de 1º, 2º, 5º e 6º primaria e 1º e 3º ESO

A Consellería de Educación convoca axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado, no curso escolar 2011/2012, en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en 1.º, 2.º, 5.º e 6.º de educación primaria, 1.º e 3.º de educación secundaria obrigatoria e en educación especial.

Requisitos:

Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en 1.º, 2.º, 5.º ou 6.º de educación primaria, en 1.º ou 3.º de educación secundaria obrigatoria ou en educación especial, nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2011/2012 e non repetir curso neste ano académico. Non obstante, o alumnado que repita 1º ou 2º de educación primaria poderá solicitar a axuda, xa que neste ciclo se emprega material que non pode ser reutilizado.

Prazos:

- Para o alumnado de educación primaria e educación especial: do 1 ao 30 de xuño de 2011.
- Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que formalice a matrícula no prazo ordinario: do 25 de xuño ao 26 de xullo de 2011.
- Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que formalice a matrícula no prazo extraordinario: do 1 ao 30 de setembro de 2011.
- Para as novas incorporacións de alumnado que se produzan ao longo do curso con posterioridade aos períodos indicados o prazo dun mes contarase a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula. En todo caso, o prazo para presentar a solicitude para as novas incorporacións terá como data límite o 31 de marzo de 2012.

Contía das axudas:

Educación primaria:

Familias monoparentais:

–Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: 170 €.

–Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 €: 90 €.

Resto das familias:

–Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 170 €.

–Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 €: 90 €.

Educación secundaria obrigatoria:

Familias monoparentais:

–Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: 180 €.

–Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 €: 104 €.

Resto das familias:

–Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 180 €.

–Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 €: 104 €.

Máis información no DOG do 31 de maio de 2011 e en www.edu.xunta.es



Bolsas para estudantes universitarios que participan en programas de mobilidade

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca 90 bolsas para o alumnado universitario matriculado nunha universidade do Sistema Universitario de Galicia (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña ou Universidade de Vigo) ou nun centro asociado da UNED en Galicia que participe en programas de intercambio, relacionados cos estudos que está a cursar, con países extracomunitarios

A bolsa terá unha dotación económica de 1.000 € por alumno beneficiario co obxecto de axudar a financiar os gastos ocasionados pola mobilidade.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o día 30 de xuño de 2011.

Máis información no DOG do 27 de maio de 2011.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Axudas para prácticas a alumnos de formación profesional de centros da Consellería do Mar.

A Consellería do Mar convoca axudas económicas para os alumnos/as que realicen a formación práctica en centros de traballo, destinadas ao alumnado matriculado no derradeiro curso de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional impartidos en centros dependentes da Consellería do Mar.

Prazos:

Para os/as alumnos/as do ciclo medio de acuicultura e ciclo medio de mergullo: ata o 1 de outubro de 2011.

Para os/as alumnos/as dos ciclos medios e superiores de ponte, máquinas e de produción acuícola: 18 de xullo de 2011.

Máis información no DOG do 17 de xuño de 2011.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Axudas para estudos universitarios por causa sobrevida

A Consellería de Educación axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

Requisitos dos solicitantes:

a) Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida ou imprevista (orfandade absoluta, falecemento do pai/nai/titor legal, desemprego do sustentador principal, enfermidade grave, violencia de xénero cara el/ela ou o/a seu/súa proxenitor/a, vítimas de actos terroristas, separación, divorcio, ruína ou quebra familiar e outras circunstancias non establecidas que sendo xustificadas repercutan na situación socioeconómica da unidade de convivencia).

- b) Que a situación sobrevida ou imprevista acontecese durante o actual ano académico 2010-2011.
- c) Estar matriculado, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- d) Ter fixada a súa residencia familiar en Galicia cun mínimo de tres anos consecutivos e anteriores á data de publicación desta convocatoria.
- e) Que a renda per cápita da unidade de convivencia non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual para o ano 2011, é dicir 4.866,40 euros (405,53 euros mensuais, incluída nesta contía a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias). Entenderase para estes efectos como unidade de convivencia a constituída pola persoa solicitante e, se é o caso, quen conviva con ela nunha mesma vivenda ou aloxamento.
- f) Non ter percibida esta axuda con anterioridade para a mesma causa.
- O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de setembro de 2011.

Máis información no DOG do 15 de xuño de 2011 e en www.edu.xunta.es



Prazas nas residencias xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca prazas para mozos e mozas estudantes nas súas residencias xuvenís para o curso académico 2011/2012, no réxime de internado.

Prazas:

Lugo: Centro Residencial Xuvenil LUG. 76 prazas

Ourense: Florentino L. Cuevillas. 55 prazas

Vigo: Altamar. 94 prazas.

Requisitos dos solicitantes:

- Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España no momento da solicitude de praza.
- Que non supere os 30 anos de idade antes da data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Cursar estudos de ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios tendentes á obtención de título de grao ou equivalente ou ben, mentres non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1.º, 2.º ou 3.º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.
- Que no concello onde radique a súa residencia familiar non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o/a solicitante. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, en que o solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima exixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia familiar.

O *prazo* de presentación de solicitudes estará aberto ata o 9 de agosto de 2011. Máis información no DOG do 8 de xullo de 2011.

Colaboradores-bolseiros para as residencias xuvenís de Xuventude

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca prazas de colaboradores-bolseiros nas súas residencias xuvenís para o curso académico 2011/2012.

Prazas:

Centro Residencial Xuvenil LUG (Lugo): 4

F.L. Cuevillas (Ourense): 5

Altamar (Vigo): 6

Requisitos:

- a) Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España no momento da solicitude de praza.
- b) Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- c) Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria ou ciclo formativo de grao superior, que admitan, polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.
- d) Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador por causa imputable ao solicitante.
- e) Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.

O *prazo* de presentación de solicitudes estará aberto ata o 9 de agosto de 2011. Máis información no DOG do 8 de xullo de 2011.

Bolsas a cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos en Galicia

A Secretaría Xeral da Emigración convoca bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional en Galicia para o curso académico 2011-2012.

Programas:

Programa 1. Bolsas para a realización de estudos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional conducentes á obtención do título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.

Programa 2. Bolsas para a realización de estudos conducentes á obtención do título de máster universitario.

Programa 3. Bolsas de intercambio para a realización de ensinanzas universitarias

en calquera das tres universidades de Galicia que teñan asinados convenios con universidades de países extracomunitarios.

Programa 4. Bolsas para a realización de estudos de formación profesional de grao superior en centros docentes públicos, centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan estas ensinanzas concertadas.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 8 de agosto de 2011. Máis información no DOG do 6 de xullo de 2011 e en www.galiciaaberta.com



Bolsas para o Centro Superior de Hostelería de Galicia

O Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG) convoca [bolsas de estudos](#) para os alumnos que se matriculan por primeira vez no curso 2011-2012 en calquera das súas titulacións. En total, son 16 axudas que cubrirán os gastos de matrícula e docencia (quedan excluídos os gastos de manutención e aloxamento).

O importe das bolsas ascende a 5.585 €, que se restará do custo do curso (6.571 € en réxime externo e 10.170 € en réxime interno). Deste xeito, a axuda cubre o 85 por cento do prezo dun alumno externo e un 65 por cento dun interno.

O *prazo* para solicitar as bolsas está aberto e remata o próximo 15 de xullo.

As bases e o formulario de solicitude pódense descargar en www.cshg.es.

Das 16 bolsas, sete son para expedientes académicos sobresaíntes (con medias por riba do 8) e nove son bolsas normais (na súa concesión tense en conta os ingresos nun 60 por cento e as notas nun 40 por cento).

Máis información en www.cshg.es e no teléfono 981 542 519



Axudas a xuros de préstamos concedidos ao alumnado universitario galego

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2009-2010 ou 2010-2011 ao alumnado universitario galego.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de setembro de 2011.

Máis información no DOG do 15 de xuño de 2011 e en www.edu.xunta.es



Bolsas para titulados en ciclos formativos de acuicultura

A Consellería do Mar convoca 4 bolsas de especialización post-formativa para titulados/as nos ciclos formativos de acuicultura, na modalidade de empresa tutelada, para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos, e xestión e mantemento dunha planta de acuicultura.

Os/as beneficiarios/as realizarán as actividades obxecto da bolsa nas instalacións do Instituto Galego de Formación en Acuicultura na Illa de Arousa (Igafa).

As bolsas concederanse polo período de 2 anos desde a data de aceptación da bolsa, sen posibilidade de prórroga.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 16 de agosto de 2011.

Máis información no DOG do 14 de xullo de 2011 e www.igafa.es



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colaboradores bolseiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo

A Consellería de Educación convoca 30 prazas de colaboradores bolseiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo:

CRD da Coruña: 18 prazas.

CRD de Ourense: 6 prazas.

CRD de Vigo: 6 prazas.

Requisitos:

- a) Ser español, nacional dun país membro da Unión Europea ou estranxeiro residente en España no momento de asinar a súa solicitude.
- b) Non estar en posesión do título académico que habilita para actividades profesionais, a menos que este título supoña un nivel ou grao inferior ao dos estudos que pretende realizar.
- c) Ter cumpridos, como mínimo, dezoito anos.
- d) Estar inscrito ou matriculado no curso 2011/12, nun centro oficial universitario. A distancia do centro universitario ao centro residencial docente no que deberá residir, e os medios de comunicación entre ambos os dous deberalle permitir ao bolseiro o normal cumprimento das súas obrigas.
- e) O estado de saúde do colaborador bolseiro deberá permitir o normal desenvolvemento na vida docente da residencia.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 1 de outubro de 2011.

Máis información no DOG do 1 de setembro de 2011 e en www.edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Axuda complementaria do Programa Erasmus

A Consellería de Educación convoca axudas complementarias ao programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza, destinadas aos estudantes seleccionados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia ou polos centros asociados da UNED en Galicia que participan no citado programa de mobilidade universitaria durante o curso 2011/2012.

Requisitos:

- a) Ser cidadán da Comunidade Europea ou estranxeiro non comunitario con residencia legalizada no Estado.

b) Estar matriculado no curso 2011-2012 en calquera das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED nesta comunidade autónoma para realizar estudos universitarios oficiais conducentes aos títulos universitarios de graduado, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, diplomado, mestre, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

c) Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario da axuda achegada pola Unión Europea no marco do Programa de aprendizaxe permanente para participar na acción de mobilidade para estudos dentro do Programa Erasmus ou do Goberno de Suíza. A duración mínima da estadía deberá ser de tres meses e a máxima que se computará para os efectos de concesión de bolsa de nove meses.

O *prazo* de presentación de solicitudes estará aberto ata o 27 de xaneiro de 2012. Máis información no DOG do 27 de decembro de 2011 e en www.edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Premios fin de carreira en Galicia

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos ao alumnado universitario matriculado en calquera dos centros pertencentes a algunha das tres universidades galegas que remataron os estudos de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, no curso académico 2010-2011, co obxectivo de facer un recoñecemento expreso da súa excelencia académica.

Os solicitantes que resulten premiados *recibirán*:

Unha contribución en metálico de 2.500 €.

Un diploma acreditativo desta distinción

Poderán solicitar estas axudas os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes *requisitos*:

a) Posuíren a nacionalidade española ou ser nacional dun dos Estados membros da Unión Europea.

b) Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 8,50 puntos, para alumnos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 7,50 puntos, para alumnos da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

c) Teren rematada a carreira no curso académico 2010/2011.

d) En ningún caso o 1º ciclo dunha titulación de LRU poderá servir de base para a concesión de máis dun premio fin de carreira dunha titulación de ciclo longo.

e) Aqueles alumnos que xa obtiveron este premio en anteriores convocatorias, non poderán obtelo de novo.

O *prazo* de presentación de solicitudes estará aberto ata o 24 de febreiro de 2012. Máis información no DOG do 5 de xaneiro de 2012 e en www.edu.xunta.es



Bolsas no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades convoca 8 bolsas de formación nos proxectos concretos de investigación que se están a desenvolver no Centro:

Unha bolsa de formación no proxecto Bibliografía da literatura galega:
Ser licenciado ou licenciada en Filoloxía ou Humanidades.
Ter cursado materias de literatura galega no currículo universitario.

Unha bolsa de formación no proxecto Fraseoloxía galega:
Licenciatura en tradución e interpretación ou en filoloxía galega.
Coñecemento de inglés equivalente a nivel B1.

Dúas bolsas de formación no proxecto Corpus de referencia do galego actual:
Ser licenciado ou licenciada en Filoloxía ou Tradución e Interpretación.
Ter experiencia na introdución de textos en ordenador e no manexo de textos en formato electrónico.
Ter experiencia en gramáticas formais e construción de etiquetadores morfosintácticos e lematizadores.
Ter experiencia na xestión de bases de datos a nivel usuario.

Unha bolsa de formación no proxecto Literatura Galega Medieval:
Ser licenciado/a en Filoloxía.
Ter experiencia investigadora (publicacións científicas, asistencia a simposios, seminarios ou congresos especializados, comunicacións presentadas a congresos, etc.) obrigatoriamente en literatura románica medieval, especialmente no campo da literatura galega medieval.
Ter coñecementos de informática a nivel de usuario
Estar capacitado para ler/traducir textos en linguas románicas no estado medieval.
Estar capacitado para ler bibliografía en linguas estranxeiras de uso habitual na comunidade científica.

Unha bolsa de formación no proxecto Terminoloxía científico-técnica:
Ser licenciado ou licenciada en Filoloxía ou Tradución e Interpretación.
Coñecemento de inglés ou de francés equivalente a nivel B1.
Formación polo menos elemental en terminoloxía ou en lexicografía (demostrable mediante a superación dalgunha materia, publicacións científicas, asistencia a simposios, seminarios ou congresos especializados, comunicacións presentadas a congresos, etc.)

Unha bolsa de formación no proxecto Síntese de voz en galego:
Ser licenciado ou licenciada en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, ou en Enxeñaría de Telecomunicacións ou en Física ou en Informática ou en Matemáticas.

Unha bolsa de formación no proxecto Base de datos do ALIR:
Ser licenciado ou licenciada en Filoloxía Galega, Filoloxía Románica, Filoloxía Francesa ou Filoloxía Italiana.
Ter coñecementos de lingua francesa.

A contía das bolsas será de 990 € brutos mensuais.
As actividades de formación iniciaranse previsiblemente o 1 de abril de 2012 e rematarán o 31 de marzo de 2014.
As solicitudes estarán dispoñibles en <https://sede.xunta.es> e na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades www.cirp.es.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o 13 de febreiro de 2012

Máis información no DOG do 12 de xaneiro de 2012 e en www.cirp.es



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Formación en linguas estranxeiras no ano 2012

A Consellería de Cultura e Educación convoca axudas para realizar as actividades de formación lingüística durante o ano 2012, dirixidas á mellora das competencias en linguas estranxeiras do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia.

O período de realización destas actividades comprenderá desde a última semana do mes de xuño ata finais do mes de agosto de 2012, coa excepción das actividades de integración, que se desenvolverán no inicio do curso 2012-2013.

Requisitos:

a) Estar cursando:

6.º de educación primaria

1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO

1.º ou 2.º de Bacharelato e ciclos formativos de grao superior

Ter un módulo profesional de lingua estranxeira no seu currículo, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2011-2012, na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Ter superadas todas as áreas, materias ou módulos no curso 2010-2011.

c) Ter acadado no curso 2010-2011 unha cualificación mínima de ben, para o alumnado de educación primaria, e de 6 para o de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de ciclos formativos, na área, materia ou módulo de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadia.

d) Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

As persoas que desexen optar á axuda deberán completar «en liña» o formulario electrónico que corresponda en función da actividade na que desexan participar, a través da aplicación dispoñible desde a páxina web

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 7 de abril de 2012

Máis información no DOG do 5 de marzo de 2012 e en www.edu.xunta.es/axudasle



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bolsas de formación en biblioteconomía

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca 36 bolsas de formación en biblioteconomía mediante colaboración titorizada na organización e descrición de fondos e actividades de biblioteconomía en bibliotecas. As bolsas serán adxudicadas como medio de aprendizaxe das tarefas técnicas que se realizan nas bibliotecas de Galicia.

Requisitos:

Titulación universitaria de diplomatura en Biblioteconomía e Documentación, ou licenciatura en Biblioteconomía, Documentación, Historia, Filoloxía ou Humanidades.

Non percibir outra bolsa ou contrato remunerado durante o período de duración das reguladas por medio desta orde.

A bolsa terá unha duración total de 8 meses.

O importe de cada bolsa será de 870 € brutos mensuais.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 23 de abril de 2012, pódese tramitar en <https://sede.xunta.es> co código de procedemento CT233A

Máis información no DOG do 22 de marzo de 2012 e en www.rbgalicia.xunta.es



Bolsas para estudantes universitarios en programas de mobilidade con países extracomunitarios

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, convoca 98 bolsas para o alumnado universitario matriculado nunha universidade do Sistema Universitario de Galicia (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña ou Universidade de Vigo) ou nun centro asociado da UNED en Galicia que participe en programas de intercambio, relacionados cos estudos que está a cursar, con países extracomunitarios

A bolsa terá unha dotación económica de 1.000 € por alumno beneficiario co obxecto de axudar a financiar os gastos ocasionados pola mobilidade.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o día 30 de xuño de 2012.

As solicitudes se poden tramitar en <https://sede.xunta.es> no procedemento administrativo ED411B.

Máis información no DOG do 29 de marzo de 2012 e en www.edu.xunta.es



Bolsas de formación e bolsas de prácticas en Medio Rural e do Mar

A Consellería do Medio Rural e do Mar convoca 71 bolsas de prácticas: bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, bolsas de prácticas para os recentemente titulados en especialidades agrarias, forestais, veterinaria, tecnoloxía dos alimentos e bioloxía e bolsas de prácticas para alumnos e recentemente titulados de formación profesional da familia agraria, coa seguinte distribución:

- 14 bolsas de formación de tecnólogos, coa seguinte repartición por titulacións: 2 bolsas para licenciado en enoloxía, 2 bolsas para licenciados en ciencias químicas, 2 bolsas para licenciados en ciencia e tecnoloxía dos alimentos, 2 bolsas para enxeñeiros agrónomos, 2 bolsas para enxeñeiros técnicos agrícolas, 2 bolsas para enxeñeiros de montes e 2 bolsas para enxeñeiros técnicos forestais.
- 14 bolsas de formación de persoal de apoio á investigación coa seguinte repartición: 2 bolsas para o ciclo superior de industria alimentaria; 3 bolsas para o ciclo medio de elaboración de viño e outras bebidas, 2 bolsas para os ciclos

formativos de grao medio e/ou superior da familia agraria, e 7 bolsas para os ciclos formativos de grao medio e/ou superior da familia química.

– 9 bolsas de prácticas ás cales poderán optar estudantes do 2.º curso ou titulados recentes en ciclos da familia agraria e 6 bolsas de prácticas para os alumnos do primeiro curso dos ciclos da familia agraria, nos centros de formación e experimentación agroforestal, dependentes da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes.

– 28 bolsas de prácticas en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario, así como en unidades dependentes da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, para os recentes titulados como enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, enxeñeiros de montes, enxeñeiros técnicos forestais, licenciados en veterinaria, licenciados en ciencia e tecnoloxía dos alimentos e licenciados en bioloxía.

As bolsas para a formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación terán unha duración de cinco meses, no período de xuño a novembro, salvo renuncia ou incumprimento dos beneficiarios. O seu importe económico, por mes de prácticas, será de 1.000 € para os tecnólogos e de 800 € para o persoal de apoio.

As bolsas de prácticas nos centros de formación e experimentación agroforestal para os titulados e alumnos de segundo curso en ensinanzas de formación profesional terán unha duración de tres meses, no período de xullo a outubro, e o seu importe económico, por mes de prácticas, será de 800 euros. As de alumnos do primeiro curso do ciclo formativo terán unha duración de 2 meses, no período de xullo a setembro, e o seu importe económico, por mes de prácticas, será de 600 €.

As bolsas de prácticas para os titulados recentes en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario e en unidades dependentes da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes terán unha duración de tres meses, no período de xullo a outubro, e o seu importe económico, por mes de prácticas, será de 1.000 €.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 19 de maio de 2012. Pódese tramitar a través da sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.es> co procedemento MR322C

Máis información no DOG do 19 de abril de 2012 e en <http://mediorural.xunta.es>



Bolsas de investigación no Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega convoca 5 bolsas de colaboración en proxectos de investigación concretos que se están a desenvolver no Consello:

2 bolsas para colaborar na Área de Publicacións: licenciado/a en Filoloxía Galega. Valoraranse como méritos: posuír coñecementos de tradución e corrección. Posuír coñecementos de edición de textos. Posuír coñecementos de informática.

2 bolsas para colaborar na Área de Documentación: diplomado/a en Biblioteconomía e Documentación ou licenciado/a en Documentación. Valoraranse como méritos: posuír coñecementos de catalogación en formatos Marc. Posuír coñecementos do programa de catalogación AbsysNET. Posuír coñecementos de informática. Posuír experiencia en xestión documental.

1 bolsa para colaborar na Área Técnica: estudos de técnico/a de imaxe e son (grao superior de técnico/a de son ou imaxe-FP ou similar ou outra titulación superior). Valoraranse como méritos: posuír coñecementos de programas de edición e de gravación de audio e vídeo dixitais. Posuír experiencia de edición dixital, tanto de audio como de imaxe.

Requisitos xerais:

Estar en posesión da titulación académica requirida sen que transcorresen máis de 5 anos desde a súa obtención e acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

A duración da bolsa será de 7 meses, comprendidos entre o 1 de xuño de 2012 e rematarán o 31 de decembro de 2012.

A contía das bolsas será de 910 €.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 19 de maio de 2012.

Pódense tramitar a través da sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.es> co procedemento PR970A

Máis información no DOG do 19 de abril de 2012 e en www.consellodacultura.org



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca prazas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, para todas aquelas ensinanzas postobrigatorias non universitarias que os ditos centros teñan autorizadas para o curso 2012-2013.

Para poder optar á praza de residencia os aspirantes deberán acreditar as circunstancias que impidan a súa escolarización nun centro sostido con fondos públicos. Con carácter xeral, esta circunstancia será a de non poder cursar os estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos que imparta os devanditos estudos, ben na localidade de residencia, ben nunha localidade próxima que permita, polos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade. Con carácter particular, e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias, como condicións de orfandade, fillos de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

As solicitudes poderanse presentar directamente nos centros residenciais docentes ata o 11 de xuño de 2012.

Establécese un período extraordinario na primeira quincena do mes de setembro para a presentación de solicitudes destinadas a ensinanzas autorizadas pola Administración educativa con posterioridade á publicación desta orde, así como para os ciclos formativos e extraordinariamente no curso académico 2012/2013 para bacharelato.

Os trámites poden facerse en <http://sede.xunta.es> co procedemento E306A

Máis información no DOG do 10 de maio de 2012 e nos CDR:

<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bolsas para cursos de idiomas no estranxeiro

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca 113 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2012, co obxecto de coñecer a lingua dese país, dirixidas ao alumnado universitario matriculado nalgunha das tres universidades do sistema universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED en Galicia, para o curso 2011/2012.

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, única e exclusivamente, entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2012.

A dotación económica asignada a cada beneficiario será de 1.100 €.

Requisitos:

Estar matriculado/a no curso 2011/2012, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira, en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.

Ter superado no momento de presentación da solicitude 60 créditos en titulacións de 1.º ciclo ou 120 créditos en titulacións de grao e de 1.º e 2.º ciclo.

Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 7,00 puntos, para alumnos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 6,00 puntos, para alumnos da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexa cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 14 de xuño de 2012.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED416A

Máis información no DOG do 14 de maio de 2012 e en www.edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades españolas e estranxeiras.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades españolas e estranxeiras.

Destinos:

España: Universidade do País Vasco en Vitoria

Francia: Universidade da Sorbona-París III en París.

Reino Unido: Universidade de Birmingham en Birmingham e The Queen's College en Oxford

Irlanda: Universidade de Cork.

Brasil: Universidade Federal de Bahía en Salvador de Bahía.

Titulación académica:

Licenciatura en filoloxía galega.

Licenciatura en filoloxía hispánica, subsección de galego-portugués.

Licenciatura en filoloxía románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego.

Grao en lingua e literatura galegas.

Grao en estudos de galego e español.

Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios.

Grao en lingua e literatura españolas, sempre que a lingua B ou C elixida fose o galego e o grao fose cursado baixo a modalidade de Minor en lingua e literatura galegas ou Maior Plus en introdución á lingua e literatura galegas.

Grao en lingua e literatura modernas, sempre que a lingua B ou C elixida fose o galego e o grao fose cursado baixo a modalidade de Minor en lingua e literatura galegas ou Maior Plus/modalidade mixta en introdución á lingua e literatura galegas.

Poderá solicitar as prazas localizadas en Francia, Reino Unido ou Irlanda quen estea en posesión das seguintes titulacións:

Licenciatura en tradución e interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 27 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.

Grao en tradución e interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 30 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.

Contía da bolsa:

1.123,96 €, para aqueles lectorados localizados en universidades españolas.

1.277,12 €, para aqueles lectorados localizados en universidades estranxeiras

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 14 de xuño de 2012.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED110A

Máis información no DOG do 14 de maio de 2012 e en www.edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Formación práctica en centros de traballo.

A Consellería de Cultura e Educación convoca axudas económicas para a realización da formación práctica en centros de traballo (FCT), nas seguintes modalidades:

1. Modalidade A. Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, ensinanzas deportivas e programas de cualificación profesional inicial e que realice a FCT dentro do territorio español.

2. Modalidade B. Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio ou superior de formación profesional inicial ou nun ciclo formativo de artes plásticas e deseño e que realice a FCT en países da Unión Europea.

Requisitos:

alumnado matriculado en centros públicos desta comunidade autónoma e, no caso dos centros privados, o alumnado matriculado en ensinanzas concertadas coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que estea cursando o derradeiro curso dun: ciclo formativo de grao medio ou superior de formación profesional, ciclo formativo de grao medio ou superior de artes plásticas e deseño, módulo profesional experimental de nivel II, nivel de ensinanzas deportivas ou un programa de cualificación profesional inicial.

O alumnado que conorra a esta convocatoria de axudas deberá rematar o período de formación práctica en centros de traballo antes do 31 de decembro de 2012.

Convócanse dous períodos de presentación de solicitudes:

Primeiro prazo: 14 de xuño de 2012 para o alumnado que realizase a FCT nos períodos de outubro 2011-marzo 2012 e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2012.

O segundo prazo será o comprendido entre o 14 de outubro e o 14 de novembro de 2012 para o alumnado de ciclos formativos que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-dicembro de 2012 e o alumnado matriculado nun programa de cualificación profesional inicial que realice a FCT no período extraordinario de setembro de 2012.

Máis información no DOG do 14 de maio de 2012 e en www.edu.xunta.es/fct

